

Vilalba anuncia achegas a familias e As Pontes pon en marcha o plan Vive

A crise sanitaria que asolou dende marzo derivou nunha crise económica que os concellos queren axudar a paliar. Moitos deles puxeron en marcha distintas liñas de axudas como o Concello de Vilalba que vén de anunciar a posta en marcha do primeiro bloque de axudas, dirixidas ás familias para a conciliación laboral. Mentres, nas Pontes activouse o Plan Vive, unha ferramenta para ofrecer axuda aos colectivos económicos máis desfavorecidos con o obxecto de facilitarlles a resolución de dúbidas e achegarlles asesoramento, consultoría e información sobre diversos temas. **Pax. 2 e 8**

Volta ao cole con polémica

Os colexios preparan o comezo do curso con plans para crear aulas burbulla e evitar a interacción dos rapaces sempre baixo estritas medidas de seguridade

Os concellos traballan estes días a pleno rendemento para preparar os centros escolares cos novos protocolos contra a covid-19. Aumento de limpeza nos centros, instalacións de mamparas e redistribución de pupitres son algunhas das medidas máis habituais que se están poñendo en marcha. Tamén abren piscinas e garderías baixo os máis estritos controis de seguridade mentres as residencias de maiores pechan a cal e canto ante o medo de que o virus chegue aos máis maiores e cause os estragos que están tendo lugar en Outeiro de Re e no Incio. Os casos na provincia empezan a estabilizarse tras un mes de crecemento.



vilalba. O Concello aproba un plan para investir os remanentes. **Pax. 3**

as pontes. Obras no ximnasio, a praza da Magdalena e Espiñaredo. **Pax. 8**

pol. Mosteiro prepara para novembro a súa área de lecer e deportiva. **Pax. 10**

friol. O Concello adjudica varias obras por 300.000 euros. **Pax. 11**

cospeito. Veciños plantan árbores nunha vía para pedir o seu amaño. **Pax. 14**

muras. A Deputación instala paneis explicativos na Serra do Xistral. **Pax. 31**


a pastoriza. O Concello restaura o Cristo da Caveira. **Pax. 32**

Un Encontro de Torneiros on line



A cita de Xermade muda de formato. **Pax. 13**

Ponte de Outeiro prepara as festas



Este ano serán virtuais e moi variadas. **Pax. 14**

Especial polígono Sete Pontes



Un percorrido polas empresas máis destacadas. **Pax. 19-30**

Convocadas as axudas para o deporte e a cultura

Os clubs e entidades deportivas da provincia poden solicitar xa as axudas pola área de Deportes, cun importe total de 500 mil euros e tamén se aprobaron as axudas de para o desenvolvemento de

actividades culturais durante o ano 2020. Esta liña de subvencións conta cun orzamento de 130.000 euros e poden solicitálas as entidades e asociacións da provincia. **Pax. 39**

Durante o mes de setembro os teus audífonos con
4 ANOS DE GARANTÍA
por avería, perda ou roubo

Segunda unidade
50% DESCONTO



NOVALUX

óptica & centro auditivo

VILALBA
C/Plácido Peña 9

604 03 20 92

Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

novaluxoptica.com

AS PONTES
Av. de Galicia 91

604 02 21 80

Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170



NOVAS

vilalba

Xerardo Quintiá gaña o Certame Literario

O xurado da XLVI edición do Premio de Poesía do Certame Literario de Vilalba acordou conceder esta distinción ao friolés Xerardo Quintiá Pérez coa *Obra inacabada* de Dossinda Christensen, que se presentou co lema *Árbore* ou *ceo*.

A obra foi escollida entre un total de 86, malia que se presentaron 93 e sete foron eliminados por non cumprir as bases, sendo o concurso no que se presentou un maior número de traballos.

A decisión do xurado foi unánime. Este estivo composto polo académico da lingua Darío Villanueva

Prieto, o catedrático Ramón Villares, o xornalista Xulio Xiz e o director de Radio Principal, Fidel Fernán. Xerardo Quintiá naceu en Friol, no ano 1970. Poeta, narrador e autor de literatura xuvenil e infantil. En 1984 trasladouse a Lugo para realizar estudos de Bacharelato, cidade na que reside desde entón. Está casado, ten un fillo e traballa como axente comercial. Publicou os seus primeiros traballos na prensa escrita e colaborou en revistas como *Dorna* ou *Xistral*. Ten numerosas publicacións e recibiu varios premios.

O Concello dará axudas de ata 900 euros ás familias

O Concello de Vilalba dará axudas de ata 900 euros ás familias do municipio que precisen contratar servizos específicos para a conciliación da vida laboral e persoal por carecer de apoios no seu entorno.

As axudas dan resposta ao obxectivo das áreas de Educación, Igualdade e Políticas Sociais do Concello de Vilalba de artellar políticas apropiadas para dar cobertura ás necesidades das familias con menores a seu cargo (de 3 a 12 anos, ou ata 16 cando os menores teñan recoñecida una discapacidade igual ou superior ao

33%). O grupo de Goberno enviará ás formacións con representación no Pleno as bases da convocatoria para posibles aportacións.

As axudas poderán destinarse á contratación de persoas ou servizos (coidador, ludoteca, servizo de autobús) para atender aos seus fillos e fillas menores fóra do horario escolar mentres os seus proxenitores se atopan traballando.

As familias que opten pola contratación dun coidador, xa sexa directamente ou a través dunha empresa de servizos, poderán pedir unha úni-

ca axuda aínda que a persoa coide a varios menores. Se a familia opta por contratar centros de ocio ou utiliza a axuda para transporte escolar, poderá solicitar unha por cada menor beneficiario.

Estas axudas serán compatibles con outras públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre que sumada ao importe deste axuda non se supere o 100% do gasto realizado. O Concello é consciente "da dificultade de moitas familias para conciliar a súa vida familiar e laboral, sobre todo na crise sanitaria actual".

Continúan coas adxudicacións e remate de varias obras

O Concello adxudicou o proxecto para a reforma e humanización integral das rúas Calvario e dos Pepes. A zona terá ademais amplios espazos de preferencia peonil. O prezo final da adxudicación das obras é de 239.000 euros, 60.000 menos no previsto inicialmente.

Os traballos inclúen a renovación da rede de abastecemento de auga das rúas Calvario e dos Pepes, cambiando as canalizacións, as acometidas das vivendas e as bocas de rego e incendios. A zona terá por outra parte unha nova rede de augas pluviais.

Renovarase tamén a rede de alumeadado e na rúa dos Pepes o Concello aposta por luminarias ornamentais cun elevado valor estético. No lugar onde está o cruceiro, os veciños e veciñas disfrutaran dunha nova praza e toda a contorna contará con bancos

de descanso, papeleiras, sinalización e alcorques. A actuación inclúe un novo pavimento para as rúas, que no caso dos Pepes será de adoquín. Por outra banda, o Concello adxudicou a empresa Calfensa a ampliación do parque infantil da Praza da Constitución por preto de 30.000 euros.

RURAL. Tamén destinou 57.102, 34 euros ao acondicionamento dunha das vías locais que une as parroquias de Corvelle e Samarugo.

A mellora será na desemboca na LUP-6505 e noutros dous viais en Corvelle. Estas actuacións teñen o prazo dun mes para a súa execución.

Dese orzamento, 36.716 euros serán para a limpeza das marxes da calzada e a aplicación de tratamentos biotuminosos e pavimentación.



Rúa dos Pepes e a nova farola, a dereita



Outros 2.617 euros destinaranse ás melloras das drenaxes en dúas pistas, unha á altura de O Repoleiro e outra en Os Lameiros, na que se prevé unha escarificación da superficie afectada, a colocación de tubos de drenaxe e unha nova pavimentación e limpeza de marxes.

Tamén comunicaron que está certifi-

cada a obra do alumeadado de Buxibán na parroquia de Codesido e proximamente comezarán os traballos nas luminarias de Coturiña na Insua.

FAROLA. A emblemática farola da praza Coronel Pena volve lucir no medio da mesma trala súa reparación tras uns corenta anos sen a

presencia desta luminaria que lle dera o nome á praza.

A nova farola conserva a estética da anterior, con cinco brazos e unha coidada estrutura, aínda que neste caso conta con sistema de luz LED.

ESCOLA INFANTIL. Tamén se realizaron importantes melloras na Escola Infantil Municipal. A principal intervención foi substituír a cuberta do edificio, orzamentado en 9.938 euros. Ademais, realizáronse outras melloras como a habilitación dunha pequena zona exterior e a transformación do antigo carto do depósito da caldeira de gasoil nun almacén. Tamén se levaron acabo tarefas de pintado de paredes e a limpeza e desinfección integral da escola, todo por valor de 1.996 euros.



PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS









AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO





COMPRA
ONLINE

www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

O Pleno aproba un plan para investir os remanentes

O Goberno de Vilalba conseguiu aprobar en Pleno extraordinario o proxecto de investimento de máis dun millón de euros do remanente de tesourería municipal do ano 2019.

Unha das partidas vai destinada a axudar aos autónomos, pemes e familias máis afectadas pola pandemia; pero haberá unha partida para medidas sociais e outra para investimentos no rural e nas parroquias. No apartado de investimentos en infraestruturas, cunha partida conxunta de 377.800 euros, o grupo de Goberno propón unha obra na Frouxería (103.000 euros); 68.000 euros para un aparcadoiro subterráneo; 48.000 euros para o saneamento de Campomaor-Samarugo; 13.000 euros para melloras en pis-

PROPOSTA INVESTIMENTOS REMANENTE MUNICIPAL	
APOIO A FAMILIAS E SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA COVID-19	500.000 EUROS
REDE MUNICIPAL SANEAMENTO EN CAMPOMAOR	48.000 EUROS
ADECUACIÓN DE APARCADOIRO PÚBLICO A APARCADOIRO REGULADO	67.486,14 EUROS
ADQUISICIÓN DE NOVA MAQUINARIA MUNICIPAL	147.000 EUROS
MELLORA DE ACCESOS AO BARRIO DA FROUXERÍA DENCE A LU-120	130.000 EUROS
OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTENIMENTO EN DIVERSAS VÍAS MUNICIPAIS	55.336,42 EUROS
REXENERACIÓN E SIGNALIZACIÓN EN VÍAS MUNICIPAIS DE CODESIDO E ÁRBO	89.775,21 EUROS
PAVIMENTACIÓN DO VIAL 065.005 ENTRE LU-120 E O LIMITE DO CONCELLO	13.800 EUROS
TRANSFERENCIA AO CENTRO OCUPACIONAL DE VILALBA	26.000 EUROS

tas de O Casal-Santaballa; 11.000 euros para a pista de Trufas-Santaballa; 27.000 euros para obras en pistas de Vilasuso-Santaballa; 4.000 euros para traballos nunha pista de Ribeira-Santaballa; 90.000 para a rexeneración de vías municipais de Árbol e Codesido; e 13.800 euros

para a pavimentación do vial 065-005, entre LU-120 e o Concello.

Por outra parte, o concello quere destinar 30.000 euros a unha subvención para o centro que traballa con persoas discapacitadas para a adquisición dunha furgoneta con adaptador e outros 147.000 euros.

Poñen dispensadores de bolsas para deposicións caninas

O Concello vén de instalar 13 puntos dispensadores de bolsas para a recollida de deposicións caninas en diversos puntos da vila, con carteis indicativos da normativa municipal, instando aos veciños e veciñas a utilizalos con responsabilidade e facendo fincapé en manter limpos os espazos do conxunto da veciñanza. Por outra banda, o Concello instalou tamén novos puntos para a reciclaxe de papel e de vidro, cun total de 12 colectores que chegaron mediante unha subvención (custo cero para as arcas municipais), e adquiriu trinta novos colectores de fracción 'resto' para a renovación dos que se atopaban deteriorados no rural.



CONVENIO. A pasada semana, representantes de Cruz Vermella de Vilalba firmaron un convenio de colaboración co centro formativo Grupo Forma-T, situado no polígono das Pontes de Vilalba. O obxectivo deste acordo é que os alumnos que preparan o certificado de profesionalidade de técnico en transporte sanitario podan facer as súas prácticas con este colectivo, especializado en servizos diarios en transporte adaptado e tamén emerxencias.

Pediron máis de 60 licenzas de obra con dereito a bonificación

Desde que o pasado mes de xullo o Concello aprobara a supresión de taxas e tributos sobre construcións, instalacións, obras e licenzas de primeira ocupación, xa se recibiron máis de 60 solicitudes para realizar algún tipo de intervención.

En concreto, foron 60 obras menores as solicitadas, o que supuxo un aforro medio por veciño de 250 euros en tributos. Isto supuxo ata o momento máis de 12.000 euros de aforro polas licenzas de obra e uns

3.000 pola taxa de 50 euros.

En obras maiores, foron 4 as solicitudes recibidas polo consistorio, que tan só aboaron un 1%, en vez do 2% que estaba establecido antes da modificación desta ordenanza municipal. Isto se traduce nun aforro duns 3.000 euros polas licenzas e uns 150 euros en taxas.

Desde o Concello xa anunciaron que a medida seguirá en vigor o que resta de 2020 e durante todo o ano 2021.

O Espazo Xove reabre tras rematar as obras dos baños

O Espazo Xove de Vilalba reabriu a pasada semana tras ter pechada para a realización de diferentes obras.

Entre as actuacións que levaron a cabo nas instalacións, situadas no segundo andar do edificio da rúa Novo Cazón, inclúese a reparación total dos baños cun investimento duns

5.000 euros. Estes traballos contemplaban o cambio do pavimento e todas as pezas, de aseo.

Ao mesmo tempo estívose a realizar unha reparación das baixantes do inmovible e unha canalización da rede de saneamento, un traballo ao que se destinaron preto de outros 2.000 euros.

Tres alumnas da Escola de Movemento estarán no mundial

Tres nenas da Escola de Movemento de Vilalba representarán a España no Mundial de Danza, Edición Especial #En casa (o en tu lugar favorito), que terá lugar do 23 ao 27 de setembro dende EEUU.

Este mes volverán conectarse para compartir en rede con máis de 50 países que estarán bailando dende as súas casas (ou o seu lugar favorito) diante dun xurado internacional que medirá o seu

traballo durante este tempo.

Nuns días recibirán as medallas que acreditan o seu pase ao Mundial e polo de agora contan cun título de representantes de España. Cada unha delas participou nunha modalidade e categoría distintas acadando os seguintes resultados. Olivia Luque foi prata en Mini Jazz Dance; Irene Sande, bronce en Children Commercial Dance e Mariña Esmoris, tamén bronce en Children Jazz Dance

Entre ti e mais eu hai conexión

Amarás a túa fibra! É a que recomenda Jesús Calleja



Chama xa GRATIS ao
900 651 679



FIBRA
1.000 Mb

MÓBIL
20 Gb

Leva a fibra gratis
no teu paquete móbil,
ATA FIN DE ANO!

Desde 44€/mes

8€
/mes

adamo
Fibra · Móbil · Fijo



QUERES GAÑAR UN PORTÁTIL LENOVO?
Participa xa! Só tes que rexistrarte en:
www.adamo.es/lenovo



Oferta válida para novos clientes que contraten entre o 25/08/2020 e o 30/09/2020, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil limitado 20Gb PVP total 44€/mes, coa promoción, durante os primeiros 4 meses, só pagarás 8€/mes. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Aínda e instalación gratuítas.

Denuncian danos dos escaladores á Pena Grande

O Abrigo de Pena Grande, situado na parroquia vilalbesa de Santaballa é un dos xacementos paleolíticos máis importantes de Galicia. Malia esta distinción está sendo utilizado como zona de escalada, tal e como denunciou o colectivo Mariña Patrimonio xunto ao Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Mupav). Consideran que esta actividade pode provocar alteracións no xacemento e nos perfís arqueolóxicos. Así mesmo, o magnesio utilizado podería estar alterando a composición química do nivel arqueolóxico.

Os colectivos denunciante veñen de poñer en coñecemento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural estes feitos.

EN BREVE

BIKE PARK. Tras dez meses de obras e peche obrigado pola pandemia, volveu abrir as súas portas o circuito Bike Park de Outeiro, ubicado na parroquia vilalbesa de Santaballa. Neste tempo en obras e de parón aproveitaron para reformar as instalacións de salto e de madeira, principalmente xa que estaban deterioradas. Tamén se fixo un intenso traballo de desbroce e poda e se colocou unha zona de iniciación.

MARTIÑO MASEDA. Martiño Maseda foi o gañador do I Concurso de Poesía Rural de San Xoán de Río do Concello de Trives en Ourense. O Concello fixo entrega do galardón ao poeta nado en Vilalba e autor de obras como *Nos labirintos da alma* e administrador de Culturalia GZ.

TANXUGUEIRAS. A organización do concerto de Tanxugueiras previsto para o 13 de marzo e que tivo que ser adiado con motivo do coronavirus acordou devolver as entradas. O motivo é que se reducirá o aforo do auditorio a causa dos protocolos para manter as distancias de seguridade polo que o plano das butacas cambiará, non sendo posible manter a numeración anterior. O concerto será no último trimestre deste ano.

O PP urxe o pago das obras dos puntos de recollida de plásticos

Os populares urxen ao Goberno local socialista a abonar a seis parroquias os 5.739,29 euros pola construción de recintos para a recollida de plásticos agrícolas tal e como recollía o convenio de colaboración entre as asociacións de veciños e o Concello asinado polo anterior goberno do PP. O voceiro do Grupo Municipal Popular, Agustín Baamonde, sinala que “o equipo de Goberno respondeu á nosa pregunta sobre o pago desta débeda explicando que está pendente de que a alcaldesa asine o decreto para ordenar o seu pagamento. Non habendo outro motivo para tardar en pagar, apremiamos á alcaldesa á que o faga efectivo canto antes”.

Os convenios de colaboración entre a administración local e as asociacións de veciños de cara á instalacións de puntos de recollida de plásticos agrícolas recollían o compromiso das asociacións de contratar e executar as obras con data límite do 31 de decembro de 2019; mentres que o Concello se comprometía a financiar os gastos. Foron un total de seis as parroquias que, finalmente, executaron as obras do total das nove que asinaron o convenio.



Punto de recollida

SUBVENCIÓN. Os populares denuncian a perda dunha nova subvención por parte do equipo de “desgobierno socialista” que supón que o Concello quede sen orientador laboral por non ter presentada a solicitude ante a Xunta. Parece que ao goberno local non lle interesa o emprego como tampouco lle interesa a dinamización da economía local”, critican. “Despois de non contratar a persoas desempregadas perceptores da Riga para o que a Xunta presta o seu apoio, o goberno local do PSOE demostra agora, unha vez máis, a súa total falta de xestión ao perder unha achega da Xunta de 25.000 euros para apoiar o funcionamento deste servizo”, din.

O BNG pide no Parlamento financiamento para o Mupav

O BNG presentará no Parlamento unha iniciativa para solicitar á Xunta “financiamento suficiente e estable” para o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía que non recibe ningún recurso da administración autonómica desde 2011.

A parlamentaria nacionalista Olalla Rodil e a responsable local do BNG vilalbés Pilar Prieto, acompañadas por militantes da formación, visitaron o centro, con estragos visibles pola rotura dunha tubería. Rodil recolleu as demandas do director do centro, Eduardo Ramil, quen, mais aló da intervención urxente para atallar as humidades, explicou a precaria situación na

que se atopa o museo pola falta de financiamento.

A diminución do orzamento municipal e a suspensión dos convenios por parte do Goberno galego dificultan a actividade do día a día no centro e as tarefas de investigación dos fondos, indispensable para actualizar o coñecemento sobre os primeiros asentamentos humanos no noso territorio.

Rodil pediu a Xunta e ao Concello “que actúen de forma conxunta” e “proporcionen os recursos económicos e materiais necesarios para garantir o futuro do museo e dos traballos de investigación que desenvolve a partir dos seus fondos”.

Vilalba Aberta esixirá analíticas do estado da auga da traída

Vilalba Aberta fai súas as demandas das familias de vila e parroquias, en base á preocupación polo comezo do curso escolar 2020/2021. Un marco de reivindicacións, así mesmo, compartido polo conxunto da comunidade educativa vilalbesa, na liña do denunciado polas diferentes asociacións de Nais e Pais. Censuran a “total falta de planificación” por parte das administracións local e autonómica, logo de varios meses cos colexios pechados e a inminente volta ás aulas “en pouco máis de 10 días”, o que, ao xuízo da formación, significa que “calquera medida que se poida poñer en mar-

cha chega manifestamente tarde”. Por outra banda, o grupo levará ao vindeiro Pleno a problemática relativa ao “deplorable estado” co que a auga da traída volve chegar a determinadas rúas.

Un asunto, que cualifican de estrutural, pois non é esta a primeira vez que na avenida Terra Chá, na rúa do Muíño ou en Plácido Peña, entre outras, a veciñanza se ve na obriga de acudir ao supermercado, en tanto que a auga sae “completamente turbia”.

Así mesmo, urxen ao Goberno local a presentación dos orzamentos xerais.



Firma do convenio entre a Deputación e o lescha

Protección Civil e o lescha celebran senllos aniversarios

O servizo de Protección Civil de Vilalba acordou na última reunión suspender os actos previstos de celebración dos 25 anos de servizo deste grupo no Concello de Vilalba.

Segundo explica, son varias as causas que motivaron esta decisión que adoptou a xunta directiva na súa xuntanza, “sendo as de máis peso, o déficit económico das contas da agrupación e a pandemia actual da covid-19 que impide a xornada que estaba planificada para celebrar os 25 anos de traballo”.

Afirman en Protección Civil que den-

de o ano pasado teñen pendente o ingreso de 21.000 euros.

IESCHA. A vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, e a presidenta do Instituto de Estudos Chairegos (lescha), Marisa Barreiro, asinaron un convenio de colaboración polo que a área de Cultura achega 6.000 euros á entidade, o mesmo ano que a entidade celebra os seus 20 anos “divulgando a cultura e as tradicións da Terra Chá, e por extensión a cultura galega”. O grupo conta con 400 socios e o respaldo das institucións.

O Concello reforza o equipo da Policía Local con catro auxiliares

O Concello reforza a plantilla da Policía Local con catro novos auxiliares, consciente das necesidades existentes pala tempada de verán e o actual contexto da crise de coronavirus.

Con estas catro novas incorporacións, que estarán nun principio durante catro meses, a Policía Local contou con 15 efectivos en agosto, unhas semanas de moito movemento polas vacacións e pola necesidade de cumprir todos os protocolos e re-

comendacións sanitarias.

O Concello ten un convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, que forma aos novos e novas axentes de Policía Local antes de incorporarse aos concellos que os demandan. Ademais das súas funcións habituais, a Policía Local ten agora tamén a tarefa de informar e controlar o cumprimento das medidas de prevención para evitar gromos de coronavirus.

“Temos agora un servizo de envío a domicilio co menú do día”

Pepe Villaverde é o xerente da A Taberna, situado na praza Suso Gayoso

Na praza Suso Gayoso de Vilalba atópase A Taberna, un emblemático local de hostalería que está a piques de cumprir a década de actividade. O segredo sen dúbida é coñecer as necesidades dos seus clientes e adaptarse ás súas necesidades como é a ampliación do seus servizos co envío a domicilio. Pepe explícanos como é a xestión da Taberna.

Como comezou A Taberna?

O meu primeiro contacto coa hostalería comezou en Santiago no ano 1964 logo estiven catro en Palma de Mallorca e despois fun para Inglaterra. Xa en España comecei como autónomo nas Pontes en 1984, e despois, hai 22 anos, decidín vir a Vilalba. E teño que agradecer aos veciños a boa acollida que tivemos. Comecei co American's, no que contamos con forno de pizzería, e logo ampliamos coa Taberna, que o enfocamos cara as racións e un público máis novo e traballadores. Xa fai 9 anos que inau-

guramos este local.

Como son as instalacións?

Contamos con planta baixa, que é a principal e que está máis destinada a barra e logo temos a segunda planta máis ampla para reunións, comidas máis privadas, algún tipo de evento de 50 ou 60 persoas. E ademais temos un espazo reservado no que caben unhas 12 persoas.

Como é a súa clientela?

Nos funcionamos moito coa xuventude e as fins de semana nos que ofrecemos ceas con prezo pechado desde 12 euros ou racións. Tamén contamos con menú do día a 10 euros, o cal ten moita aceptación e é de luns a venres. Para todo isto temos unha ampla variedade de produtos de primeira calidade e de cercanías e dentro do menú do día sempre contamos con primeiro e segundo prato, sobremesa e bebida e soe haber ensaladas, sopas, caldos, carnes ou pescados, todo moi variado.

E o seu horario?

O noso horario de traballo está máis orientado cara a cociña por iso estamos de 13 a 16 horas e de 19 a 00.00 horas, independentemente do día da semana salvo o martes que pechamos por descanso.

Creo que agora están a traballar cun novo servizo, o envío a domicilio. Como está funcionando?

Si, recentemente puxemos en marcha o servizo de envío a domicilio e ten boa acollida xa que inclúe o menú do día o cal xa estamos servindo. Hai moita xente maior que o está pedindo pois teñen un pouco de medo polo tema do coronavirus e tamén como repartimos no propio núcleo urbano de Vilalba e ademais no polígono industrial algúns traballadores ou algunhas empresas estano demandando para así non saír na hora de traballo. Tamén queremos preparar unha nova carta para este servizo a domicilio.



José Villaverde Suárez, no interior do seu local en Vilalba

Teñen algún proxecto de futuro?

Queríamos cambiar un pouco a carta, pero sempre orientaba a xente nova e familias. Os mozos antes pedían bocadillos ou hamburguesas pero agora demandan máis racións como de tortilla, raxo, etc. A cea de picoteo por dicilo así.

Conta con medidas de seguridade?

Contamos con xel hidroalcohólico na entrada do local e as mesas están moi separadas unhas das outras. Respetamos moito as normas de seguridade e pro-

curamos telo todo hixienizado para acoller aos nosos clientes.

E axudas da covid?

De cara ao futuro na hostalería o que necesitamos é unión no sector, pero non so en Vilalba senón en todos os sitios. É un ben para todos hai que estar unidos en acordos e porque xuntos somos máis fortes. Eu estamos dentro da Asociación de Empresarios para poder facer unha piña e contar as ideas e experiencias que poden ser moi boas para todos. E máis agora que os tempos cambian e van cambiar moito máis.

GALICAL
CALCIUM CARBONATE

LÍDER EN EL SECTOR
 Gama completa en cales, carbonatos y dolomías para uso agrícola

C/ Gallastegui Unamuno. Vial C - N.º 7
 Polígono Industrial As Gándaras 27003 Lugo

Tel.: 982 22 14 84
 info@galical.es - www.galical.es

ENCALADO AGRÍCOLA SOBRE EL TERRENO CON GPS

MEZCLAS PARA CAMAS DE GANADO VACUNO

ENVASADO DE CALES Y DOLOMIAS ALIMENTACIÓN ANIMAL

Melloran a accesibilidade na Casa do Concello



Fachada do Concello de Meira

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Meira, Antonio de Dios, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 69.000 euros para acometer obras de mellora da accesibilidade na casa consistorial do municipio, o que supón o 95% do total do orzamento necesario para executar o proxecto, que ascende a 73.000 euros.

José Tomé subliña que a Deputación “cumpre co compromiso adquirido cos veciños e veciñas de Meira” con

esta colaboración económica, que se enmarca na función esencial da institución provincial de cooperar cos concellos da provincia para mellorar os servizos que ofrecen á cidadanía, e polo tanto a súa calidade de vida. As obras consistirán na instalación dun ascensor no vestíbulo da casa consistorial e na eliminación dos chanzos exteriores, transformándose en ramplas adaptadas co 10% de pendente. Ademais, reformarase a carpintería de aceiro inoxidable da entrada para permitir a colocación dunha porta automática.

Licitan a primeira fase das obras da traída de auga entre A Corota e A Louseira

O Concello de Meira vén de informar que destinará 77.315,02 euros á realización da primeira fase da rede de abastecemento de auga nos lugares da Corota e A Louseira.

O orzamento da licitación, con cargo ao plan único da Deputación de Lugo, inclúe 13.418,31 euros en concepto de IVE e teñen un prazo de execución de tres meses.

As actuacións consistirán na captación e búsqueda do manantial e a condución do mesmo, así como,

a construción dun depósito cun equipo de dosificación de lixivia para a desinfección das augas para o consumo humano e a creación da rede de distribución e as acometidas.

As empresas interesadas en facer estes traballos poden presentar as súas ofertas antes do día 21 de setembro no rexistro xeral do Concello en horario de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas. O proxecto e as cláusulas poden consultarse na páxina web do Concello meirego.

“Xa temos pensadas máis cousas para outono e Nadal”

Diego Méndez, presidente da nova Asociación de Empresarios de Meira

Durante o confinamento xestouse e agora xa é oficial a refundación da Asociación de Empresarios. Diego Méndez Costa é o seu presidente.

Como xurdiu a idea de creala?

A idea xa levaba dende finais de 2018 sobrevoando a miña cabeza e a de varios amigos. Sen embargo por compromisos sempre se foi dilatando a decisión de refundar a antiga Asociación de Empresarios. A raíz da crise da covid-19 vimos a necesidade urxente de crear un organismo que defenda os intereses dos empresarios e autónomos. Así fixemos unha reunión con este resultado, o rexurdir da asociación.

Cantos socios son xa?

A verdade é que dende a posta de largo a acollida non puido ser mellor. Cada semana seguimos incrementando o número de asociados. Na actualidade imos nuns 120 o que me parece un gran éxito tendo en conta de que aínda non levamos un mes de actividade e que non podemos facer grandes esforzos na



Asemblea do comerciantes

captación personal pola situación.

Cales son os proxectos inmediatos?

Dado que este ano Meira non podía celebrar as súas festas patronais decidimos sacar adiante unha actividade para intentar paliar a baixada do movemento comercial. Nós quixemos animar o consumo sorteando bonos canxeables entre os clientes da vila e tivo moi boa acollida, o que nos anima a continuar nesta liña de apoio ao pequeno comercio local. De feito, a seguinte actividade tamén vai ir encamiñada ao fomento das compras locais.

Para máis adiante temos pensadas máis cousas, para o outono e Nadal. Fóra do pequeno comercio iremos dando solucións aos socios, tanto profesionais independentes como para un sector tan castigado coma a hostelería. Non queremos esquecer de ninguén e estamos abertos a suxestións.

O seu obxectivo final?

Facer actividades que beneficien aos nosos asociados pero temos que chegar a ser unha entidade que de soporte, asesoramento e mediación aos asociados.

O turismo recupérase en agosto chegando aos 1.415 visitantes

O Concello de Meira rexistrou uns bos datos de visitas na Oficina de Turismo durante este mes de agosto. A oficina estivo pechada deste outubro do 2019 ata febreiro por baixa da responsable de turismo, Yoani Jartín, e despois volveu pechar dende o 13 de marzo ao 20 de maio por confinamento por mor do coronavirus, despois volveu abrir as súas portas o 21 de maio ata o 15 de xuño pero en modo desescalada.

Durante febreiro as visitas ascenderon a 169, é dicir, 171 persoas máis que no 2019, pero xa en marzo as cifras caeron en picado de 451 persoas en 2019 a 88 neste ano.

En maio, 8 persoas pasaron polo Concello de Meira, aínda que con contagotas, pero foron subindo pouco a pouco e xa en xuño recuperouse a boa cifra de 144 visitas, aínda que nada que ver coas 603 do ano pasado.

A cifra de visitantes subiu a 390, lonxe quedaban os 639 de 2019, sin embargo en agosto recuperouse unha boa cantidade de turistas no Concello chegando aos 1415, un cifra moi boa comparada cos meses anteriores.

Estes días retómase o horario habitual da oficina, deixando atrás o horario de verán e xa dende o luns 7 ata o luns 21 de setembro a oficina estará pechada por vacacións.



SERVICIO ATENDIDO

De luns a sábados: 7:30 a 22:30 h. Domingos de 7:30 a 15:00 h.

AUTOSERVICIO (noites e domingos tarde).

R/ Cidade de Viveiro, 70 - 27800 Vilalba - T.: 982 191 259 / estaciontex@yahoo.com



INVESTIMENTOS Concello de Vilalba do REMANENTE MUNICIPAL



Concello
de Vilalba

O investimento
conxunto será de
1.077,397,79
euros



**Investindo para mellorar
a vida dos veciños e veciñas.**

APOIO A FAMILIAS E SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA COVID-19	500.000 €
REDE MUNICIPAL SANEAMENTO EN CAMPOMAIOR	48.000 €
ADECUACIÓN DE APARCADOIRO PÚBLICO A APARCADOIRO REGULADO	67.486,14 €
ADQUISICIÓN DE NOVA MAQUINARIA MUNICIPAL	147.000 €
MELLORA DE ACCESOS AO BARRIO DA FROUXEIRA DENDE A LU-120	130.000 €
OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN DIVERSAS VÍAS MUNICIPAIS (pistas Santaballa)	55.336,42 €
REXENERACIÓN E SINALIZACIÓN EN VÍAS MUNICIPAIS DE CODESIDO E ÁRBOL	89.775,21 €
PAVIMENTACIÓN DO VIAL 065_005 ENTRE LU-120 E O LÍMITE DO CONCELLO	13.800 €
TRANSFERENCIA AO CENTRO OCUPACIONAL DE VILALBA	26.000 €

Acometen obras no ximnasio, a plaza da Magdalena e Espiñaredo

O Concello das Pontes comezou as obras de mellora do ximnasio no Ceip A Magdalena, un proxecto que forma parte do plan emprendido pola administración local para mellorar os edificios e equipamentos deportivos do municipio.

Estes traballos, cun orzamento de 47.715 euros, cofinanciados polo Concello das Pontes e vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza están dirixidos a rehabilitar a cuberta desta instalación para mellorar as condicións de illamento térmico, eliminando todo o material de revestimento de fibra de cemento.

Tamén se procederá á substitución do actual teito do ximnasio, suspendido na zona da pista polideportiva, para instalar un panel sándwich con illamento interior. Así mesmo, procederase á rehabilitación da fachada do ximnasio, eliminando as actuais placas de poliéster para mellorar a iluminación natural do mesmo coa instalación de lousas de policarbonato compacto con protección UV.

Por outra banda, tamén se actuará na parte cega desta fachada elimi-

nando o revestimento actual para aplicar un novo baseado nunha impermeabilización acrílica reforzada en fibra de vidro.

PRAZA DA MAGDALENA. O Concello das Pontes reabriu a praza da Magdalena tras a finalización das obras de reurbanización deste espazo público e a súa contorna.

Os traballos, realizados con fondos propios do Concello, cun orzamento de 234.724,56 euros, tiveron como obxectivo prioritario recuperar o espírito orixinal da praza, mediante a creación de zonas verdes, unha área de xogo infantil e a renovación dos servizos públicos.

A nova praza do Poboado da Magdalena é un espazo completamente inclusivo no que se eliminaron as barreiras arquitectónicas existentes para impulsar un espazo accesible para as persoas con diversidade funcional e problemas de mobilidade, incluíndo a instalación de mobiliario urbano de distintas lonxitudes, deseñados de acordo cos criterios de accesibilidade.

O proxecto tamén incluíu a mellora

do alumbeado público con farois de 5 metros de altura e lámpadas LED que permitirán o aforro de custos co máximo rendemento lumínico. Así mesmo, nas zonas verdes executouse unha rede de rega independente da rede de auga potable e unha estación meteorolóxica controlará a totalidade dos circuitos para fomentar a maior sustentabilidade no consumo hídrico. Por outra banda, tamén se executou unha rede de electricidade conectada á rede existente, para prestar subministración tanto á rede de rega como á fonte.

ESPIÑAREDO. O Concello iniciou as obras de mellora do sistema de saneamento en Espiñaredo, unha actuación que permitirá ademais evitar os verquidos superficiais. Os traballos, cun orzamento de 42.500 euros de fondos municipais, permitirán executar a prolongación do actual colector mediante unha perforación horizontal dirixida, cruzando o vial AC-110, ata unha fosa séptica con tratamento de augas residuais. A fosa contará con dous compartimentos nos que se producirá a de-



Arriba, o Ceip A Magdalena e, abaixo, a praza do mesmo nome

cantación de sólidos e a separación de escumas e graxas, e o tratamento bactericida encargado de metabolizar a materia orgánica.

Estas obras forman parte do plan de traballo deseñado polo Goberno lo-

cal para as parroquias do rural pontés, destinado a mellorar a rede de estradas e camiños, continuar coa incorporación de novos saneamentos e ampliar os equipamentos xa existentes.

Restrinxen os produtos que poden poñerse á venda nas feiras quincenais

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, vén de publicar un bando no que informa das novas medidas que rexerán as feiras quincenais que se celebran o 1 e 15 de cada mes.

O propósito principal é limitar os produtos que se poderán poñer á venda e que se circunscriben á venda de produtos alimentarios así como froitas e verduras; produtos de xardinería, ferramenta e útiles para os labores do campo. Polo tanto, queda excluída a instalación daqueles postos que comercializan produtos distintos.

A suspensión da actividade dos restantes postos ten carácter provisional e quedará sen efecto cando, logo da avaliación das circunstancias concorrentes, a situación epidemiolóxica o permita.

Arrinca o Plan Vive para axudar ás pemes e autónomos

O Concello das Pontes activou o Plan Vive, unha ferramenta para ofrecer axuda ás pemes e autónomos con obxecto de facilitarlles a resolución de dúbidas e achegarlles asesoramento, consultoría e información sobre diversos temas, fundamentalmente relacionados coas necesidades de investimento e financiamento e coa reestruturación dos recursos humanos.

Trátase dun servizo posto en marcha polo Consistorio, dentro do alcance de Invest in Cities, a maior iniciativa de atracción de investimento a cidades españolas na que, xunto co Concello das Pontes, participan unha vintena de municipios.

Coa prestación deste servizo, o Concello axudará ás pemes, micropemes e autónomos do municipio para afrontar a crise desencadeada pola pandemia evitando así, na medida

do posible, o cesamento definitivo da súa actividade.

Nese sentido, Ana Pena, responsable da área de Industria e Emprego, apunta que “este programa suporá unha oportunidade para axudar ás firmas locais a atravesar a difícil situación económica e laboral que estamos a vivir a través de asesoramento personalizado en áreas específicas como a financeira, laboral ou socioeconómica. As firmas participantes terán á súa disposición dun equipo de persoas expertas para axudarlles na reestruturación dos RR.HH (ERTEs/Es), ofrecerlles asesoramento para a consecución de financiamento público (subvencións e axudas) así como prestarlles axuda na consecución de fondos e investimento privado.”

O acceso ao servizo está operativo a través do banner situado na web do Consistorio www.aspontes.org.

Aproban o plan da cooperativa Canal IV


O Pleno do Concello das Pontes deu luz verde cos votos a favor do grupo de Goberno e o Partido Popular, á aprobación provisional do proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias do Canal IV que permitirá a construción de 100 vivendas, en réxime de cooperativa, e que suporán unha inversión de 20 millóns de euros.

A modificación, que conta con informes sectoriais favorables de todos os órganos consultados e sobre a que xa non cabe interpoñer ningún recurso, permitirá axeitar a norma urbanística do ámbito da Canal IV, vixente desde o ano 1985, momento no que os terreos estaban ocupados pola antiga explotación mineira, transformándoo de rústico a solo urbanizable.

Deste xeito, este ámbito urbanístico axústase á realidade dun espazo que se atopa en contacto coa malla urbana da vila, rodeado de viarios e beirarrúas, sen quitarlle edificabilidade a ningún ámbito urbanístico do concello das Pontes e permitindo a execución dun proxecto estratéxico e de interese público para o municipio.

“Esta modificación tamén permitirá dar resposta ás necesidades da veciñanza, ofrecéndolle a un centenar de familias pontesas a posibilidade de construír as súas propias vivendas, favorecendo o asentamento de poboación. Son cen veciños e veciñas que cren neste pobo e que están dispostos a realizar unha das maiores inversións urbanísticas da provincia, nuns momentos que non son os mellores para o pobo das Pontes” subliñou o edil de Urbanismo, Antonio Alonso durante a sesión plenaria.

O concelleiro tamén puxo de manifesto os beneficios que o proxecto reportará ao municipio, xa que a “serán os socios cooperativistas os que asuman os custos do proxecto, valorado en 20 millóns de euros, non tendo o Concello que facer fronte a ningún gasto. Ademais a construción da cooperativa vai xerar moito movemento económico durante anos, é un orgullo para o grupo de goberno que haxa veciños e veciñas que aposten, deste xeito, polo futuro das Pontes”





Curso presencial do PIE tralo confinamento

As Pontes retoma a formación presencial nos cursos do PIE

O Programa Integrado de Emprego do Concello das Pontes, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e cofinanciado polo Concello, retomou a formación de carácter presencial coa reactivación do curso de plataformas elevadoras móbiles e a posta en marcha do curso de mantemento industrial e o de procura activa de emprego por internet.

A responsable da área de emprego, Ana Pena, subliña a importancia de recuperar esta modalidade formativa, xa que permitirá ao alumnado realizar a parte das prácticas non laborais que quedou interrompida polo Estado de Alarma.


Así, a primeira semana de xullo reactiváronse as clases e continuaron

a formación no mes de agosto con dous cursos novos.

Ademais, a concelleira de Industria e Emprego, Ana Pena, fixo entrega dos diplomas ao alumnado que participou nos cursos, postos en marcha durante o último semestre, do Programa Integrado de Emprego das Pontes, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e cofinanciado polo Concello de As Pontes.

Así, con este acto deuse por finalizados os cursos de Prevención de Riscos Laborais, de carretilla e plataforma, a formación sobre procura de emprego a través de internet, o curso de xestión de stocks e operacións loxísticas así como o curso de fabricación e instalación de carpintería e moble.

O Goberno anuncia axudas para os concellos nos que pechan as centrais térmicas



Central térmica das Pontes

O Goberno destinará 7 millóns de euros en axudas para os concellos nos que pechan as centrais térmicas que en Galicia son Cerceda e As Pontes, ambos na provincia da Coruña.

Segundo explica o BOE estas axudas conforman unha partida orzamentaria de 7 millóns de euros, cun importe máximo financiable por proxecto dun millón de euros.

Entre os criterios para valorar as propostas, destaca a xeración de emprego sostible, seguido pola localización da inversión nos concellos afectados. As novas tecnoloxías, o aproveitamento dos recur-

sos propios, o desenvolvemento da actividade e o arrastre doutras actividades son outros dos criterios contemplados.

A Delegación do Goberno pon en valor o traballo por Galicia da vicepresidenta cuarta e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera. Esta queda patente, ademais de nesta convocatoria de axudas, en outros proxectos como os Convenios de Transición Xusta, que buscan darlle continuidade á vida nos concellos que perden centrais térmicas ao tempo que mellora o coidado ambiental.

Abre o prazo para a recollida das axudas para escolares

O Concello das Pontes informa que as familias que teñen concedida a axuda para a escolarización dos seus fillos ou fillas para o curso 2020/2021, poderán recoller o vale polo importe da axuda concedida, no Departamento de Servizos Sociais (2º andar da Casa do Dopese), entre o 8 e o 21 de setembro, de 11 a 14 horas.

Poderán recoller o vale calquera dos dous proxenitores, presentado o seu DNI. No caso de que non poda acudir persoalmente ningún dos proxenitores, deberán facer unha autorización a favor de outra persoa, que acudirá con dita autorización, co DNI/NIE da persoa que autoriza e co da persoa autorizada.

ENTIDADES VECIÑAIS. Por outra banda, o Concello está a facer o baremo para a concesión das axudas a entidades veciñais tralo remate do prazo de solicitude.

As achegas, ás que destinan 30.000 euros, están destinadas as entidades veciñais, sen ánimo de lucro, inscritas no rexistro de Asociacións do Concello de As Pontes, que desenvolvan a súa actividade no municipio ou aborden asuntos de interese para a localidade.

Playa del Coto
Frente al aparcamiento del antiguo complejo
San Cosme de Barreiros
Tel.: 650 881 799



43°33'19.1"N 7°10'32.1"W

CENAS
COMIDAS
PULPO

Pulpería
MARIO
de Viveiro

HASTA EL 13 DE SEPTIEMBRE
HORARIO CONTÍNUO
Servicio de terraza - Comida para llevar
Ampliación de carta con nuevos productos

SERVICIOS DE CATERING
FERIAS, COMIDAS, CENAS
BODAS, BANQUETES
Montaje para Eventos y ALQUILER
DE CARPAS

pol

Mosteiro prepara para novembro a súa área de lecer e deportiva



O presidente da Deputación, visitando as obras en Pol

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto á voceira socialista do Goberno e Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e o alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega, visitaron as obras de construción dun novo campo de fútbol e dunha área de lecer e deportiva en Mosteiro. A colaboración da Deputación con estas actuacións impulsadas polo Concello ascende a preto de 330.000 euros, entre dous convenios e a aportación a través do Plan Único 2019.

Tomé Roca subliñou que “a Deputación de Lugo ten o firme compromiso de colaborar con todos os concellos da provincia para sacar adiante proxectos que redundan na mellora dos servizos públicos e, polo tanto, que melloran a calidade de vida e o benestar dos veciños e das veciñas”. Ademais, o presidente recordou que este compromiso fíxose realidade co Concello de Pol coa posta en marcha da residencia, ofrecendo “unha atención de calidade e próxima aos maiores, ademais de crear riqueza e emprego neste Concello, e tamén o facemos realidade apoiando este importante proxecto para a creación dunha gran área de lecer e deportiva en

Mosteiro”.

O mandatario provincial engadiu que “Deputación e concellos traballamos xuntos para poder sacar adiante iniciativas como esta, dunha contía económica considerable, que as administracións locais non poderían asumir en solitario. Nos tempos de crise como o que nos toca vivir pola pandemia, é fundamental a cooperación e manter ferramentas como o Plan Único, que garanten unha achega de fondos ós concellos dun xeito transparente e con criterios obxectivos”.

Por outra banda Lino Rodríguez agradeceu a colaboración da Deputación para poder levar a cabo estas actuacións en Mosteiro e subliñou que “o Concello nunca tivo un campo de fútbol propio”.

“Agora estamos nunha situación de obras que espero que en novembro aproximadamente estean finalizadas ou bastante avanzadas” engadiu o alcalde.

O proxecto impulsado polo Concello de Pol para a creación dunha nova área de lecer e deportiva en Mosteiro desenvólvese nun terreo de 35.000 m². As instalacións, que están preto do pavillón municipal, o colexio e a piscina, inclúen un campo de fútbol de herba natural e unha área de xogos. O campo de fútbol contará cunhas dimensións de 105x68 metros de terreo de xogo, máis de 1,5 metros de bandas nos laterais e 2,5 metros nos fondos. A zona de xogos constará de pistas de billarda, bolos, petanca, pádel, xogos de mesa e unha tirolina.

A ITV móbil, en setembro

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará os días 17, 18, 21 e 22 de setembro no Concello da Pol, concretamente na praza de Galicia de Mosteiro, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre o primeiro día entre as 16.45 e as 18.30,

o segundo de 9.00 a 13.30, o terceiro de 8.00 a 18.30 e o último de 8.00 a 16.00 horas. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com. A organización lembra que no se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

Rematadas en Prado as obras de abastecemento de auga

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de rematar as obras de abastecemento ao núcleo de Prado. A titularidade das novas infraestruturas foi entregada ao Concello de Friol. Esta actuación, cun investimento duns 180.000 euros, consistiu na construción da captación, o depósito, e a extensión dunha rede de distribución de máis de 10 quilómetros, para dotar do servizo de abastecemento a este núcleo de poboación. Esta intervención beneficia a preto dun centenar de veciños do municipio. Os traballos consistiron na construción da captación nas inmediacións

do núcleo de Silvela, e un depósito con capacidade para 75.000 litros -co correspondente sistema de válvulas e cloración-, que funciona grazas á colocación de 5 paneis fotovoltaicos na súa cuberta.

A rede de distribución executada discorre na súa maior parte por camiños públicos; sendo completada cos elementos necesarios de válvulas de corte, ventosas, desaugues, bocas de rega e unha válvula reductora, albergadas en arquetas prefabricadas de formigón.

Os traballos incluíron a reposición dos servizos afectados polo trazo da rede nas estradas provincial LU P-2110 e autonómica LU-934.



XORNADA. A Asociación para o Desenvolvemento Rural (ADR) da Comarca de Lugo celebrou un obradoiro sobre alimentos agroecolóxicos e de proximidade no Centro Biocárnico Traloagro. Con cargo ao programa Leader, a iniciativa estaba dirixida a concellos rurais, produtores en ecolóxico, promotores de novas formas de consumo, persoas interesadas no emprendemento cooperativo ou na temática do obradoiro.

A estrada Friol-Palas entra na Lista Roja del Patrimonio

A estrada LU-231 de Friol a Palas vén de ser incluída na Lista Roja del Patrimonio polo proxecto de amaño da vía que contempla a ampliación da estrada que, segundo indican, poría en risco o patrimonio natural construído.

A lista explica que a estrada ten o firme deteriorado pola falta de conservación e mantemento, “pero mantén viva a paisaxe creada no século XIX, con árbores

de ribeira e muros tradicionais de pedra a xunta seca. Por tanto, se se mellora a plataforma cunha nova capa asfáltica, evitaríase arrasar as árbores e os muros centenarios”.

O obxectivo da inclusión nesta listaxe é que a Xunta de Galicia e veciños comprendan “que non necesitan ampliar lateralmente a estrada arrasando o patrimonio natural e construído”.



O Concello adxudica varias obras por 300.000 euros

O Concello acaba de adxudicar varias obras entre as que se atopa a mellora de accesibilidade na Casa do Concello, a substitución de cuberta e mellora das instalacións do Pavillón Polideportivo e a mellora e mantemento do vial municipal que une as parroquias de Roimil e Rocha. Así, vén de adxudicar as obras de mellora de accesibilidade na casa do Concello, nas que se investirán 65.000 euros. A empresa adxudicataria foi García e Sánchez de Melide SL.

Na proposta seleccionada reducirase o prazo de execución dos traballos en tres semanas, os cales deben estar terminados antes de final do mes de outubro, e o prazo de garantía será de dez anos. Estes traballos que se levarán a cabo para facilitar o acceso ao edificio engloban a instalación dun ascensor no interior da casa do Concello, o que evitará ter que subir e baixar as escaleiras que actualmente son inevitables. Tamén se realizará un acondicionamento do exterior, mediante instalación de ramplas, que eliminen as barreiras arquitectónicas existentes, as cales impiden ou dificultan o acceso a persoas con mobilidade reducida e mesmo de cadeiras de bebés.

Outro dos proxectos adxudicado é a substitución de cuberta e mellora das instalacións do pavillón polideportivo CPI Dr. López Suárez que foi adxudicado á empresa Construcións M. Espiño SL, de entre unha decena de opcións presentadas. Na proposta seleccionada o prazo de garantía será de dez anos, a empresa en cuestión comprométese



O CPI de Friol, onde se vai reparar a cuberta do polideportivo

a realizar unha serie de melloras indicadas nas cláusulas administrativas da licitación das obras e comprométese a reducir o prazo de execución en oito semanas tendo que estar terminadas antes de novembro. Supón un investimento de case 100.000 euros mediante un convenio entre o Concello de Friol e a Consellería de Deportes da Xunta. Trátase da substitución da cuberta principal e canlóns, aplicación de pintura no interior das instalacións, substitución dos canlóns de zinc en cuberta baixa lateral, execución dunha drenaxe perimetral e substitución de chans e paredes en duchas dos vestiarios, así como limpeza de manchas de humidade e acumulación de verdín sobre o cerramento exterior.

Outro dos contratos adxudicados recentemente é o das obras de mellora e mantemento da vía municipal que une as parroquias de Roimil e Rocha á vez que é a estrada vertebradora entre a estrada Friol – Parga

e Friol- Sobrado dos Monxes, cuxa empresa adxudicataria foi Cholo SL. Esta oferta presenta un prazo de garantía de cinco anos e comprométese a realizar as dúas melloras reflectidas no prego. Neste proxecto invístense uns 90.000 euros cos que se pretende acondicionar case tres quilómetros de pista, moi necesarios para os habitantes de Friol. O alcalde, José Ángel Santos sinala “desde o Concello executamos estas importantes inversións, cun esforzo económico para esta administración, porque dende ou equipo de Goberno apostamos pola dinamización da poboación e a posta ao día, así como facilitar o acceso ás oficinas municipais, mellorar as instalacións deportivas e seguimos mellorando as vías municipais co que tentamos axudar á nosa xuventude, ós nosos maiores e a toda a veciñanza en xeral. Debemos coidar estes aspectos, que son fundamentais para axudar a fixar poboación no medio rural”.



Unha vista do exterior do PAI de Friol

O PAI abre coas novas instalacións rematadas

A poboación máis miúda do Concello de Friol estreou o día 1 as instalacións do novo PAI, dando comezo ó curso 2020-2021.

Este novo curso escolar que xa comezou para os máis novos do Concello, iniciábase estreando as novas instalacións do recente rematado Punto de Atención á Infancia. Este novo edificio está completamente equipado para dar o mellor servizo e atención a todas as nenas e nenos que queiran facer uso do mesmo.

O novo PAI de Friol conta con unha sala de gateo e unha sala de descanso, ó igual que o anterior edificio, pero a maiores conta con unha sala de audiovisuais, unha cociña totalmente equipada, unha sala de reunións, un baño público, un cuarto da limpeza, dependencias de oficina limpo e oficio sucio, e un gran patio exterior cuberto na parte superior para que os nenos e nenas

poidan desfrutar ao aire libre.

O equipo de Goberno dirixido por Jose Á. Santos considera necesario investir nos máis novos do pobo e dar uns servizos básicos ás familias do Concello, dando así mais posibilidades para a conciliación familiar, polo que leva traballando en estas dependencias moito tempo, para que o resultado fose o mellor posible en canto a instalacións e servizos ofertados no citado PAI.

Conta ademais con todas as medidas de hixiene e protección que marca o protocolo de sanidade da Xunta con respecto á situación que estamos a vivir con motivo do covid-19.

O alcalde destacou a importancia destas instalacións “para seguir na liña de impulsar a natalidade e dar os mellores servizos ás familias veciñas do municipio e tamén para aquelas que decida vir instalarse ó noso municipio”.

Suspendidas a Feira do Gando Vacún e a Festa da Xuventude

Á vista da evolución dos acontecementos en relación coa crise sanitaria da covid-19 e vendo os gromos que se están producindo por todo o territorio, o alcalde José Ángel Santos decidiu suspender as edicións da Festa da Xuventude e da Feira do Gando Vacún de Carne que estaban previstas para os días 28 de agosto e 6 de setembro respectivamente.

Para tomar esta decisión, o equipo de Goberno dirixido por Jose Ángel Santos “estudou todas as consecuencias, a primeira e a máis importante, a saúde, tanto da poboación do propio municipio como dos visitantes, e por suposto, as

recomendacións dos expertos para preservar a mesma”.

“Seguindo eses consellos, e tendo en conta que en calquera dos dous eventos íase reunir unha gran afluencia de visitantes, nun contacto moi directo, non sería prudente nin responsable permitir ditas celebracións”, conclúen.

“Seguro que, tanto os veciños do municipio, como o resto de persoas que xa tiñan en mente asistir a estes eventos, que cada vez, reciben maior número de visitantes, entenden que se tomou esta decisión, polo ben común e para tratar de preservar o actual estado sanitario no municipio”, alega.

NUEVO SERVICIO

Alquiler de herramientas y maquinaria de construcción y jardinería a particulares y profesionales





MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES
TEL: 982 511 200 | FAX: 982 511 200
CENTRO DE CONSUMIDORES

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200

O Pleno liquida as contas do 2019 e aproba as festas do 2021

A Corporación de Xermade aprobou a conta xeral do exercicio 2019, a non dispoñibilidade de créditos por importe de 62.704,28 euros e os festivos locais para o ano 2021, que terán lugar o martes de Entroido, 16 de febreiro, e luns de Santa María, o 9 de agosto.

A declaración de non dispoñibilidade de créditos aprobouse a requirimento do órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia, dado que se incumpriu a regra de gasto na liquidación do exercicio 2019. Con esta medida, o Concello de Xermade prevé cumprir tanto o principio de estabilidade orzamentaria coma a regra de gasto cando se liquide o exercicio 2020.

Na sesión de control e fiscalización, deuse conta dos decretos da Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria, dos envíos realizados pola Intervención a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas entidades locais (entre os que destaca o Período



Unha imaxe da sala de plenos do Concello de Xermade

Medio de Pago do 2º trimestre, de 14,56 días), e a Alcaldía informou ao Pleno tanto das medidas adoptadas por mor da covid-19 como das subvencións solicitadas, e xustificouse a adopción de resolucións contrarias aos reparos da Intervención municipal.

Esta celebración plenaria foi a primeira que se fixo na renovada sala

de sesións, polo que o alcalde aproveitou para ofrecer unhas palabras de agradecemento aos empregados municipais que realizaron os traballos, destacando o labor realizado por Juan José González Vázquez, que se encargou da restauración dos mobles antigos de madeiras nobles que agora locen na estancia.

Un convenio permite a creación dunha web e app turísticas

O alcalde do Concello de Xermade vén de asinar un convenio de colaboración coa Axencia Turismo de Galicia para o proxecto Mellora da accesibilidade aos recursos turísticos do Concello, cun orzamento de 12.221 euros, dos que a Xunta de Galicia achegará o 65% e o resto será sufragado polas arcas municipais.

O proxecto consiste na creación dunha páxina web e unha app para IOS e Android nos que se volcará toda a información detallada dos recursos de interese turístico (de carácter patrimonial, etnográfico, natural, etc.) do municipio de Xermade. Nos vindeiros días iniciarase a licitación deste contrato de servizos.



BIBLIOTECA. Os operarios do Concello de Xermade realizaron os últimos días traballos de humanización da zona exterior da biblioteca co obxectivo de habilitala para o uso dos veciños. A intención do Concello é ofrecer “un lugar agradable e apracible onde gozar estes días de verán”. Tamén, teñen como obxectivo organizar neste novo emplazamento actividades municipais compatibles cos tempos covid-19 que se están a vivir.



Unha imaxe das cunetas do barrio

Veciños do Empalme de Cabreiros acuden á Valedora do Pobo polo saneamento

Veciños do barrio do Empalme de Cabreiros continúan coa súa reclamación sobre o estado do saneamento do barrio e veñen de elevar a súa queixa á Valedora do Pobo. Nela acusan de novo aos gobernos local e provincial de “deixadez” no referente ao sistema de saneamento do barrio.

Este barrio, no que hai unha ducia de casas habitadas, carece de saneamento e as vivendas desaugan directamente a unha tubaxe que verte a un regato dos arredores das

casas o que provoca malos cheiros, ratas e mosquitos ás portas das vivendas, especialmente nos meses de verán.

Segundo aseguran os veciños, levan máis de dous anos reclamando ao Concello a través de escritos, correos electrónicos oficiais e whatsapps directamente cos rexidores a execución da construción dunha depuradora, unha obra comprometida pola Deputación Provincial e xa adjudicada pero que leva dous anos sen comezar a executarse.

Adxudican as obras de mellora de camiños do Plan Agader

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade adxudicou a obra Mellora de camiños en A Pena, As Ribas e Burgás, incluída do Plan de mellora de camiños 2020-2021 de Agader, á empresa José Sanjurjo Construcciones SL, logo da licitación mediante procedemento aberto simplificado.

A adxudicataria obrígase a executar a mencionada obra polo importe de 37.596,08 euros e 7.895,28 eu-

ros correspondentes ao IVE, o que supón un total de 45.491,26 euros (IVE engadido), as melloras ofertadas (limpeza ou reapertura de foxo e beiravía por ambas marxes, con motoniveladora, incluíndo carga e transporte a vertedoiro (3.846 m. lineais) e ampliación de garantía de dous anos, consonte á oferta presentada. O contrato formalizouse o 31 de agosto de 2020 e as obras iniciaránse de inmediato.

O PSOE reclama a mellora da estrada de Momán a Cabreiros

A Secretaria Provincial do PSdeG-PSOE na provincia de Lugo e Deputada Autonómica, Patricia Otero rexistrou unha batería de iniciativas parlamentarias coas que reclama arranxar de forma urxente a estrada LU-170 entre Cabreiros e Momán que permita o acceso de vehículos especiais ao polígono industrial.

A voceira de Infraestruturas que comprobou en Xermade a situación

deste vial, onde lembrou que tanto a veciñanza desta Comarca que se manifestou publicamente, así como os grupos políticos e a Federación Veciños “levan anos solicitando á Xunta que arranxe a estrada no seu tramo Cabreiros-Momán, xa que tal como se pode constatar atopase nun estado deplorable e perigoso cun firme deteriorado, curvas de difícil trazado e un ancho deficiente”, lamentou.

A TABERNA DE PANCHO
Avenida de Galicia N°15-17 bajo. (As Pontes)
Tlf: 981074524

O tradicional Encontro de Torneiros será este mes on line

O que ía ser o XX Encontro Internacional de Torneiros da Madeira cambiará de formato este ano debido á situación sanitaria que atravesamos o país porque, como indicou a organización "hai que poñer a seguridade das persoas ante todo". Engadiron que coas condicións das instalacións "faise difícil manter totalmente as medidas de prevención ao 100%" polo que decidiron que este ano non se faga de forma presencial. Así a intención é facer a exposición de pezas de forma virtual utilizando para elo as novas tecnoloxías das que dispoñen. Por iso, estiveron preparando a web, encontrodetorneiros.org para acoller o evento de forma dixital.

Na páxina haberá ademais das seccións habituais de galería, relatoras que pasaron por Xermade, historia, camisetas, etc, unha sección dedicada ao XX Encontro de Torneiros, onde se poden enviar facilmente as fotografías das pezas ou dos participantes traballando co torno. Ata o día 6 de setembro recibiron as fotos e con ese material farán unha exposición na web que se abrirá o venres 18 de setembro.

Para animar á participación, os habituais colaboradores, Comercial

Pazos e Tornofusta, doaron un obsequio de produtos de tornería cada un que se sortearán entre todos os que envíen fotos. Ademais todos os participantes recibirán un kit dun chaveiro, un lapis, un bolígrafo-calibre e un catálogo de Comercial Pazos. Os obsequios enviaranse aos gañadores dentro do territorio nacional.

Avanzaron tamén que non haberá exhibición en vivo do torneado. "Confiamos que para o ano a situación esté controlada, que sexa máis fácil manter as condicións de seguridade", concluíron.



Charlas da USC para maiores

O Concello de Xermade acolle estes días un ciclo de charlas divulgativas baixo o título *Camiños de coñecemento e experiencia. Proxecto de democratización do coñecemento*. Impartirase na Casa escola de Cabreiros, Xermade, en horario de de 16.30 a 18 horas. Este ciclo está a cargo da USC e organizada polo IV Ciclo ou formación universitaria para os maiores de 50 anos.

Con dúas charlas xa celebradas estes días, a programación continuará o

luns 14. A profesora e licenciada en Historia da Arte e investigadora da Rede de Estudos Medievais, Carolina Casal Chico, impartirá o seminario *Casais, casas grandes e pazos. Un paseo pola tradición popular e fidalga da Terra Chá*.

Xa o sábado 15 a mesma profesora, Carolina Casal Chico, fará unha visita ao Torreón dos Andrade

Para máis información e matrícula haberá que poñerse en contacto co Concello de Xermade

O Concello licita a área de xogos na Criba



Rapaces xogando na zona da Criba

O Concello de Xermade está a licitar, mediante contrato menor, a obra nomeada Área de xogos en Roupar, nunha parcela cedida pola Asociación de Veciños San Estebo de Roupar. O anuncio de licitación foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o pasado 3 de agosto. A obra está financiada co superávit do exercicio 2018, e está pendente de obter autorización de Augas de Galicia.

No ano 2018 construíuse un parque infantil en Piñeiro, financiado co superávit do exercicio 2017; e tamén está prevista a mellora do parque infantil de Xermade con cargo ao Plan Único do ano 2020. Deste xeito, preténdese aumentar

e mellorar as áreas de xogos para as crianzas do municipio.

SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA.

A Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato de subministración de enerxía eléctrica para alumeados públicos e instalacións municipais a Gas Natural, previa licitación por procedemento aberto simplificado. A adxudicataria acadou a mellor puntuación. Con carácter previo procedeuse ao reaxuste de potencias de varios puntos de subministración, medida que, xunto coa oferta acadada na licitación, implica un aforro para as arcas municipais dun 30% con respecto á situación anterior.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

**COMPRAMOS
MADERA**

PINO Y EUCALIPTO

**VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO**

ARR
*Hijos de
Ramón Rubal*

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

cospeito

Veciños plantan árbores nunha vía para pedir o seu amaño



Veciños plantando árbores no medio da calzada

Veciños da parroquia de Samartiño de Corbelle (Concello da Pastoriza) e de Muimenta (Cospeito), xuntáronse para plantar árbores na estrada que une estas dúas parroquias. Esta acción foi realizada en protesta polo "lamentable estado" no que se atopa un tramo duns 700 metros desta vía que levan pedindo que se arranxe, "sen resultado".

Os veciños de ambas as dúas localidades quixeron mostrar a situación con este acto reivindicativo xa que as grandes fochancas existentes permiten esta acción.

Hai cerca de dez anos o Concello da Pastoriza arranxou a súa parte, pero o de Cospeito fixo o seu en dúas fases deixando este tramo duns

700 metros, que é o que solicitan se arranxe. Por iso lle solicitan ao Goberno municipal local o acondicionamento deste tramo xa que é case imposible a comunicación.

Tanto a Asociación de veciños de Corbelle coma as distintas asociacións de Muimenta estaban presentes neste acto. Ambos os dous alegan a importancia que ten esta vía polo seu uso, xa que unhas veciños e outros teñen fincas a ambos lados. Para o comercio e negocios de Muimenta é moi importante xa que os veciños de Corbelle e outras parroquias acuden aos negocios de Muimenta frecuentemente, pero debido ao mal estado desta vía, están deixando de facelo.

Arrinca o PAI e o centro de día

O Punto de Atención da Infancia deu comezo o luns 7 de setembro seguindo o protocolo de medidas de prevención da Xunta de Galicia, aínda que este ano, polo momento terá menos alumnos.

Tamén está a funcionar o centro de día, que tamén ten menos usuarios pero que se manterá así mentres non haxa un gromo. O que si seguirán pechados son o resto de dependencias municipais como as piscinas, o museo das aves, a casa da cultura e demais. As feiras continúan "porque son pequenas, sen aglomeracións e con moito espazo entre os postos", afirmaron dende o Concello.

O alcalde comunicou aos grupos da oposición que en Cospeito non hai máis casos dende o gromo de dez que se detectou hai unhas semanas polo que se considera controlado.

Así mesmo, Rosa Morán demandou ao equipo de Goberno que se coloque nas áreas recreativas onde a xente se baña e nos parques infantís un carteliño coas obrigas sanitarias e o alcalde mostrou a súa conformidade coa medida.

Tamén os socialistas pediron que se volveran facer as desinfeccións como se facían no confinamento "en especial agora debido á situación crítica que estamos vivindo".



C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

castro de rei

O obradoiro de emprego sanea a contorna do río Azúmara

O Concello de Castro de Rei está a realizar as tarefas de limpeza e acondicionamento de toda a área recreativa que acolle o centro cultural Xosé Manuel Carballo, ás beiras do río Azúmara.

As tarefas están ao cargo do obradoiro de emprego e consisten nunha limpeza e desbrozado da zona así como o acondicionamento e pintado. Parte dos traballos contemplaron levantar o cemento naqueles lugares onde estaba deteriorado e volver facer o lousado e o pin-



A zona anexa ao centro cultural Xosé Manuel Carballo

tado da zona.

Ademais, estas obras permitiron, entre outras melloras, re-

cuperar o sendeiro orixinal de pedra que se atopaba cuberto de maleza e sen uso.

O Concello destina 200.000 euros ao arranxo de vías municipais

O Concello de Castro de Rei ten previsto destinar máis de 200.000 euros á rexeneración de varias vías. Recentemente remataron a da vía que une o barrio do Tourodal coa Igrexa, cemiterio e Escola de Preveiros, executada con cargo aos remanentes do Plan Único. O orzamento da obra foi de 38.990,84 euros, sendo a achega municipal de 8.413,35. Por outra banda, iniciaron os traballos de mellora de accesos á igrexa e cemiterio de Santa Eulalia de Dum-pín e do barrio de Bagoi, cunha subvención de Presidencia por importe

de 44.000 euros, dos que o 70% corresponden á axuda e o resto á aportación municipal.

Ademais, o Concello iniciou a licitación da obra de mellora dos accesos da estrada de Quintela a San Martiño de Goberno, con cargo o Plan Marco de Camiños da Xunta de Galicia, cun orzamento de 65.369 euros. A obra consiste na rexeneración da vía mediante tres capas de rego asfáltico, o que suporá a mellora dunha vía moi transitada que comunica con dúas estradas de titularidade municipal,

dando acceso a dúas zonas de concentración parcelaria. Están a licitar a obra de mellora de accesos de vías en Sandamil, en Santa Locaia, A Granda (Triabá) e San Martiño de Goberno, por importe de 44.000 euros.

Finalmente, con cargo a fondos propios, o Concello está a executar traballos de mellora de vías por importe superior a 80.000 euros nas parroquias de Pacios e Santa María de Outeiro, estando pendentes outras zonas como Azúmara, Bazar e Santa Locaia.

Ponte de Outeiro prepara as súas festas virtuais

A comisión de festas da parroquia de Ponte de Outeiro, celebrará as súas festas de xeito virtual os días 11, 12 e 13 de setembro debido á

situación sanitaria do país, fin de semana que coincide coas festas do pobo. As festas desenvolveranse polo tanto nas redes sociais de Facebook e Instagram con música, poesía e maxia como principais atractivos.

A programación consistirá en que cada hora da fin de semana irase subindo un vídeo ás redes sociais para que a xente vexa "os grandes músicos da nosa terra tocar e saudar á xente de Outeiro". Estarán presentes artistas como Luis Caruncho, Ruxe-Ruxe, Los Jinetes del Trópico, García MC, Germán Díaz... e outros máis coñecidos, como Cristian Silva, Hugo Torreiro e De Vacas.

Ademais, dende agosto viéronse



celebrando sorteos de máscaras, camisetas, chapas e ata bolsas de tela de diferentes marcas galegas. O venres ás 22.30 abriranse as festas da man de Andrea e Sandra Méndez en directo dende o campo, e nun directo desde Facebook. Ademais farase un sorteo durante a actuación.

Para rematar, o domingo á tardiña a música que presentarán vai ser exclusivamente outeirán, cos participación dos músicos locais.

A Deputación, cos negocios locais

O ente provincial formou en prevención da Covid-19 a 200 negocios do comercio, a hostalería e o turismo da provincia lucense

Impartiu a 200
profesionais
do comercio,
hostalería e
turismo da
provincia a
acción formativa
'Un novo
escenario de
normalidad
post Covid-19

A Deputación de Lugo impartiu a 200 profesionais do comercio, hostaleira e turismo da provincia a acción formativa *Un novo escenario de normalidade post Covid-19*, co fin de apoialos na aplicación de medidas de prevención e hixiénico sanitarias, garantindo a comodidade e o benestar do cliente. Cada participante e cada negocio recibiu un diploma que acredita que completaron a formación e que son establecementos seguros. Nesta acción formativa participaron 90 profesionais da hostalaría e preto de 95 profesionais do comercio das diferentes comarcas da provincia que pertencen a concellos de menos de 20.000 habitantes. A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, subliña que "dende o principio da pandemia, estes sectores deron un exemplo de colaboración coas medidas marcadas polas autoridades sanitarias e realizando estes cursos deron unha mostra máis do seu sentido de responsabilidade para dar un servizo seguro acorde ao novo escenario".

O plan formativo, de 20 horas de duración, desenvolveuse en tres módulos. No primeiro deles Regreso con seguridade déronse as pautas dende o punto de vista médico sobre a prevención da Covid-19 e sobre as condicións sanitarias, coidados persoais e seguridade no establecemento e estivo dirixido pola doutora en Medicina Alicia González Antelo. O segundo módulo, Regreso con intelixencia emocional, impartiu a psicóloga Paloma Moure, e estivo centrado nas pautas de conduta e habilidades sobre as emocións e intelixencia para manexalas con seguridade de cara ao público. O terceiro e último bloque, Regreso e comunicación co cliente, tivo como obxectivo comunicar que a actividade está rexida pola seguridade e a confianza sobre as bases da sinceridade e a honestidade, claves que lles



O presidente, José Tomé, e a deputada de Turismo, Pilar García Porto, na presentación da acción formativa

achegou a doutora en Comunicación Mar Castro. Os módulos desenvóléronse con traballos con textos, guías oficiais, normativas, casos prácticos e vídeos, co fin de facer unha ensinanza amena e fluída, presentando atención naqueles aspectos máis útiles para os diferentes sectores para os que foi dirixida a formación. Cada módulo compoñíase dun contido interactivo, unha actividade práctica, unha avaliación e unha carpeta con infografías. Ao longo do curso, os participantes dispuxeron de liberdade horaria para a realización do curso, tendo en conta os seus compromisos laborais, habilitouse a plataforma con acceso

24 horas de luns a domingo. Dende o inicio, o alumnado estivo en contacto continuo coas persoas responsables da coordinación da acción formativa e cos titores, resolvéndolle dúbidas e achegando información complementaria.

Campaña EN LUGO, SI

Esta acción formativa enmárcase na campaña EN LUGO, SI que a Deputación de Lugo puxo en marcha durante o Estado de Alarma co obxectivo de reactivar, dunha maneira estable e eficaz, o comercio local, a hostalería, o turismo, e o conxunto dos sectores produtivos da provincia, para saír o máis rápido e da mellor maneira posible da crise provocada polo

coronavirus.

A marca EN LUGO, SI creada pola Deputación simboliza e reflicte todos os valores e fortalezas que ten a provincia como lugar seguro, de confianza, de calidade e de oportunidades para comprar, para consumir, para o lecer, para pasar as vacacións, pero tamén para emprender.

A campaña inclúe accións dirixidas, por un lado, aos propios negocios, traballadores e profesionais dos sectores produtivos, para dotalos das ferramentas que precisan para facer fronte á nova realidade e, por outro, iniciativas dirixidas á cidadanía, difundindo, os valores e fortalezas da provincia e do seu tecido produtivo.



Pastora Veres prepara un libro sobre a historia dos Vilares para outono

A autora Pastora Veres publicará en próximas datas o libro *Lareira de Soños*, que recolle a historia da súa parroquia natal, tras seis anos de traballos e máis de cen entrevistas.

Esta obra foi xestada aló polo ano 2014, cando o Día das Letras Galegas foi para o poeta vilarego Xosé María Díaz Castro. Na primeira Romaría Labrega da Chaira dos Vilares, xurdiu o compromiso de facer esta obra que verá a luz en outubro e que consta de 400 páxinas.

Está publicado por Fervenza, cun prólogo do xornalista con raíces vilaregas Man Castro, e grazas á colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Deputación, do Concello de Guitiriz e de Gadis.

As cen conversas que serviron de guía para a realización do libro contarán con documentación gráfica de máis dun cento de fotos e documentos, para crear esta obra que pretende ser unha testemuña dos Vilares e que podería quedar depositado na casa de Díaz Castro, se finalmente se rehabilita, para que quen o desexe poida consultalo.

O libro estreñarase xunto ao docu-



Veres recollendo unha testemuña

mental *Entrar aos Vilares*, dirixido por Cibrán Tenreiro e presentado xa no ano 2017. "Non é un resumo deste, nin moito menos, senón que ofrece as impresións que deixa a parroquia dos Vilares en tres rapaces completamente alleos a ela", di Tenreiro.

Hai datos históricos da parroquia tamén, pero tamén ten moito peso a visión da autora, unha vilarega máis que se suma ás moitas historias narradas polos protagonistas dun libro coral, onde as testemuñas recabadas teñen aínda máis valor se se ten en conta que se trata de xente maior, algunha dela xa desaparecida.

Importante descenso dos baremos de delincuencia no Concello este ano

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e a alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, copresidiron a Xunta Local de Seguridade na que se puxo de manifesto a favorable evolución da seguridade por segundo ano consecutivo neste Concello.

Isabel Rodríguez informou de que, no que vai de ano, produciuse un importante descenso na delincuencia, polo que felicitou á Garda Civil polo seu traballo e animouna a proseguir na mesma liña de traballo porque "os datos son favorables por segundo ano consecutivo, pero non hai que darse por satisfeitos nin baixar a garda cando se trata da seguridade das persoas".

A subdelegada indicou que, de acordo coas estatísticas da Garda Civil, entre os meses de xaneiro e xullo deste ano rexistráronse en Guitiriz 42 infraccións penais, 28 por delitos graves ou menos graves e 14 por delitos leves, o que supón un 27,59% menos que no mesmo período do ano anterior cando se produciran un total de 58 infraccións.

Cabe destacar a caída nos delitos contra as persoas, que baixaron de 2 a 1, e contra o patrimonio, pois



A alcaldesa e a subdelegada, presentando os datos

pasaron de 18 a 17. Baixaron tamén os delitos contra a liberdade, de 3 a 2, e contra a administración de xustiza, ao pasar de 3 a 2. En cambio, aumentaron as falsidades, de 0 a 2, e as infraccións contra a seguridade colectiva, que inclúen delitos contra a seguridade viaria ou contra a saúde pública, que pasaron de 5 a 6.

A subdelegada do Goberno tamén chamou a atención sobre a situación da violencia de xénero e informou de que, no que levamos de ano, rexistrouse en Guitiriz 2 denuncias por este motivo. No ano 2019 houbera 3 e en 2018 foran 5

as presentadas por delitos de violencia de xénero.

2019. A Xunta Local de Seguridade tamén fixo balance da evolución da criminalidade durante o ano 2019, que acabou con unha taxa do 17,69 por mil habitantes, que está por debaixo da media da provincia (22,8) e de Galicia (29,7).

Durante 2019 rexistráronse un total de 97 infraccións penais, 59 por delitos graves e menos graves e 38 por delitos leves. Esta cifra supón que a delincuencia experimentou un descenso do 1,02% respecto ao ano anterior, cando houbo 98 delitos.

Abre o prazo de inscrición para os talleres da Aula CeMIT

Xa está aberto o prazo para realizar a inscrición nos talleres de informática do Concello de Guitiriz. As prazas son limitadas, polo que haberá que realizar a inscrición na Aula CeMIT de Guitiriz, que será onde se impartan os cursos.

O primeiro dos cursos será un taller sobre correo electrónico que se impartirá do 15 ao 17 de

setembro. O seguinte será outro sobre Google Drive os días 22, 23 e 29 de setembro. Haberá dúas quendas horarias dispoñibles, polas mañás de 10.00 a 12.00 horas e polas tardes de 16.30 a 18.30 horas.

Os interesados en obter máis información ou inscribirse poden facelo no 982 370 062 ou no correo cemit.guitiriz@xunta.gal.



MURAL. O artista lucense Diego As, de Otro Prisma, está a rematar un gran mural na Casa Habanera de Guitiriz. Esta peza artística, que ten motivos cubanos, pintouse froito dunha colaboración entre o Concello de Guitiriz e a Asociación Cultural Xermolos. O obxectivo deste mural é lembrar a vinculación deste edificio, antiga escola, coa illa do Caribe.

O Concello anuncia que abrirá a inscrición das actividades deportivas

O Concello de Guitiriz anunciou que durante este inverno haberá actividades deportivas como en cursos pasados e que se prolongarán durante todo o ano escolar sempre que a evolución da pandemia o permita.

Así mesmo, en próximas datas abrirase o prazo de inscrición para as mesmas e se presentarán as distintas opcións deportivas que haberá este ano e que previsiblemente comencarán en outono.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

BODAS Y BANQUETES
 Especialidad en almejas y chuletón
LA CASILLA
 Rúa da Anxosolada, 12 GUITIRIZ 982 37 01 88

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES zona para Boda Civil www.lacasilla.es

A ITV móbil estará este mes de setembro en catro localidades

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará os días 23, 24 e 28 de setembro no Concello da Guitiriz, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre 9.00 e 13.30 horas e de 15.15 a 18.00. A unidade estará situada o primeiro día en Pígaro, o segundo en Trasparga e o terceiro en Buriz. Nos dous

primeiros será no campo da festa e no último detrás do cemiterio. O día 22, no polígono industrial estará tamén a unidade móbil de inspección de turismos.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com. Non se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

Reabren o centro de día e o PAI

Xa abriu o centro de día municipal, que permanecía pechado dende que se decretou a alerta sanitaria. O servizo reanúdase logo de adoptar todas as medidas de prevención e de seguridade que marcan os protocolos fixados polas administracións. Para evitar problemas, a incorporación dos maiores estase a facer de forma progresiva e os primeiros días só acudiron a metade dos usuarios. Farán unha segunda quenda ao 75% do aforo antes de volver a encher as instalacións no prazo dun mes.

Ademais, os usuarios que permanezan nos seus fogares seguirán a contar con asistencia domiciliar, a que se puxo en marcha cando deu comezo o confinamento.

O traballo realizado durante todo este tempo contará coa supervisión dun técnico especialista que será tamén o encargado de vixilar que se



Centro de día de Guitiriz

cumpran os protocolos de limpeza e seguridade.

Por outra banda, tamén abriu o Punto de Atención a Infancia (PAI), que conta en Guitiriz cun total de 30 matriculas, aproximadamente a metade de nova incorporación. Este

seguirá os mesmos protocolos de seguridade que o resto de centros para evitar o contaxio e haberá para elo un período de adaptación, incrementando o horario de asistencia gradualmente. A ocupación será dun máximo de 20 menores por quenda.

Remata o Verán dixital de Guitiriz

Rematou a edición de Verán dixital 2020, actividade que tiña como obxectivo introducir aos máis pequenos no mundo das novas tecnoloxías, de forma divertida, práctica e responsable.

Esta actividade levouse a cabo na Aula CeMIT Guitiriz durante os meses de xullo e agosto, en horario de 10.00 a 11.30 horas, e na cal participaron 20 cativos e cativas con idades comprendidas entre 9 a 12 anos de idade.

Na quenda de agosto, empregando o libre office impress, crearon un pasapalabra dixital no que a temática foron os 17 obxectivos do desenvolvemento sostible da ONU.



Participantes na edición deste ano do verán dixital

Abre o proceso de selección do conserxe do colexio

O Concello de Guitiriz volveu iniciar o proceso para a selección, mediante sistema de oposición libre, de persoal funcionario interino para o posto de conserxe do colexio ou das instalacións municipais. O estado de alarma decretado en marzo paralizou este proceso pero o Concello publicou o temario da oposición para que os aspirantes aproveitaran o tempo de confinamento para o estudo. O procedemento de selección será o de oposición libre e consistirá na realización de dúas probas eliminatorias. A primeira contará con dúas partes a realizar o mesmo día. Unha de contido teórico cun cuestionario tipo test de 50 preguntas con 4 respostas alternativas das

que só unha será correcta, sobre os temas da parte teórica do temario. As respostas correctas valoraranse en 0,2 puntos, as incorrectas descontarán 0,067 puntos. A segunda proba será de contido práctico cun cuestionario tipo test de 15 preguntas con 5 respostas alternativas, das que só unha será correcta, sobre os temas da parte práctica do temario. As respostas correctas valoraranse en 0,6 puntos, as incorrectas descontarán 0,3 puntos e as non contestadas non penalizarán. A segunda proba será a de coñecemento de galego. Quedará exento quen acredite estar en posesión do Celga 3 ou superior. O prazo de presentación de aspirantes aínda está aberto.

Guitiriz recupera o servizo de atención psicolóxica

O Concello de Guitiriz vén de poñer en marcha de novo o servizo de atención psicolóxica. O horario de atención a aquelas persoas que precisen facer uso desta axuda será os luns e martes de 8.30 a 13.30 horas e de 15 a 19 horas; e os mércores de 8.30 a 13.30 horas. O lugar deste servizo será na Casa Habanera. O programa no que se inclúe o servizo municipal de psicoloxía recolle, entre moitos dos seus obxectivos, millorar a situación persoal das mulleres vítimas e daquelas en situación similar, ademais da intervención e a atención ás persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade.

Inmobiliaria JRoca

ROCA ABOGADOS

Avda. de Galicia 75, Vilalba
 Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 282m² 65.000€
 Se vende vivanda unifamiliar formada por planta baixa de unos 80 metros, fiene una parte destinada a local o garaxe con aseo, cocina, 3 dormitorios y sala, baño, una segunda planta de 80 metros tabicada y un bajo cubierta de 50 metros y en la parte trasera un jardín de unos 50 metros.

José Luis García Mato 1, Vilalba
 Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 2 Baños | 231m² 100.000€
 Se vende en el centro de la localidad de Vilalba (Lugo), una casa de planta baja y piso, para reformar.

Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba
 Casa / Chalet independente | 7 Dorm | 5 Baños | 697m² 440.000€
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet independente, en el que hay siete habitaciones, cuatro baños y un aseo, una biblioteca de unos 30 metros, salón de 45 metros, un despacho, una sala de estar y la cocina. La casa dispone de un garaje de unos 230 metros, sala de lavandería, bodega y un desván. Tiene calefacción de gas ciudad.

Calle Campo de Puente 23-25, Vilalba
 Plazas garaxe 36€/mes
 Se alquilan plazas de garaje.

Avenida da Terra Cha 23, Vilalba
 Terreno / Urbano (solar) | 215m² 130.000€
 Se vende casa en mal estado de conservación en la esquina de la Avenida Tierra Llana y la calle de Guitiriz de Vilalba (Lugo). Se puede edificar bajo, cuatro plantas y ático.

Vilar do Castelo 7, Xermade
 Casa rural | 2 Dorm | 0 Baño | 184m² 30.000€
 En la localidad de Cazas, municipio de Xermade (Lugo), a unos 11 km de Vilalba, se vende casa rural, a reconstruir por dentro, fachada y tejado en buen estado.

Cidade de Viveiro 57, Vilalba
 Piso | 2 Dorm | 1 Baño | 75m² 55.000€
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 2 habitaciones y sala, baño y cocina. Tiene ascensor, garaje y trastero.

Valeriano Valdesuso 2, Vilalba
 Dúplex | 3 Dorm | 3 Baños | 235m² 240.000€
 Se vende vivanda integrada por dos plantas totalmente acondicionadas, en las que hay un salón, comedor, cocina y un baño en la planta primera y tres habitaciones y un baño en la planta segunda. Totalmente rehabilitada.

Calle García Mato 1, Vilalba
 Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 110m² 30.000€
 Se vende piso alítrico en la localidad de Vilalba (Lugo). Dispone de 3 dormitorios, sala, 1 baño y cocina. Esta en la planta tercera de un edificio que hace esquina y que no dispone de ascensor.

Supena s/n, Vilalba
 Casa rural | 2 Dorm | 0 Baño | 120m² 12.000€
 En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto, en la parroquia de San Simón, se vende casa adosada, fachada en piedra. La casa hay que reconstruirla. En las inmediaciones de la misma hay varias fincas que se incluyen en el precio.

Casavella 4, Xermade
 Casa rural | 0 Baño | 160m² 42.000€
 En la parroquia de Lousada, municipio de Xermade (Lugo), a unos 20 km de Vilalba, a unos 15 de As Pontes y a unos 30 minutos de las playas, se vende una casa con fachada en piedra, fiene echado la placa del piso y del tejado. El resto hay que hacerlo, tal y como se ve en las fotos. La casa fiene un garaje y una finca de unos 7.000 metros.

Avenida Tierra Llana 150, Vilalba
 Casa / Chalet adosado | 4 Dorm | 2 Baños | 300m² 169.000€
 Se trata de una casa formada por un bajo de 140 metros, actualmente usado como garaje. Un piso de 120 metros listo para vivir en el. Otro piso de 120 metros que sólo está tabicada y un desván donde van los trasteros de cada piso. A la espalda fiene un terreno que llega a la calle que pasa por detrás.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
 Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocaabogados.info

Mariña Patrimonio denuncia danos no castelo de Penaflo

Mariña Patrimonio vén de denunciar perante a Dirección Xeral do Patrimonio posibles danos no Castelo de Penaflo, situado no lugar de Machín, parroquia de Santa Marta de Meilán, en Riotorto.

Segundo puideron comprobar membros de Mariña Patrimonio, na zona norte deste Ben de Interese Cultural realizáronse recentemente remocións de terras con maquinaria pesada para a apertura dunha pista. As remocións de terras e a pista chegan ao interior do foxo que defendía o castelo. Por outra banda, na zona sur do xacemento abriron tamén unha pista, que sobe ata o mesmo castelo. Estes movementos de terra con maquinaria pesada chegaron ata os muros, que forman parte deste ben patrimonial protexido, o que puido provocar o derrube dalgúns tramos dos muros. Así mesmo, na parcela onde se atopa o Castelo de Penaflo acondicionouse o terreo con maquinaria pesada para a plantación de euca-



Aspecto dos danos causados na zona do castelo de Penaflo

liptos. Esta acción puido deixar soterrado parte do antigo e orixinal camiño de entrada ao castelo.

Mariña Patrimonio sospeita que estas actividades, que probablemente non contén coa preceptiva autorización da Consellería competente en materia de patrimonio, puideron danar e alterar este ben patrimonial, polo que lle solicita á Dirección Xeral de Patrimonio que se adopten as medidas oportunas

para que se proceda á restauración das zonas afectadas, así como a apertura do correspondente expediente sancionador.

Ademais, dende esta asociación presentaron outra denuncia no Concello de Riotorto por posible infracción urbanística, dado que tanto as remocións de terras como a apertura das pistas previsiblemente non contén coa autorización municipal correspondente.

Suspenden o roteiro Avelino Díaz pero anuncian novas accións de divulgación

A Asociación Cultural Avelino Díaz anuncia que, por primeiro ano desde que a iniciativa fora posta en marcha, este verán non realizará a convocatoria do Roteiro Avelino Díaz. Non o fará, pola situación sanitaria que se está vivindo coa pandemia do coronavirus.

O roteiro foi concibido coa idea de rememorar o camiño que Avelino e a súa familia realizaron desde o lugar da Travesa, na Órrea —onde naceu— ata A Pena, en Meira —onde viviu durante a súa adolescencia e primeira xuventude—.

Trátase, por outra parte, dun dos camiños máis transitados secularmente polos habitantes da comarca da Terra de Miranda para chegar ao centro comarcal que supón Meira e, particularmente, á súa feira quincenal. A convocatoria anual da andaina concebiuse como unha maneira sinxela e ao mesmo tempo efectiva pola gran-

de aceptación popular que ten, de reivindicar a figura de Avelino Díaz e da súa obra.

A Asociación Cultural Avelino Díaz persegue que ao autor se lle dedique un Día das Letras, precisamente porque esa sería a única maneira de poder rescatar os 851 poemas que permanecen inéditos ou sen localizar, ademais da súa obra xornalística ou dramática.

A Asociación segue desenvolvendo as súas actividades, tanto de investigación como de divulgación da obra de Avelino. Así, nos próximos meses será presentado un libro sobre autor, será realizada unha actividade académica coincidindo co seu aniversario, ademais de estar aberto o prazo para presentación de orixinais para o Certame literario que convoca anualmente, entre outras iniciativas. O propio roteiro, por outra parte, está sendo re-sinalizado.

Celebran en Órrea un curso de cestería durante 5 sábados

A Asociación de veciños e veciñas de Santa Comba da Órrea, en Riotorto, retoma a súa actividade cultural tralo parón provocado pola pandemia de coronavirus cun curso de cestería que terá lugar a partir do día 12 de setembro, de 4 a 8 da tarde. Serán un total de cinco sábados seguidos.

O curso desenvolverase no local social da asociación a cargo de María Otero Folgueira, de Álvaro.

As prazas son limitadas polo que haberá que facer unha inscrición previa no teléfono 696 199 684.

Rematan as obras de mellora dos accesos a Aldurfe

Remataron estes días as obras de mellora de accesos ao núcleo de Aldurfe, unha obra que executou Construcciones Isidro.

Estas obras, que contan con achega do Plan Marco de Mellora de Camiños Municipais do Agader, tiñan por obxecto proceder á mellora dun camiño público moi deteriorado debido á súa antigüidade, uso e inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo.

Este camiño público discorre entre dúas explotacións agrícolas dando servizo a numerosas parcelas situadas entre elas. É un camiño que sale do núcleo rural de Aldurfe e



Estado da estrada tras as obras

conéctao coas explotacións que se sitúan á súa marxe oeste.

Trátase dun camiño que desde a LU-P-4404 discorre cara ao oeste

virando cara ao norte nas proximidades do río Miñotelo. Ten unha lonxitude de 1.181 metros e un ancho de entre 4 e 5 metros con sobreanchos puntuais nas interseccións.

As actuacións previstas para a mellora do pavimento deste camiño consistiron na extensión dunha capa de mestura asfáltica en quente de 6 cm de espesor executándose un bacheo previo con pedra e rego asfáltico en diferentes puntos. Tamén se procedeu á limpeza e apertura de cunetas. A obra ten un orzamento de 48.353,95 euros.

A biblioteca acolle tres contacontos do programa galego Ler conta moito

A biblioteca de Riotorto acollerá unha serie de actividades dentro do programa co obxectivo de promocionar a lectura entre os veciños

Estas actividades van dirixidas aos máis pequenos e consistirán nunha serie de contacontos a desenvolver en tres meses.

O primeiro tivo lugar en agosto e o 23 de setembro continuará a programación, ás 18.30 horas, coa obras *O coelliño branco*, de Trinketrinke Teatro. Finalizará este ciclo con *A maxia de Mary Poppins*, de Leo Leño o 23 de outubro.

uned.es

Aberto
prazo de
matrícula

Ata o 22 de outubro

Curso 2020/21

Grados / Mestrados / Doutoramento
Acceso para maiores
de 25,40 e 45 anos
Idiomas

HUMANIDADES: Antropoloxía, Filosofía,
Xeografía e Historia, Historia da Arte

CIENCIAS SOCIAIS: ADE, Economía, Turismo,
Dereito, Ciencias Xurídicas das Administracións
Públicas, Criminoloxía, Ciencia Política e da
Administración, Socioloxía, Traballo Social,
Educación Social e Pedagogía.

CIENCIAS: Psicoloxía

ENXEÑERÍAS: Electrónica, Eléctrica, Tecnoloxías
da Información, Informática, Tecnoloxías
Industriais e Mecánica

Máis info:

982 28 02 02

608 577 391

info@lugo.uned.es



Tolda de Castela 4B
Paseo do Miño
27169 Lugo

Sete Pontes



CONFÍE SU SEGURIDAD A UNA EMPRESA GALLEGA

Atención en toda Galicia y resto de España



grupo on seguridad s.l.

ALARMAS - CÁMARAS
 PROTECCION CONTRA INCENDIOS
 SERVICIO DE MANTENIMIENTO Y CONEXIÓN A CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS

Nº R.E.S. 3844



Si ya tiene alarma, consulte sin compromiso cambiar el servicio a GRUPO ON SEGURIDAD. Apoyándonos entre empresas locales (Reportaje interior en pag. 22)

**Calle Maciñeiras, 46
 Parque Empresarial Sete Pontes, 27800 Vilalba**

982 761 000
infocra@seguridadon.es – www.seguridadon.es

Progresar e traballar xuntos

Álvaro Fraga é o presidente da asociación de empresarios Sete Pontes dende o ano 2015

A Asociación de Empresarios Sete Pontes de Vilalba naceu no ano 1991 co obxectivo de defender os intereses dos empresarios ante as administracións e asesoralos naquelas facetas que o necesiten. Álvaro Fraga, o seu presidente, explícanos como foi a súa evolución.

Canta xente pertence á asociación?
A nivel asociación os datos que estamos manexando hoxe en día é que estamos preto das 200 empresas e aproximadamente 2.000 empregos. Contamos con preto de 100 empresas operativas.

Que expectativas teñen do polígono?
Desde a asociación estamos un pouco queixosos co tema da ampliación do polígono por parte do Goberno local. Si que é verdade que co tema do coronavirus parouse un pouco todo pero non todo se pode desculpar con ese tema. Levamos un retraso dun ano coa ampliación que está rematada e entregada de Entrepinares, que son uns 7.000 metros os cales entendemos que xa tiñan que estar funcionando. E Vilalba ten que aproveitar este tren que está a pasar agora mesmo porque o polígono ten unha moi boa potencia a nivel empresarial e comercial.

Que problema hai con ese terreo?
Agora mesmo xa tiña que estar entregada esa obra de Entrepinares, recibida e facer os trámites pertinentes por parte do Concello. Ademais nós sabemos que hai empresas interesadas en eles.

E coa ampliación?

Aínda que xa está feito o 80% da ampliación, aínda queda por facer moito, e sabemos que había un problema co tema de augas por parte do Concello e a documentación coa Confederación Hidrográfica del Miño-Sil para realizar unha serie de obras. A ampliación estaba planificada en 3 ou 4 fases, e era arredor de 400.000 metros cadrados de chan. Xa o anterior Goberno local tiña preparado o plan de cambio de chan rústico a chan industrial e así nun futuro dispoñer deses terreos tan só con trámites básicos.

Que ofrece o polígono de Vilalba?

Vilalba é un sitio de servizos e está moi ben posicionado a nivel galego. Estamos moi ben comunicados co porto da costa e coas autovías, temos servizos e eu creo que xa é o segundo polígono máis forte da provincia. Pero tamén necesitamos que as administracións estean implicadas e involucradas para crecer.

Que ofrecedes dende a asociación?

Os empresarios deben estar na asociación porque a unión fai a forza, cantos máis socios máis forza podemos facer para transmitir as nosas inquietudes ás administracións. Como socios facemos pulo a nivel colaborativo e temos unha serie de convenios con diferentes empresas, a poder ser da vila, que nos axudan a uns e outros a crear sinerxias e que o socio salga beneficiado. Por exemplo a nivel banca contamos con banco Sabadell, Abanca e Caixa Rural, coas gasoliñeiras temos descontos especiais aos socios, temos clínicas e bufetes de avogados, etc. Ademais a nosa cota da asociación é practicamente testimonial, son 70 euros ao ano cos cales prestamos moitos servizos.

Contades con viveiro de empresas?

Contamos cunha serie de locais no polígono e con condicións preferentes para os socios. Temos tamén un viveiro de empresas que permite



que comece as empresas con pequenas oficinas non con zonas de almacenaxe, e a nosa idea é seguir traballando nese viveiro para asentarse e madurar proxectos. Estamos crescendo cada ano nun 15 ou 20%.

Bota en falta algún tipo de empresa?

Temos empresas punteiras como as de enerxías renovables, que xeran 150 ou 200 empregos e crean sinerxias e traballo directa e indirectamente que recae no pobo. Creo que temos un pouco de todo pero o que a nivel particular como veciño de Vilalba creo que necesitamos un centro loxístico xa que permita dar servizo a todas as empresas que queiran asentarse arredor e así todo vaia crescendo por si só.

E co tema axudas?

Non temos axudas directas a asociacións porque todas pasan a través do Concello, é dicir sempre vai ligado a eles. Por exemplo se nós queremos facer unhas naves en terreos do Concello o diñeiro da Xunta o xestionan eles, e se o Concello non quere ou fai caso omiso ou non actúa a tempo nós non podemos acceder. Por iso intentamos por varios cauces pedir á Xunta que se cambie este modo de facer xa que para moitas cousas se retrasa, e non o decimos por menospreciar o labor do Concello senón por descargarlo de traballo e axilizar os trámites.

POLÍGONO E ASOCIACIÓN

O polígono ten unha superficie bruta de 487.686,25 m² e unha neta de 338.957 m² (diferenza entre o total da superficie do polígono e a superficie das parcelas e espazos non lucrativos). Atópase en dúas fases, a consolidada, na que as obras finalizadas son aptas para a instalación de empresas; e a fase de ampliación, en execución, na que están a realizarse as obras de urbanización e acondicionamento dos servizos básicos do chan industrial.

A Asociación de Empresarios Sete Pontes naceu en 1991 coa finalidade de realizar unha actividade colectiva e de forma estable. O seu obxectivo é defender os intereses dos socios e asociados, representalos ante as administracións públicas ou asesoralos en todas aquelas facetas que necesiten. Establecen, en colaboración cos organismos oficiais, a xestión e administración de servizos comúns para os asociados como a seguridade, formación, actos sociais, etc. Tamén organizan actividades de carácter informativo e formativo en materias que lles facilite o desenvolvemento das tarefas diarias.

“Os empresarios deben estar na asociación porque a unión fai a forza, cantos máis socios máis podemos facer para transmitir as nosas inquietudes”



Máis que unha ferraxería en pleno centro vilalbés

En Ferretería Puentes pódese atopar todo o necesario para facer a casa ou o negocio

Contan coa vantaxe de pertencer ao grupo Cenor, do que son socios fundadores

Unha ferraxaría é unha tenda onde se venden obxectos de diversas materias, principalmente de metal, como pechaduras, cravos, ferramentas etc. E, efectivamente na Ferretería Puentes de Vilalba cumpren todos estes requisitos e algún máis. Comezaron a súa andaina en 1898 con José, o bisavó, cun local no que antes era a esquina dos Marios. Despois, e visto o bo resultado que lles deu, trasladáronse á casa vella e xa cando chegaron á cuarta xeración dunha familia moi traballadora decidíronse por ampliar cara ao polígono Sete Ponte. Estes últimos anos rexentan a ferraxaría Enrique e Julio e contan cun total de 11 empregados para dar servizo ao pobo de Vilalba e arredores, porque a súa fama abarca toda a comarca. Nun principio apostaron por unha ferraxaría tradicional pero viron que o seu negocio tiña futuro e comezaron a traballar o ferro. Unha cousa levou a outra e decidíronse por ampliarse co sector de saneamentos, xa que tiña bastante que ver co seu enfoque de negocio, e, como todo nesta vida, seguiron crescendo un pouco máis co sector do electro. Sen perder o interese por crecen, ampliaron un pouco máis introdu-

ciendo os utensilios da casa e das cocinas, e cando se deron conta tiñan un pouco de todo. Como din eles, “na nosa tenda podes mercar todo o necesario para facer a túa casa ou empresa, agás o solar”. Agora mesmo están tentando deixar o “menudeo e vender máis cousas de volume”, é dicir, máis materiais de construción ou máis cousas de maior tamaño. Aínda que entenden que supón un maior gasto e o marxe redúcese moito, pero coas novas tecnoloxías en auxe “é o que toca”. No polígono contan cunha nave máis enfocada ao sector da construción no que se poden atopar materiais como plaquetas, porcelánicos, sanitarios, etc. Pero non só queren quedarse aí, senón que xa pensan no futuro e en mellorar día a día por iso contan con proxectos de ter todo máis tecnolóxico a nivel de stock, de albarán de servizos, e incluso de que o cliente se sirva a si mesmo, “un pouco ter menos gastos e tirar máis cara ao dixital”. “As compañías como Amazon chegan moi ben ao pequeno comercio, a mercar tixolas ou libros, pero non vas comprar unha lavadora ou un saco de area con eles”, explican. “O motivo fundamental é porque tan só cho sirven na porta da casa, despois non o colocan e non retiran os electrodomésticos vellos, no caso de servir estes aparatos. Isto é un punto a favor é moi forte neste tipo de negocio, eles prestan un servizo ao cliente no que internet non pode competir”, engaden. Tamén se deron conta “dos tempos que nos toca vivir” e por iso teñen unha plataforma dixital de



venda xa que “hoxe os negocios pequenos van ter que contar cun negocio dixital se queren sobrevivir, xa que ao pequeno comercio quedánlle poucos anos sobre todo coas xeracións novas que están afeitas a mercar absolutamente todo por internet”. Ademais, Ferretería Puentes conta coa vantaxe de pertencer ao grupo Cenor do que son socios fundadores e que desde 1990 unifica as compras de pequenas tendas de electrodomésticos rexionais para acadar un maior poder de negociación e así competir coas primeiras grandes superficies.

O crecemento de Cenor baseouse na proximidade, e no coñecemento dos clientes e o compromiso coa contorna. “Así temos servizo de electros de gama branca, menaxe, electrónica, etc”.

Ferretería Puentes

Polígono Sete Pontes, Parc. 4
Rúa do Castiñeiro
982 511 115

Rúa da Pravia, 25
982 51 00 55

S M I  info@smi.gal

SOLUCIONES METALÚRGICAS INTEGRALES 1980, S.L.

SOLUCIONES PARA LA FABRICACIÓN DE PIEZAS Y TODO TIPO DE MAQUINARIA INDUSTRIAL

MECANIZADO CNC
CALDERERÍA
FABRICACIÓN DE MAQUINARIA
REPARACIÓN DE EQUIPOS

Polígono Industrial Sete Pontes
C/ Castiñeiro, Parcela 18 - 27800 Vilalba (Lugo)
982 511 501 / 982 523 057

O modelo de negocio con máis seguridade

On Seguridad conta cun modelo empresarial único o que o fai diferenciarse dentro do seu sector

Tal e como se definen a si mesmos, e aínda sendo unha sociedade limitada, Grupo On Seguridad é un proxecto de tipo cooperativo formado por empresas instaladoras de sistemas de seguridade e protección contra incendios de toda España.

En que consiste exactamente o seu modelo de negocio?

En 2011 un grupo de pemes dedicadas á instalación e mantemento de sistemas de seguridade, alarmas e protección contra incendios, con intereses e preocupacións similares, decidiron crear unha sociedade multicompartida para poñer en marcha iniciativas de interese común. Así naceu Grupo On Seguridad, unha sociedade participativa onde os seus asociados, ou o que é o mesmo os seus donos, son empresas instaladoras que colaboran na súa xestión. O labor da empresa é achegar aspectos de valor aos seus asociados e lanzar ao mercado unha oferta alternativa de servizo de seguridade, de moita calidade pero a prezos razoables. Constituímos a maior rede técnica nacional creada ata o de agora pola unión de empresas instaladoras de seguridade. Con este modelo empresarial, soubemos conxugar as bondades dunha asociación empresarial cos dunha sociedade cooperativa. É a iniciativa en alcance cooperativo

de maior éxito habida ata hoxe en España entre empresas instaladoras de sistemas de seguridade e alarma, o exemplo vivo de como se pode ser competencia pero ao mesmo tempo colaborar en asuntos de interese común. O modelo non anula a personalidade empresarial nin a liberdade de acción de cada un dos seus asociados, non é unha franquía, simplemente incorpora ás súas asociados capas complementarias de valor engadido.

Cantas empresas forman Grupo On e que capacidade teñen para chegar a todo o mercado español?

Neste momento hai 36 empresas asociadas e outras 50 colaboradoras coas que cubrimos toda España. En Galicia temos socios en todas as provincias, é unha das zonas onde temos unha maior cobertura.

Que aspectos de valor achega Grupo On aos seus asociados?

Grupo On é unha extensión das súas propias empresas. Somos unha central de compras e negociamos con todo tipo de provedores. Buscamos alianzas comerciais que lles acheguen clientes e traballo. Temos unha Central Receptora de Alarmas radicada no polígono Sete Pontes de Vilalba, unha das mellores de España por calidade de servizo e tecnoloxía. Reinvestimos cada ano

gran parte do beneficio en innovar e incorporar tecnoloxía. E cada ano crece o persoal de operadores, polo que damos traballo a moitas persoas da rexión.

De que maneira repercute este modelo de negocio no cliente final?

Hai dous tipos de clientes. Os que contan cunha ampla dispersión de centros adoitan contratar con grandes compañías de ámbito nacional porque queren unha interlocución única, un só contrato e recibir servizo técnico rápido en calquera punto, pagando por iso prezos elevados. Con todo, a maioría das veces cumpre mellor estes aspectos unha peme que unha gran multinacional e sen ter o cliente que pagar un prezo tan elevado. Grupo On é unha alternativa a estas grandes compañías porque aínda o mellor de ambos os mundos: servizo áxil



con cobertura nacional pero ao prezo razoable dunha peme. En clientes individuais máis pequenos somos



unha alternativa ás grandes marcas de venda masiva de kits de alarma que vemos constantemente publicitándose. Nese modelo de funcionamento o que prima custe o que custe é conseguir a venda, deixando de lado se o sistema, que é o mesmo para todos, é o máis adecuado para protexer a cada cliente. Iso si, dan facilidades de entrada no pago pero a cambio de longos tempos de permanencia comprometidos e dificultades contractuais e técnicas para saír do servizo. E a un prezo pago en cotas a medio prazo moi elevado. As empresas do noso grupo non funcionan así. Buscan clientes que queden ben protexidos a prezos razoables. Clientes convencidos, fieis por moitos anos por calidade de servizo e bo prezo, non por catividade contractual ou técnica. E para logralo, analizan o nivel risco de cada cliente e deseñan o sistema a medida. Financian só se o cliente precisa. E sempre deixan a liberdade contractual e técnica para que o cliente cambie de provedor se o desexa. É a outra maneira de facer as cousas, asegurar que o cliente obtén o que busca, unha seguridade adaptada e eficaz.

Que tipo de servizos prestan desde a Central Receptora de Alarmas de Vilalba?

Conexións de alarmas de roubo e incendio, servizos de teleasistencia, de xeolocalización móbil de persoas, mascotas, vehículos e obxectos, servizos de conserxería remota e videocontrol, atención a gasoleiras desatendidas, telemantencimentos, etc. Calquera servizo que requira un control 24 horas e unha resposta inmediata en caso de emerxencia. E distínguonos a calidade de servizo, como o demostran as certificacións obtidas, entre as que destacaría a certificación UNE-EN 50518 específica para Centros de Supervisión e Centrais Receptoras de Alarmas, sendo do primeiras CRA en España que obtén dita acreditación. Para acabar, quixera dar as grazas a Terrachaxa pola súa amabilidade e pola oportunidade brindada de dar a coñecer o modelo empresarial de Grupo On Seguridad. E animaría a todos aqueles usuarios que vaian instalar un sistema de seguridade ou que xa teñan unha alarma conectada cunha central receptora dunha multinacional, que consulten as propostas de pemes próximas de empresas nacionais, seguramente quedarán sorprendidos do bo prezo e servizo que poden obter e estarán a axudar a relanzar a economía local.

On Seguridad

Rúa Maciñeiras, 46
982 761 000
infocra@seguridadon.es
www.seguridadon.es



Os expertos en obras

Construcciones Sanjurjo, calidade e bo prezo



A empresa de construción vilalbesa Sanjurjo desenvolve a súa actividade desde hai máis de 40 anos nos sectores da construción e extracción de áridos.

Entres as súas particularidades destaca que utiliza os produtos e sistemas máis avanzados, cumprindo sempre cos máximos estándares de calidade.

Ao seu fronte hoxe en día atópase José Sanjurjo, que foi tamén un dos precursores na construción da primeira fase do

polígono Sete Pontes. Están centrados fundamentalmente na obra civil, edificación, rehabilitación e extracción de áridos. Traballan tanto para o sector público como para o privado, gozando amplamente “da confianza dos nosos clientes”. “A nosa política de calidade céntrase na construción das obras de acordo á finalidade requirida polos nosos clientes optimizando o prezo, cumprindo o prazo e coa calidade especificada”, di. Preocúpanse especialmente pola calidade das vivendas, sendo estas referencia na zona. Tamén están orientados a obras en xeral e sempre ofrecen os mellores acabados e materiais.

Construcciones Sanjurjo

Polígono Sete Pontes, Parc. 34
Rúa do Carballo

Rúa Jose Maria Chao, 21
982 510 211
www.jsanjurjo.com

Dende 2006

Patatas Vilalba serve a toda a provincia de Lugo



A empresa Patatas Vilalba asentouse no polígono Sete Pontes xa fai 14 anos e dende aquelas xa conta con 5 empregados que dan servizo a todas as demandas.

A raza da pataca galega por excelencia é a Kennebec, a cal traballan durante o inverno para despois dar paso de maio a agosto ás que veñen de fóra.

“Vendemos sacos de 20 quilos a particulares aínda que para fruterías ou tendas máis pequenas proporcionámoslles de 5 ou 10

kg”, di Mónica, a súa propietaria. Serven patacas a toda a provincia de Lugo ademais de que contan co transporte necesario para levalas e servilas aos clientes.

Patatas Vilalba

Rúa do Salgueiro, 15
651 037 211
982 512 542

TODO EN ALIMENTACIÓN
Refrigerados y Congelados

REPRESENTACIONES CABARCOS

A mellor impresión Junor, líder no sector das artes gráficas e a publicidade



Junor é unha empresa galega situada en Vilalba líder no sector das artes gráficas en España. “Traballamos todos os soportes publicitarios: papel, artigos promocionais, agasallos de empresa, téxtil, gravación a láser, almanaxes”, di o seu propietario, Carlos López, máis coñecido como Zoilo. El fíxose cargo da empresa no ano 88 e especializouse no artigo publicitario. Agora son distribuidores das máis importantes marcas do sector, e así poden ofrecer as mellores condicións en termos de prezos.

A empresa inical foi fundada en 1952 por dous irmás e foi tal o crecemento que tiveron que trasladarse aproximadamente 25 anos despois ao polígono Sete Pontes xa que necesitaban máis espazo e tamén porque vían que cambiaban as maneiras de traballar.

O seu negocio expándese sobre todo no noroeste español, e tamén coas comunidades de Cas-

tela e León e Extremadura. Carlos conta que o seu produto máis forte son “os artigos promocionais elaborados en todo tipo de material. Sempre estivemos en constante crecemento, levándonos a ser hoxe en día un referente no sector do reclamo publicitario”.

Contan con talleres propios de case todas as técnicas de impresión: offset, serigrafía plana e téxtil, dixital, tampografía, láser, termogravado, impresión en contínuo para etiquetas e encadernación.

Junor

Rúa do Acibro, Parc. 47A
982 523 043
junor@junor.es

Avenida de Galicia, 1
982 510 106

“Gústanos a calidade”

Distega, embutidos e xamóns dende 2001

A empresa Distega distínguese pola súa calidade en embutidos e xamóns, os cales distribúe á ampla maioría dos concellos limítrofes e incluso a algunhas zonas da Coruña. Ao seu fronte atópase Dionisio Teniente Yañez, xerente dunha empresa familiar que xa se atopaba na vila dende o 2001 pero visto que o negocio ampliouse e era necesaria a expansión decidiuse a trasladar Distega ao polígono industrial Sete Pontes no 2012.

Este negocio familiar conta con dúas persoas máis xunto a el, os cales decidiron darlle unha volta as súas vidas e embarcarse neste gastronómico negocio.

A súa filosofía de empresa é moi sinxela pero eficaz: constancia e seriedade. Isto é o que lles levou a mellorar día a día. Destacan no seu negocio o servizo de paquetería o cal ofrecen a todos os seus clientes. Agora e con miras de futuro cara ao



negocio dixital queren incorporar unha páxina web para facilitar a compra dos clientes e ter todo máis modernizado, así como os espazos de almacenaxe e a distribución da nave.

Non elaboran os seus propios produtos pero o que “si intentamos é seleccionar pequenos produtores que teñan como filosofía coidar da calidade en xeral, e dos produtos en particular”. Para asegurarse de

que isto e así, fan visitas regulares ás fábricas, fan as súas catas internas dos produtos, etc.

Distega

Rúa da Maciñeira, 47
982 512 875 / 670 768 334

A última empresa en chegar RYS Sesacar, tenda de recambios e subministros

A empresa de nova creación RyS Sesacar ofrece ampla gama de produtos para satisfacer as necesidades de particulares, talleres e dos sectores agrícola, forestal e industrial.

Fundada fai dous meses ao seu fronte atópase Carlos Hermida, que tras 30 anos traballando no mesmo sector decidiuse a crear o seu propio negocio, creando unha sociedade con Sera e Samuel.

“Decanteime polo polígono Sete Pontes porque é donde se atopan unha gran parte dos establecementos, como os talleres, industrias, ITV,...” di Carlos. O que os clientes poden atopar nesta empresa son recambios e subministros para os diversos sectores, latiguillos para os que contan con taller de fabricación propia e ademais taller de reparación.



Por outra banda dispoñen dunha exposición de produtos agrícolas e forestais. No polígono contan cunha nave de aproximadamente 500 metros cadrados.

De momento son bastante novos no polígono pero xa pensan en expandirse un pouco máis e teñen un proxecto de futuro para a venda por internet.

RYS SESACAR

Rua do Freixo, Parc. 53
982 83 11 05
recambios@sesacar.com



Pol. Industrial, P-2. 27800 VILALBA - Lugo. TLF.: 672 095 214
ingama@gmail.com / https://www.facebook.com/ingamacocinas/



Vilalba, S.L.

Tels.: 651 037 211
982 512 542
Polígono Industrial
27800 VILALBA (Lugo)

Todas as solucións do motor

Talleres Sardiauto, 38 anos prestando servizos en Vilalba



Talleres Sardiauto naceu no ano 1982 no corazón da capital chairga e trasladouse ao polígono Sete Pontes no ano 1998. O seu taller conta con 38 anos de experiencia no sector da automoción como multimarca, especializado no grupo VAG. Ofrecen solucións a calquera problema do automóbil, xa sexan avarías, golpes, unha compra de coche ou calquera outra xestión. Prestan servizos de todo tipo aos seus clientes como a electro-me-

cánica, chapa, pintura, recambios, servizo de guindastre 24 horas, compra-venta de vehículos de ocasión, venda de vehículos novos das marcas Seat, Volkswagen e Audi, e moitos máis.

En Sardiauto, contan co mellor equipo de profesionais. O seu xerente, Jesús Sardiña Durán, contou sempre con empregados especializados e en continua formación, agora están entre 5 e 7 empregados, así como o equipamento do taller coa última tecnoloxía, todo iso imprescindible a día de hoxe para poder garantir o mellor servizo postventa e unha atención personalizada, próxima e cualificada e todos os servizos que necesite o automóbil. Teñen moi en conta aos seus clientes por iso intentan "reinventarse día a día" buscando diferentes ideas, alternativas e solucións, tanto a nivel de taller como de vendas. "A calidade dos servizos e produtos, a ilusión, a experiencia e a paixón de cada unha das persoas que forman parte do equipo constitúen o que hoxe en día é esta empresa", din.

Sardiauto

Rúa Salgueiro, Parc. 14A
982 511 108
sardiauto@sardiauto.com

Proxectos e reformas

Ingama, especializado no traballo a medida

Ingama é hoxe unha empresa referencia especializada nas reformas integrais de vivendas e locais comerciais que evolucionou dende a súa orixe, no ano 1988, dende a carpintería ata a construción e as reformas integrais. A súa característica é o traballo a medida no deseño e montaxe de cociñas, carpintería, reformas de vivendas e proxectos urbanísticos adaptándose ás necesidades do seu cliente. De feito, as súas cociñas, modernas, clásicas e

rústicas, destacan sempre pola súa funcionalidade.

A súa ampla gama de produtos permítelles ofrecer unha gran variedade de servizos destinados ao equipamento do fogar ou do negocio. Ofrecen unha exposición de cociñas xa deseñadas e mobles a medida, ademais contan con taller propio e servizo de montaxe. Dispoñen tamén dunha gama alta de catálogos, de electrodomésticos e mobles xa fabricados doutras marcas.



Fontelas

Rúa Maciñeira, Parc. 41
982 513 643
info@fontelas.es

Queixería Fontelas

Un referente en calidade e innovación alimentaria



Desde Lobán, sito San Simón da Costa, Queixería Fontelas consolidouse na produción de queixos con Denominación de Orixe San Simón. Respectando sempre os valores estritos de calidade dos comezos, Fontelas foi evolucionando ata converterse en referente na calidade e tamén na innovación. Contan cunha ampla variedade de produtos que consolidaron unha forma de traballar e permíttelles obter un recoñecemento xeral das súas elaboracións. Froito do seu crecemento son as novas instalacións situadas no polígono industrial Sete Pontes. Unha nave de 500 metros cadrados á que trasladaron gran parte

da súa actividade. A súa fábrica orixinal, situada no barrio de Lobán na parroquia de San Simón, céntrase na produción, mentres que os demais procesos: secado, afumado e etiquetaxe de queixos realízanse nas novas instalacións. Nesta nova localización dispoñen tamén de tenda de venda ao público.

Ingama

Rúa do Castiñeiro, Parc. 2
982 239 232
www.ingama.es

- RECAMBIOS EN GENERAL
- HIDRÁULICA
- NEUMÁTICA
- JARDINERÍA
- VENTA DE MAQUINARIA
- SERVICIO DE REPARACIONES

RYS
SESACAR
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo
982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

UNHA BOA IMPRESIÓN
artes gráficas

Junior
artigos publicitarios

Solicite o noso catálogo de
produto COVID a prezos especiais

Teléfono 982 52 30 43

Polígono Industrial www.junor.es VILALBA

Dende Vilalba, os mellores en alimentación

Representaciones Cabarcos distribúe produtos de alimentación a comercios de Lugo e A Coruña

Hai sesenta e cinco anos Gabriel Cabarcos abría no centro de Vilalba un pequeno negocio orientado á venda de gaseosa para as pequenas tendas. Así nacía Representaciones Cabarcos, a que hoxe é unha empresa familiar dirixida á distribución de produtos de alimentación, refrigerados, conxelados e bebidas. O progreso e o crecemento experimentados por esta empresa, que sempre estivo ao tanto das tendencias para adaptarse ao mercado, fixo que tiveran que mudarse hai 23 anos ao polígono industrial e xa chegan aos 14 empregados. Ao fronte atópase Ana Cabarcos, que comenta que Representaciones Cabarcos “son coma unha familia, axúdanse uns aos outros”. Hai algúns empregados que levan moito tempo e por exemplo teñen tres que son irmáns.

Xa están traballando na cestas de Nadal nas que contan con diferentes presupostos, sempre adaptándose ao gusto e pedido do cliente.

“Contamos con cesta ou estuches desde 12 a 700 euros, temos unha moi boa variedade. Por eso contamos cun catálogo para que o cliente escolla os produtos ou nos diga canto quere gastar”, di Ana.



Traballan con algunhas marcas en exclusiva como Mahou para a comarca, Campofrío, García Baquero, membrillo AG e os lácteos, porque levan toda a gama de produtos Lactalis, etc... Pero tamén se un cliente prefire outro produto adáptanse a todas as marcas, sempre buscamos o mellor para el. Contan con 1.122 referencias, o que implica unha gama moi ampla pero o que non teñen son produtos frescos como verduras e froitas, pero si conxelados como polbo, gambas ou ameixas que se venden moito na hostalaría e tamén carne de porco ibérico conxelado. Traballan en toda a provincia de Lugo e parte da Coruña que inclúe, a costa, a cidade, Betanzos, Cambre, Sada, Melide, Arzúa, etc. “Cada vez abarcamos un pouco máis”, engade, e se alguén de fora de Galicia lles fai un pedido contan cun servizo



personalizado e “facémolo chegar a donde faga falla. É moi importante o servizo e a atención ao cliente”. Contan cos seus propios vehículos para facer os repartos, nos que teñen 5 camións para facer o traballo, 6 coches comerciais e unha furgoneta para necesidades especiais e tela dispoñible sempre. De cara ao futuro non piden moito, tan só poder manterse xa que estes últimos meses foron “un pouco duros para todos” pero durante a corentena estiveron facendo venda telefónica e “por aí irá o futuro pero aínda a xente non está moi polo labor”, din. “A nos a covid-19 afectounos porque vendíamos moito a hostalaría e a colexios para os comedores, e este ano é unha incertidumbre” engade. Tamén cando valora o futuro ve por onde vai a moda e as novas tecnoloxías e “estamos traballando na venda online sexa a particulares como a negocios, xa que é o futuro”.

Xa falando das amplas medidas de seguridade por mor do coronavirus, en Representaciones Cabarcos contan con todas

as medidas de protección e de seguridade cara eles e cara os clientes. “Desinfectamos os camións todas as mañás antes de cargar e logo os repartidores tamén se desinfectan antes de facer as entregas”.

No tema do coronavirus opinan que tiñan que ter é certa seguridade por parte das administracións en que non estás contaxiado, por iso cre “que aos repartidores ou comerciais deberían facerlles probas como a outros colectivos pois tamén están en contacto con moita xente. Se ti lle dis á xente que fixeche a proba e deu negativo recíbenche de diferente maneira ademais da tranquilidade que tes ti persoalmente”.

Distribúen 1.122 referencias de produtos alimentarios de todo tipo, agás frescos

- * VENTA DE LOCALES COMERCIALES
- * VENTA DE ÁRIDOS DE CANTERAS PROPIAS
- * CANTERA DE PIEDRA CALIZA EN POUSADA (PASTORIZA)
- * CANTERA DE ZAHORRAS NATURALES (MATERIAL SILICEO) EN LADRA (VILALBA)
- * MOVIMIENTO DE TIERRAS
- * DEMOLICIONES
- * PAVIMENTACIONES (ZAHORRAS, HORMIGÓN, ASFALTO)
- * TODO TIPO DE OBRA PÚBLICA Y PRIVADA



C/José María Chao nº 21, 27800 Villalba (Lugo)
Tel: 982 51 02 11 / info@jsanjurjo.com / www.jsanjurjo.com

Cabarcos

Rúa Acibro, 47
982 510 675
635 462 877
info@representacionescabarcos.com

A mellor seguridade para non ter risco

Prolavi ofrece protección e material laboral ás empresas e coa covid-19 viu o seu negocio en auxe

Prolavi, ou Protección Laboral Vilalba, xurdiu da crecente necesidade de dotar ás empresas e traballadores dun material especializado que permita realizar os traballos de forma segura e minimizando os riscos. Ao fronte desta empresa atópase Carlos Pita, que comezou traballando como técnico de prevención de riscos laborais durante varios anos para despois decidirse a montar o seu propio negocio na súa terra. Así, comezou Prolavi no ano 2006 nun local en Vilalba duns 60 metros cadrados para logo ir crescendo pouco a pouco e chegar aos 8 empregados que son agora nestes momentos. Coa finalidade de cubrir todos os riscos e eventualidades que

puidesen presentarse na súa contorna laboral contan á súa disposición cun amplo catálogo con máis de 1.000 artigos de protección, así como un servizo de asesoramento técnico que permite seleccionar aqueles artigos máis adecuados en base á avaliación de riscos das diferentes empresas.

“No polígono temos o almacén desde onde distribuimos todo o material e ademais temos outra delegación en Vigo e en Viveiro”, di Pita. Teñen todo tipo de material de protección para os diferentes sectores como hostalaría, farmacias, etc. Pita destaca que o seu forte son “as ferramentas necesarias para o sector eólico”, aínda que a maior parte deste material envíase fóra de Galicia. Por outra banda, eles xa contaban coa venda por internet pero co tema da covid-19 o seu negocio creceu exponencialmente “aínda que baixou un pouco noutro tipo de produtos” pero destaca que estase movendo moita máis mercadería a través de internet.



Agora o máis demandado polo tema do coronavirus son as máscaras, luvas, batas, pantallas de protección, xel hidroalcohólico, dispensadores e sinalización. Transportamos e colocamos nós. Tamén proporcionan aos seus clientes o servizo de transporte de material mercado e a súa colocación.

Prolavi

Rúa Cidade de Lugo, 16
982 512 184
www.prolavi.es

FP

Ferretería Puentes, S.L.

FERRETERÍA EN GENERAL MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN

Artículos de regalo - loza - cristal - vidrios
electrodomésticos - material eléctrico - pinturas
tuberías - saneamientos - hierros
mobiliario de baño y complementos

Polígono Industrial, Parcela 4
Tfno.: 982 511 115

Rúa da Pravía, 25/27

Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503

VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com

Integrada en:

cenor
electrodomésticos

O mellor almuerzo no polígono Sete Pontes

A parrillada Revolta ofrece un servizo accesible, económico e rápido para os seus comensais

Revolta é un dos restaurantes máis recomendados da localidade de Villalba e atópase dentro do polígono Sete Pontes. Traballan con persoal altamente cualificado o cal lle dá unha atención amable e personalizada aos seus clientes. Contan con comida para levar e un amplo menú do día e cunha cómoda terraza onde o seu persoal ofrece unha atención de calidade. Neste local pódese desfrutar de comida caseira en calquera das súas especialidades.

“Coa pandemia implantamos un servizo de comida para recoller que segue a funcionar”

Cando comezaron?

A parrillada Revolta abriu o 10 de agosto do 2000, de feito este ano fixemos o 20 aniversario dedicándonos aos nosos clientes para poderlle dar o mellor servizo nas situacións que nos tocou en cada momento.

Que clientela teñen?

Moitos dos nosos clientes son traballadores do polígono. Lembrocando comezamos que daquela non había tanto movemento coma hoxe en día, e iso é porque o polígono foi medrando. Desde fai 10 anos todo ese crecemento notouse moitísimo e o polígono pasou a ser unha das partes importantes do pobo. Os nosos clientes son todo o personal laboral do polígono e tamén o resto de traballadores vinculados por relacións laborais ao mesmo, como os comerciais ou mesmo os seus clientes.

Que cambios tivo ao longo deste tempo en activo?

Empezamos dando 12 comidas hai 20 anos e fomos de menos a máis

adaptáanos ás necesidades que nos demandaba a clientela. Antes da pandemia estabamos dando un servizo completo de comidas e xerando 12 postos de traballo. Agora tócanos iniciar unha nova etapa por eso decidimos dende que foi o confinamento abrir desde 6.30 da mañá ata as 19.00 horas, pechando un pouco antes e eliminando o traxecido das tapas para poder centrarnos no tema do polígono e dedicarnos á limpeza e ás novas necesidades que nos demanda a situación e sempre na procura de dar un mellor servizo debido á incerteza que temos.

Como é Revolta trala pandemia?

Trala pandemia fomos dos primeiros negocios en Vilalba en abrir as súas portas, e foi un gran sacrificio pero entendíamos que os nosos clientes que seguían traballando naqueles servizos mínimos tiñan que comer ou ir ao baño ou mesmo facer un descanso.

Entón contan con amplas medidas sanitarias?

Segundo remata a xornada do mediodía desinfectase todo perfectamente para telo todo ben limpo e ordeado. Porque o que buscamos é que os nosos clientes estean tranquilos no noso local. Facemos todo o posible para que aquí non haxa contaxios incluso seguimos mantendo as separacións das mesas para dar tranquilidade. Entendemos que o fundamental



é o traballador do polígono e a súa confianza, así dámoslles os almorzos e a súa comida ao mediodía, e por iso deixamos un pouco máis de lado os viños da noite para aproveitar ese tempo en ter todo listo e preparado para o día seguinte. Adaptámonos ás medidas que se impoñen dende a administración e intentamos aumentalos un pouco máis para dar un bo servizo aos nosos clientes, que o merecen.

Contan con servizo de recollida de comida?

Coa pandemia implantamos un sistema de comidas para recoller no local e levar a través dunha web e a xente chamaba ou a encargaba a través dela. E a xente sigue podendo facelo para levala calquera día da semana á súa casa ou para o traballo.

Por que destacan as súas comidas?

O noso negocio, despois da nosa traxectoria, está identificado e ten moita demanda o menú do día. Intentamos dar os máximos pratos distintos e posibles todos os días porque se a un traballador daslle sempre o mesmo ao final non volve. Contamos cunha ampla variedade de primeiros e segundos pratos, onde podes atopar entre 10 ou 15 pratos de cada un. Pero sobre todo destacamos en que a nosa comida é caseira e sabrosa. Os nosos cociñeiros preparan pratos típicos da cociña galega como caldos, potaxes ou carnes asadas, traballando con produtos da zona.



Que ofrecen nos almorzos da mañá?

Podemos ter tanto bollería ata cousas salgadas como bocadillos acompañados de café ou zumos ou mesmo o que nos pidan, intentamos ofrecer o mellor servizo desde primeira hora da mañá.

Cal é a súa filosofía?

Hai que ser accesible, económico e rápido. É o que a xente traballadora dun polígono necesita e pide, xa que teñen que comer e seguir para traballar xa que dispoñen de pouco tempo. Non é como cando vas facer un negocio ou pechar tratos nos que as comidas poden ser máis distendidas.

Como ve o futuro?

Falar de futuro é difícil, porque o que estaba pensando fai 4 meses xa está obsoleto. Iso foi noutra época e agora mesmo hai que prepararse para outros tempos e concienciarse de que o sector hostaleiro vai levar o golpe máis forte de todos e non creo que saíamos reforzados. Haberá que adaptarse e intentar dar un servizo distinto ao que pidan e rixan as normas.

Parrillada Revolta

Rúa do Castiñeiro, Parc. E1
982 512 046
info@revolta.es
www.revolta.es



Rúa da Maciñeira, P.47 Pol.Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba (Lugo)
Telfs: 982 512 875 / 670 768 334
E-mail: administracion@distega.es

Referente nacional e internacional no sector eólico

Forma-T ofrece formación e consultoría en prevención de riscos laborais ás empresas dos distintos sectores

Forma-T é unha empresa de formación e consultoría no campo da prevención de riscos laborais na que se encargan de xestionar dunha forma cómoda e eficiente as necesidades formativas das empresas nos distintos sectores laborais.

A empresa vilalbesa fixo da formación o seu modo de negocio e a súa actividade en constante crecemento levounos a ser hoxe unha referencia nacional e internacional na prevención de riscos no sector eólico. Apostan forte pola prevención porque como asegura Iván Fernández, o seu xerente, “aplicando medidas preventivas no traballo conseguimos facer a mesma produción e ademais reducimos o risco.

Forma-T comezou a súa aventura no 2011, arrincando primeiro en Meira e a primeiros do 2012 deron o paso a Vilalba, que é onde teñen a súa base por ter unha mellor ubicación.

Contan cunha centro de formación no que imparten os seus cursos ademais de contar cunhas instalacións de primeiro nivel para impartir a formación práctica.

Dentro da formación máis demandada, Iván Fernández destaca o sector forestal “no que traballamos moito e ao que dedicamos nas nosas instalacións 25.000 metros cadrados para prácticas coa nosa

propia maquinaria”. Tamén di que “este sector é moi importante en Galicia e agora mesmo non é o mesmo que antigamente. Hoxe en día traballar no campo, debido aos avances tecnolóxicos e ás maquinarias modernas considérase un bo posto de traballo polas súas comodidades, menor risco e máis produción. Por iso intentamos formar a xente para que atope un posto de traballo neste sector”, di Fernández. Este tipo de cursos teñen moi boa acollida xa que o ano pasado formaron a 120 persoas das cales casi o 90% está traballando. “Hai que darlle un valor engadido ao traballo no monte, nun ámbito de traballo fantástico e na natureza”, engade.

A pandemia tamén lles deu un golpe na posta en marcha dos cursos e van un pouco máis lentos, “cursos que tiñan que comezar en marzo farano agora en setembro. Houbo que paralizar proxectos importantes”, di Iván.

Tamén contan con outra parte importante que son os CAP dos transportistas que “teñen moita demanda”. A última novidade foi a incorporación dos cursos de Marina Mercante, nos que están certificados para traballar coa formación reglada polo Ministerio, e o de Telco, necesario para todos os traballadores do sector das comunicacións. No tema do sector eólico son líderes xa que “somos os sextos do mundo e os primeiros de España en tema de formación laboral neste sector e é para sentirse super orgullosos, xa que estamos nunha pequena ubicación pero que facemos cousas como se estiveramos nunha gran cidade. Aínda que isto supón que a partir de agora nos puxeron deberes para non baixar o ritmo”, di Fernández.



Contan cun equipo moi experto e profesional e como di Fernández “para poder perdurar hai que cooidar aos clientes, e mellorando o noso servizo sempre día a día xa que nós non podemos ser un lastre senón unha axuda debido a que somos unha empresa de servizos”. E ademais teñen unha inversión debido a que apostan por formacións prácticas que necesitan moitas infraestruturas e medios. O síntoma de que están a facer ben as cousas é que están a formar a empresas internacionais de 10 ou 12 países diferentes polo que “dan ganas de seguir facendo proxectos e

avanzando”.

O único que lle pide ao seu equipo é facer as cousas ben xa que se todo vai ben, o crecemento de futuro vai ligado a elo e a ser estables e perdurar no tempo.

Contan cun centro de formación no que imparten os cursos e unhas amplas instalacións para a fase práctica

Forma-T

Rúa do Acibro, Parc. 59
982 513 605
info@grupoforma-t.es
www.grupoforma-t.es



AMPLIO MENÚ
DEL DÍA

info@revolta.es
www.revolta.es
982 512 046

Solucións metalúrxicas desde 1980

A empresa SMI ofrece todo tipo de servizos relacionados coa metalurxia e aporta solucións personalizadas

A empresa vilalbesa SMI (Solucións Metalúrxicas Integradas 1980, SL) desenvolve con dedicación e profesionalidade solucións para a fabricación de pezas para todos os sectores industriais, así como de deseño e fabricación de todo tipo de maquinaria industrial. Fundouse nun baixo do centro de Vilalba e posteriormente trasladouse á súa localización actual no Polígono Industrial Sete Pontes.

Desde a súa fundación, fai xa case 40 anos, seguen a traballar para e por Vilalba con clientela fundamentada en empresas de toda Galicia.

Conta cunhas instalacións de máis de 1.800 metros cadrados nas que realizan as actividades de mecanizados CNC, caldeiraría, fabricación de maquinaria e reparación de equipos e con arredor dos 18 empregados.

Teñen unha ampla versatilidade nos medios de produción permitiéndolles realizar traballos en grandes series como lotes máis reducidos.

Por outra banda, na fabricación de maquinaria especial, ao desenvolver todos os procesos de forma interna xa sexa do deseño e execución da parte mecánica, como o desenvolvemento e execución da parte de control e



automatización; fai que poidan ofrecer solucións individualizadas nun prazo reducido e a un prezo competitivo.

Dentro do mecanizado de CNC teñen a capacidade para producir todo tipo de pezas de diferentes materiais e formas, de tamaño medio; tanto en series curtas como en lotes grandes. Dispoñen de maquinaria de control numérico e dun capital humano altamente formado, o que “nos permite conseguir acadar altos requirimentos de calidade”.

Coa caldeiraría adócanse á fabricación de equipos e pezas mecánicas soldadas, tanto en aceiros de construción como en aceiros inoxidables e aluminio.

Están especializados na fabricación de maquinaria industrial para diversos sectores, ofrecendo solucións de automatización industrial. Ao ter oficina técnica propia e os medios de produción para a fabricación de compoñentes, “podemos ofrecer solucións personalizadas chave en man”.

Xa na reparación de equipos o seu persoal conta con experiencia contrastada no mantemento e reparación de todo tipo de equipamento industrial, ben sexa nos compoñentes mecánicos como nos accionamentos eléctricos, hidráulicos ou pneumáticos. Dentro do seu compromiso coa educación e coa creación de emprego na comarca este ano estreárase coa FP Dual a través dun convenio que acaba de firmar co CIFP Ferrolterra. A FP Dual é a combinación de formación entre un centro de ensino e unha empresa e ten moitos beneficios para os alumnos.

A través deste acordo co centro ferrolán, que estará en vigor os próximos dous anos, así conta con dous alumnos realizando a FP Dual aínda que desgraciadamente as prácticas do 2020 houbo que paralizalas por mor da pandemia, pero esperan poder retomalas no 2021. Desde sempre colaboran cos centros educativos, pero “ao ser esta

formación de 6 meses por ano dentro da empresa, permítilles formar de maneira máis exhaustiva aos bolseiros, e a eles coñecer en profundidade as reviravoltas e formas de traballo da empresa, condicións que consideran claves para a súa incorporación ao persoal”.

As novas tecnoloxías son un rasgo destacado nesta empresa convertíndola en punteira na provincia. “Apostamos por traballar coas ferramentas de deseño, xestión e control máis punteiras, como poden ser o ERP de xestión, a fabricación CAD-CAM e a integración de aplicacións de Industria 4.0”, explican.

Este ano estreáronse coa FP Dual a través dun convenio co CIFP Ferrolterra

SMI

Rúa do Castiñeiro, Parc. 18
982 523 057
982 511 501



Rematan as obras de mellora de servizos no cemiterio murés

O Concello de Muras rematou as obras que se realizaron no seu plan de melloras en servizos básicos no cemiterio, que tiña como obxectivo unha rehabilitación do camposanto, é dicir, ampliar a oito o número de nichos, e ademais botar o chan en formigón xa que era grava. Tamén fíxose un lavado de cara ao pechamento exterior.

O orzamento do proxecto ascendía a 54.745,07 euros e finalmente a empresa adjudicataria Bcnor SL. conseguiu a obra por 42.261,55 euros, polo tanto 12.483,52 é o sobranse desta obra utilizarase noutros proxec-



Unha imaxe do cemiterio de Muras trala súa remodelación

tos de servizo público no concello. Desde o Concello recalcan que este é un servizo básico que vai na liña que propoñen dende o

Goberno municipal de ir mellorando e poñendo en marcha servizos básicos que non existían ou que estaban deteriorados.

A terceira xornada do programa Redescubriendo chega á localidade

Na terceira xornada do programa de rutas, RedescubriendoLugo, o guía turístico lucense Guido Álvarez escolleu Muras como protagonista. O 20 de setembro de 10.00 a 18.00 horas, Guido Guía e O Freixo Dos Lobos Ecoturismo e Natureza convida a formar parte dela para pasear e conversar sobre a historia e a natureza destas terras. Ademais é unha xornada gratuíta, subvencionada polo Concello de Muras, agás o transporte e a comida. Para inscricións, dúbidas e información haberá que escribir ao correo guidoguiaturismo@gmail.com ou chamar ao teléfono do Concello de Muras, 982 500 001.




A nova cartelería colocada na zona do Xistral

A Deputación instala paneis explicativos na Serra do Xistral

O equipo técnico do proxecto LifeInCommonLand instalou na Serra do Xistral once paneis explicativos sobre a importancia destes hábitats naturais protexidos da Rede Natura e deste proxecto europeo de conservación da natureza e desenvolvemento rural que impulsa a Deputación xunto coas universidades de Santiago e A Coruña. Os carteis amosan aos visitantes as singularidades de cada un destes montes comunais, ademais de explicar a fauna e flora protexida e os tres eixes nos que se basea o proxecto LifeInCommonLand. En concreto, pretenden sensibilizar sobre a importancia de preservar as grandes masas do Xistral de turbeiras altas activas, turbeiras de cobertor e queirogais húmidos atlánticos, en risco de desaparición en Europa e de gran valor ecolóxico para a biodiversidade do Noroeste peninsular. Os paneis explican como a conservación das turbeiras reporta enormes beneficios á so-

cidade pola súa gran capacidade de almacenamento de CO2 para a loita contra o cambio climático. Cada cartel inclúe un mapa de situación no monte veciñal dentro da ZEC Serra do Xistral e indican puntos de interese paisaxístico e o patrimonio natural e cultural da zona. Tamén explican o papel fundamental que xogan as comunidades de montes no mantemento do bo estado de conservación destes hábitats e a importancia do mantemento das actividades agrogandeiras tradicionais, como a gandería extensiva de gando vacún e o manexo e coidado dos cabalos salvaxes nos montes, fundamentais para a preservación destes ecosistemas. Os paneis colocáronse en zonas de paso transitadas e cruces de camiños con vistas panorámicas da Serra do Xistral. En concreto, situáronse nos montes que xestionan en man común as asociacións veciñais e comuneiros.



PREMIO. O certame organizado por Ceos Galegos con motivo do paso do cometa Neowise preto da Terra premiou unha imaxe do alto da Curuxeira, do ferrolán Marcos López Alonso, que acadou un primeiro premio do público en categoría de imaxes con telescopio e tamén un terceiro do xurado na mesma categoría. López Alonso é un amante da paisaxe e os ceos de Muras xa que “pola despoboación hai unha menor contaminación lumínica”.

Os populares critican que as placas de inauguracións se usen como tapas de rexistro

A voceira do PP local, Eugenia Requeijo, denuncia o uso de placas de inauguracións de obras de distintas instalacións como tapas para os rexistros da auga ou da luz. A popular non só lamenta que as placas foran retiradas dos seus lugares “tan pronto chegou ao Goberno” o actual executivo local; senón que “agora se usen para tapar rexistros” xa sexa da canalización da auga coma da instalación da alumeadado público. Eugenia Requeijo explica que se trata de dous rexistros situados nas inmediacións deportivas da área re-

creativa da Veiga os que contan con estes elementos como peche que non son os axeitados nin polo seu material nin polo impacto visual que supoñen nunha das zonas naturais máis atractivas e visitadas. A voceira dos populares engade tamén que “guste ou non”, o feito de arrancar as placas dos lugares onde estaban colocadas, “non borra as melloras realizadas polos anteriores mandatarios”. Nese sentido, cre que “o Goberno debe dar exemplo de respecto e civismo; así como “facer unha correcta xestión das placas”.

A túa NOVA vida ben amoblada

GAÑA UN COCHE

Mercado en Mobelrias

PARTICIPA NO SORTEO

www.cochemobelrias.es

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

Licitan obras de mellora de pistas de Corvelle e A Rigueira

O Concello da Pastoriza ten aberto o proceso de licitación da obra de mellora de camiños nos lugares de Bouzas, na parroquia de San Martiños de Corvelle, e O Estreito, na da Rigueira. Esta obra conxunta ten un orzamento total de 59.811,51 euros, dos que algo máis do 82% financiarase con cargo ao Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, que xestiona Agader. O resto do orzamento, 10.380 euros, estarán a cargo do Concello. Segundo indicaron, o prazo de

execución é de tres meses e os traballos consistirán na mellora do pavimento dos citados camiños, que contan cunha lonxitude de 300 metros no caso de O Estreito e de algo máis de dous quilómetros no de Bouzas.

As obras consistirán na reparación das deformacións e roturas do firme mediante recarga de grava e regas asfálticos a base de emulsión tipo ECR-2 e gravas miúdas. Tamén se realizará a mellora da drenaxe lonxitudinal mediante a limpeza de cunetas.

O PAI abriu con 18 nenos

O Punto de Atención á Infancia (PAI) da Pastoriza abriu as súas portas con 18 nenos matriculados de 0 a 3 anos, trala renuncia provisional dun deles polo que quedarán dúas prazas libres, unha delas reservada para emerxencia social.

O PAI volve abrir agora cun protocolo propio para este tempo da covid-19. A tenente de alcalde da Pastoriza, Elva Carreira, explicou que dende o Concello elaboraron un protocolo de actuación, tomando como base a

normativa da Xunta de Galicia, para extremar as medidas de precaución e tentar evitar os contaxios.

Esta documentación foi entregada ás familias e nelas fanse constar medidas importantes como a prohibición de acceso aos pais, manter prendas de vestir e material propio no centro e aumentar a hixiene e a desinfección. Tamén se establece que os nenos que teñan máis de 37,5 febre non poderán asistir ao centro. Priorizaranse as actividades no exterior.

Os populares critican “a falta de rigor” no reparto de máscaras

Os populares critican “a falta de rigor e transparencia” do Goberno local no reparto de material hixiénico-sanitario no municipio e condenan que “o propio alcalde recoñeza ante as nosas preguntas que non hai rexistro de saída do material hixiénico-sanitario de protección fronte ao coronavirus que foi doado pola Xunta”. É dicir, “continuamos descoñecendo o

destino das máis de 1.600 máscaras achegadas pola Xunta xunto a luvas, xel, traxes e batas, entre outro material de protección. Non sabemos se, finalmente, foron repartidas entre os veciños ou se foron almacenadas”. Lamentan, por outra banda, que os socialistas fixeran uso dun vehículo municipal e do traballo dun operario para repartir as máscaras.

Vaise mellorar a eficiencia enerxética no centro de saúde

Os conselleiros de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, impulsan un acordo marco para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables nun total de 28 centros de saúde da Comunidade que permitirán mellorar a eficiencia enerxética dos edificios e importantes aforros nas súas facturas enerxéticas. O acordo conta cun orzamento de

1,5M€, dos que 1,2 serán financiados polo Inega, e permitirá ao Sergas aforrar ao redor de 100.000 euros anuais nos custos enerxéticos grazas ao desenvolvemento de 25 proxectos de biomasa e outros tres de aerotermia.

En concreto, substituíranse os sistemas actuais que utilizan gasóleo, propano e acumuladores eléctricos por caldeiras de biomasa no centro de saúde.

O Concello restaura o Cristo da Caveira, que estivo 40 anos oculto

O Concello da Pastoriza vén de volver colocar unha vez restaurado o Cristo da Caveira, no lugar de Xemil, na parroquia de Bretoña. Trátase dunha obra de restauración que se une ao resto das realizadas nos últimos tempos no patrimonio municipal. Este cruceiro levaba 40 anos fóra do seu lugar de ubicación.

Data de comezos do século XIX e estivo derribado dende o ano 1979 e protexido no lugar de Caveira. Estivo en mans particulares e foi necesario un proceso de desafectación para poder recuperalo. O tratamento posterior foi realizado por un especialista.

Este cristo forma un particular conxunto con outros tres no lugar de Xemil, que están colocados formando un rombo irregular e direccional, sinalando os catro puntos cardinais.

Así, o Cristo do Foxe, situado no Camiño Real e preto dun antigo foxo para cazar lobos, sinalaba o oeste; o Cristo do Arandal, nome de lugar de arandos camiño de Bretoña, sinala o leste; o Cristo do Romeiro, preto da fonte que hai preto da capela de Santo Antón de Xemil, e que data do ano 1810, sinala o sur; e o Cristo da Caveira,



Membros do equipo de Goberno e os impulsores da restauración do cristo

no camiño do Campo do Oso, apunta cara ao norte.

Todos eles foron feitos por canteiros de Santa María Maior de Mondoñedo, xunto con outros moitos da Pastoriza, e están incluídos no libro *Cruceiros, cristos e cruces de A Pastoriza* de Mario Saavedra, José Manuel Blanco e Fernando Arribas, dentro do proxecto Carboeira.

ROTEIROS. Tamén entra nas intencións do Goberno municipal planificar unha serie de roteiros

para dar a coñecer este patrimonio da Pastoriza.

O Cristo de Caveira conta cunha base, cruz latina e tipoloxía florenzada. Está formado por unha base troncopiramidal con dúas caveiras no anverso e a efixie de Cristo atopábase deteriorada dende hai uns 30 anos.


É coñecido como Cristo da Caveira porque está preto do antigo Camiño Real de Lugo a Mondoñedo e no lugar era costume colocar unha caveira dunha vaca como sinal de perigo.

O CIN incorpora unha peza sobre o Lugnasad

O CIN de Bretoña vén de incorporar ao seu mostrario unha peza tallada en madeira, realizada por Ismael García Rodríguez con motivo das festas do Lugnasad 2020 de Bretoña, simbolizando a árbore da vida celta.

A obra sitúase enriba da pila de mármore orixinal da vivenda na que se sitúa no centro de interpretación, que xa albergaba unha réplica de vasilla de cerámica castrexa galaica do Castro de Saa. Chega ao CIN como unha cesión sen ánimo de lucro por parte da Asociación Cultural Auruxeira.

A árbore da vida celta tomou unha simboloxía que enlazaba o seu significado coa vida e a existencia, unindo a terra co ceo por medio das súas raíces, que se articulan coa terra captando a súa enerxía, e a través das follas da copa, recibía luz e calor que se transformaba na fotosíntese que lle outorgaba a vida, mentres que a copa comunicábase co ceo. Ademais, para algúns po-



A nova peza do CIN

bos celtas a árbore era a representación dos deuses e conformaba a sabiduría e a forza.

O CIN de Bretoña vén de pechar o seu ano inaugural achegándose a preto do millar de visitas. Este centro de interpretación, que abriu as súas portas por primeira vez en agosto do ano pasado, tivo un comezo lastrado pola acción do coronavirus que obrigou ao peche do mesmo durante os meses de confinamento.

EN BREVE

EXPOSICIÓN. A sala de usos múltiples do Hábitat Cultural Fogar de Maeloc, ubicada na casa da cultura da Pastoriza, acolle estes días unha mostra da obra pictórica de Mónica Justo. A mostra pódese visitar ata o vindeiro 18 de setembro, de luns a venres en horario de 9.30 a 18.00 horas.

CIRCUÍTO. O circuío da Pastoriza recuperará a actividade tralo pequeno parón de agosto cun novo curso de formación de particulares o día 12 de setembro. A principal característica deste curso é a personalización absoluta, dado que é o monitor, que sempre acompaña ao alumno, quen se vai adaptando ao nivel de cada un deles.

CONCERTO. O 26 de setembro, Lucus Ensemble actuará na praza do Concello da Pastoriza, ás 18.00 horas. Esta actividades englobase dentro do ciclo de concertos Tradición. En Clave Delas, que inclúe varias actuacións ao aire libre pola provincia. Con dez músicos e dúas voces, o grupo de cámara interpretará un repertorio propio.

“O proxecto máis inmediato é a reactivación socioeconómica”

Constantino Fernández Leira, director do Ceip e voceiro do Goberno local

Constantino Fernández Leira dirixende hoi oito anos o Ceip O Salvador da Pastoriza, un dos centros do rural que terá algúns cambios debido á covid-19. Natural de Pontedeume, este mestre de 52 anos é xa un pastoricense máis, xa que leva traballando na vila dende hai 14 anos, e en especial tras asumir o papel de voceiro do equipo de Goberno local.

Como se prepara o centro para a chegada do novo ano?

Este é un curso moi diferente a calquera outro que se vivira ata agora. Os meus compañeiros e compañeiras traballaron moito e ben para que o centro educativo teña as máximas condicións de seguridade e os nenos e nenas poidan estar nun entorno seguro e a súa educación académica e socioemocional se vexa o menos afectada posible.

Que papel xogaron as distintas administracións nesta situación?

A Xunta ten todas as competencias educativas na nosa comunidade, estou totalmente seguro que os traballadores e traballadoras da administración educativa fixeron todo o que puideron e máis; un exemplo de todo iso é que a gran maioría dos equipos directivos dos centros escolares quedaron sen vacacións para preparar os seus centros ante o novo curso. Durante o mes de xullo remataban a carga burocrática do curso 2019/20 e durante o mes de agosto preparaban o curso 2020/21. A Consellería de Educación anunciou que se ían dotar aos centros con material de protección, a día de hoxe, non sabemos que material van enviar nin cando. A Consellería de Educación anunciou probas PCR aos docentes, ao final foron probas serolóxicas, que están ben pero parece que existe unha distorsión da realidade cara á opinión pública. Frente a todo iso as administracións locais tiveron que asumir responsabilidades que non lle correspondían, por exemplo: o reparto de máscaras,

axudas en material escolar, impresión das tarefas escolares, etc.

Que vantaxes ou desvantaxes supón agora un colexio rural? E antes?

Nos colexios rurais existe cando menos a mesma ou superior calidade educativa que nas cidades ou pobos grandes. Magníficos profesionais, conexións a internet e medios dixitais moi aceptables, ratio de alumnado que permite una educación individualizada, relación coas familias moi boa, conexión do alumnado co seu entorno máis próximo... O único pero é cando a administración educativa quere rendibilizar centros e acaba xuntando alumnado de diversos cursos para amortizar profesorado. Eu estou tan contento que os meus fillos están aquí matriculados.

Que se lles pide aos pais con esta nova situación?

Cando unha nai ou pai deixa o seu neno ou nena con nós demostra a confianza que ten no centro educativo e nas persoas que traballamos nel. Nesta nova situación esta aposta dos pais e nais é dobre; sinto moitísima responsabilidade por facer as cousas perfectas para respotar a esa confianza. Podo pedirles tranquilidade, pero como pai, sei que é moi difícil.

Este ano cambiaron o horario. A que foi debido?

Este é un curso moi especial polo que tras unha reunión coa Anpa, detectamos que algúns pais e nais querían que os seus fillos non fixeran uso do comedor mentres durara esta situación. Así, se a Xefatura Territorial de Educación o permite, faremos pequenas variacións para que os pais/nais que o desexen leven os seus fillos a xantar á súa casa e os que se queden no comedor non se vexan perxudicados en nada.

Como combina o papel de director do colexio e o de concelleiro?

Non se poden mesturar as cousas.

O meu traballo como mestre, e nestes intres na responsabilidade da dirección do centro educativo, é totalmente independente do meu labor político. Axuda, sen embargo, saber as necesidades que teñen non só o Ceip O Salvador senón tamén os demais centros educativos para poder facer de canle fluído co concello. Cando falo de necesidades, non falo exclusivamente do labor educativo senón tamén do labor social, xa que coñecemos de primeira man os problemas e inquedanzas de todo o entorno familiar do alumnado.

Como valoraría o seu papel como portavoz do grupo socialista?

É un privilexio poder exercer de portavoz no Concello e traballar ao lado de Primitivo, Montse e Daniel. Son unhas persoas moi xenerosas xa que grazas ao seu traballo podo presentar iniciativas para mellorar a calidade de vida de todos e todas. Tocoume a min ser a voz e ao mellor ter un traballo máis vistoso cara a cidadanía pero é un traballo compartido.

Foi complicado sobrelevar a situación de pandemia?

É complicado, as administracións locais tiveron e teñen que asumir responsabilidades que non lle correspondían e moitas veces, non estaban preparadas nin tiñan dotación económica e persoal para levalas a cabo. Nestes intres é moi duro para min que se fale de nova normalidade cando a provincia de Lugo ten concellos como O Incio, Outeiro de Rei ou Lugo onde hai persoas que están falecendo. Creo que os galegos e galegas temos que repensar que os servizos esenciais non se poden mercantilizar; saúde, educación, coidado dos nosos maiores... non se pode deixar en mans exclusivamente de empresas privadas.

Como é o apoio das institucións?

O principal problema que tivemos no concello foi de comunicación para poder coordinar esforzos. O



Constantino Fernández Leira participou no reparto de máscaras entre os veciños

concello repartiu máscaras a todos os veciños e veciñas no peor momento da pandemia, os traballadores e traballadoras do concello desinfectaron as zonas sensibles, creou servizos de reparto de compra de comida e medicamentos para as persoas máis vulnerables... A Xunta de Galicia enviounos material de protección e desinfectou algunhas zonas pero, por exemplo, se a día de hoxe o concello ten alguna persoa infectada non pode actuar para axudar a ese veciño ou veciña porque non o comunican. Isto non me parece razoable. A Deputación Provincial implicouse con todos os concellos tanto na parte de envío de material como o apoio económico (variando as condicións do Plan Único).

Que necesidades ten agora mesmo A Pastoriza?

Somos moi ambiciosos e somos conscientes que existen moitos proxectos para desenvolver e facer do noso Concello un referente provincial e autonómico. Catro referentes son a miña preocupación: un plan vial para ter as estradas que nos merecemos, apoio dende todas as administracións para valorizar a excelente materia prima que producimos, unhas conexións tecnolóxicas acorde co século no que vivimos e a construción dun centro de día.

Como é a convivencia no pacto de goberno co BNG?

Esta lexislatura chegar a un pacto de goberno foi, como xa se sabe, moi complicado, pero ao final primou o diálogo e o consenso. Somos dous partidos políticos diferentes, con algunhas ideas compartidas e outras

diferentes. Pero esas diferencias no ámbito local foron superadas. Por exemplo, tanto os socialistas como o bloque nacionalista cando falan de educación nunca falan de rendibilidade económica. Os cartos que se dedican a educación son unha inversión de futuro nunca un gasto. En termos futbolísticos, somos un equipo cun único capitán, Primitivo Iglesias que encabeza o goberno.

Cal é o proxecto máis inmediato?

Os proxectos máis inmediatos son para unha reactivación socioeconómica do noso Concello: bolsas para material escolar, axudas para os negocios que tiveron que pechar na pandemia. Pero si mo permite, hai un proxecto que me fai especial ilusión que é o Centro de Interpretación do Alto Miño en Fonmiñá.

Os rumores o sinalan como o sucesor natural do alcalde. Existe unha intención de facer o cambio?

Síntome moi eloxiado porque algunhas persoas pensen que podo ser o sucesor dunha persoa como o noso alcalde, Primitivo Iglesias; pero, primeiro, o compromiso do noso alcalde é cando menos os catro anos de lexislatura, e segundo, dentro da candidatura actual e dentro da agrupación socialista da Pastoriza existen persoas moi válidas para ocupar ese posto na candidatura e traballar pola Pastoriza. De todos os xeitos, ser a persoa que suceda a Primitivo Iglesias, sería moi complicado, un gran alcalde e mellor persoa, querido por todos os veciños e veciñas e respectado por representantes políticos de todos os partidos políticos tanto no ámbito local como no autonómico.

A MARINA en ruta

CULTURA × NATUREZA

Descubre A Mariña Lucense
Programa de roteiros e actividades
Agosto e setembro 2020.

PRÓXIMOS ROTEIROS:
 2020.09.10 POZO DA FERIDA (XOVE)
 2020.09.12 FRAGA DA FURNA (O VALADOURO)
 2020.09.20 MONDOÑEDO, AS MIL HISTORIAS (MONDOÑEDO)
 2020.09.26 ROTEIRO CUNQUEIRIANO (MONDOÑEDO)

Duración: 2-3h
Prezo: 10
Prezo: 5 € individual, 4€ por persoa
DTC grupo máis 3 persoas.

Información + Reservas:
 Web: enruta.amarinalucense.gal
 Email: enruta@amarinalucense.gal
 Teléfono: 722 164 106

outeiro de rei

O Concello recibe contedores de papel para fomentar a reciclaxe

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de entregar ao Concello de Outeiro de Rei máis de 40 contedores destinados ao depósito de papel-cartón e de envases lixeiros.

A entrega destes novos colectores, aos que se destinaron máis de 13.000 euros, é unha acción que forma parte do chamado Plan

Galicia Recicla, impulsado no marco do convenio de colaboración asinado en 2016 entre a Xunta e Ecoembes. Concretamente, o Concello de Outeiro de Rei renovará as súas infraestruturas de recollida de residuos coa incorporación de 33 para envases lixeiros (amarelo) e 10 para papel e cartón (azul).



Firma do convenio entre o alcalde de Outeiro e o presidente da Deputación

Melloran a rúa Jesús Redondo Candal

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lombao, asinaron un convenio de colaboración para a mellora da rúa Jesús Redondo Candal para a ordenación da mobilidade no casco urbano do municipio. Os custos desta obra suporán máis de 48.000 euros, dos que a institución provincial achega 28.441 euros e o Concello a cantidade restante.

Con esta sinatura, a Deputación dá luz verde á solicitude do Concello de investir os remanentes doutro convenio asinado no mes de decembro entre ambas institucións por un importe de 175.000 euros para acometer actuacións urbanísticas. Consistiron na apertura dun tramo viario no casco urbano, entre a rúa do Concello, que vertebra a localidade, e a denominada rúa C, unha zona residencial de nova creación. Agora

con esta modificación do convenio, a Deputación contribúe a seguir mellorando as conexións viarias en Outeiro de Rei.

Con esta obra completárase a urbanización dun tramo viario utilizado para o tráfico rodado e para os peóns co fin de garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, facéndoa deste modo máis segura. As obras que se levarán a cabo son as seguintes: rematarase o tramo viario segundo marca o proxecto polo que se construíra unha beirarrúa a un lado de dous metros de ancho e a colocación do bordo, acondicionárase diferentes pasos accesibles, e asfaltarase a vía, ademais de pintar os carrís de circulación, liña de aparcamento e pasos de peóns, e executarase a canalización de saneamento pluviais, rede telefónica e alumado público.

Outeiro de rei conta coa primeira casa Passivhauss da provincia

O vicepresidente económico, Francisco Conde, visitou en Outeiro de Rei unha vivenda construída por Maderas Besteiro, a primeira da provincia de Lugo que aspira a obter o certificado Passivhauss, e destacou o compromiso da Xunta coa eficiencia enerxética e o respecto medio ambiental a través do impulso da construción en madeira. Conde explicou que esta aposta supón “un salto cualitativo, xa que permite xerar valor na cadea forestal a través de vivendas eficientes” e subliñou que promover a edificación en madeira é unha oportunidade tanto para a industria forestal como para o sector da construción ao utilizar un recurso autóctono: “Esta vivenda construída en madeira é un exemplo de eficiencia e de coidado medioambiental”, afirmou. Maderas Besteiro, empresa familiar de terceira xeración, está sendo pioneira na aposta polos novos usos da madeira ligada á



A casa Passivhauss o día da visita das autoridades autonómicas

construción grazas ao impulso da innovación e ao seu esforzo por dar resposta ás novas demandas do mercado.

“Seguiremos traballando para que Galicia se posicione e marque a diferenza a través dun recurso autóctono como a madeira e afrontar, deste xeito, os retos de futuro en materia de sustentabilidade”, asegurou o conselleiro. Neste sentido,

a Xunta mantén aberta a convocatoria de axudas Emprega Madeira, dirixidas a particulares, autónomos e empresas para a construción ou rehabilitación de vivendas, naves e locais comerciais, a fabricación de envases, embalaxe e expositores, e a redacción de proxectos en madeira. O obxectivo é fomentar o uso deste material autóctono e conseguir unha Galicia máis verde.

begonte

O Concello renovará os parques públicos de Illán e Baamonde

O Concello de Begonte continúa co proxecto de renovación de parques infantís chegando a dúas parroquias locais, a de Illán e de Baamonde. Neste último, a zona infantil contará como novidade coa instalación dunha tirolina de 28 metros de longo. O acondicionamento da área de lecer de Baamonde incluírá tamén a reparación dos xogos existentes ou a substitución dos que estean en mal estado, así como a adaptación do espazo á normativa vixente, coa

colocación dun chan de PVC. Polo momento xa se instalou un valo de cores para delimitar a zona de lecer. Esta actuación execútase de forma complementaria á rehabilitación integral da praza onde se sitúa o parque, proxecto que tamén impulsa o Concello.

Foron os veciños os que solicitaron o amaño do parque infantil de Illán. Agora xa existe unha área de xogo nas inmediacións da igrexa, pero es-

tán en mal estado, polo que se apostou pola súa renovación.

O Concello, que conta cunha subvención da Xunta para acometer estas actuacións, destinará un orzamento de preto de 50.000 euros a ambos parques. Ademais, incluíu na renovación da praza Irmáns Souto Montenegro, completada hai un ano, a dotación dun novo parque infantil e hai outros dous de titularidade municipal nos centros educativos.

Antiga escola de Saavedra

O Concello converterá a antiga escola rural de Vilagrande, en Saavedra, en vivenda, co obxectivo de destinala a fins sociais, como lugar de acollida temporal para persoas en situación de emerxencia.

O edificio no que se actuará data dos anos sesenta e está en un avanzado estado de abandono. Acolíá a escola e a vivenda do mestre.

Así, nun primeiro momento, as obras consistirán no acondicionamento xeral do edificio e a renova-

ción do primeiro piso. A primeira planta ten unha superficie total duns 80 metros cadrados. Na actualidade dispón dunha cociña, un salón, un baño e tres dormitorios, ademais do espazo reservado para as escaleiras de acceso, que son interiores. No proxecto de obra está prevista cambiar a distribución dos habitáculos existentes para facelos máis cómodos e aproveitables.

A intervención inclúe tamén a renovación da zona das escaleiras.



Abadín inviste preto de 70.000 euros na mellora de camiños

O Concello de Abadín asinou coa empresa Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo un contrato de acondicionamento de camiños municipais que se executará ao abeiro do plan de mellora de accesos a parcelas agrícolas 2020-2021.

As actuacións suporán o acondicionamento dunha pista en Ratoeira, Labrada; un camiño en Gontán, Quende; e un quilómetro de vía que pasa por A Pedreira,

en Castromaior, así como os tres ramais desta estrada que dan acceso a varias fincas. As obras executaranse con aglomerado en quente.

Este proxecto foi adxudicado por un total de 67.571,24 euros dos que a Consellería de Medio Rural concede unha axuda de 60.700 euros, repartida en dúas anualidades, mentres que o Concello de Abadín asumirá o restante, que ascende a 12.747 euros.

Reabre o PAI co horario ampliado ata as oito da tarde

O alcalde de Abadín, José María López Rancaño, anunciou que o PAI de Abadín abriu o 7 de setembro para comezar co resto o novo curso escolar e tras permanecer pechado por mor da alerta sanitaria.

O centro contará cun novo horario máis amplo, xa que atenderá de 8.00 horas a 20.00 horas, unha me-

didada que xa estaba prevista o ano pasado pero que non se puido implementar debido á suspensión das actividades coa pandemia. A ampliación do horario decidiuse cando a concelleira Edita Castiñeira deixou a Corporación en novembro pero non se puido aplicar nese momento debido á súa baixa médica.

O PSOE solicita á Xunta a mellora do servizo de pediatría

Os socialistas de Abadín presentaron unha moción na que solicitan accións para a defensa do servizo de pediatría no Concello. Nesta moción, que presentan para debatirse no próximo Pleno, piden unha declaración institucional para acadar "un servizo pediátrico de calidade".

Ademais, o PSOE pide que se presione para contar con varias medidas, entre as que figura un profesional especialista, ampliar a asistencia pediátrica, asegurar a substitución do médico cando este non estea, que se lles permita solicitar cita telefónica ou por internet e que se faga publicidade destas medidas.

Esta moción preséntase tralas numerosas queixas que se fixeron chegar dende hai un ano polo funcionamento do servizo de pediatría. Actualmente a médico que atende, que non é pediatra, vai a Abadín un só día á semana e atende de 9 a 11 horas.

Por outra banda, o día 14 deste mes haberá Pleno extraordinario demandado polo grupo socialista "para que o alcalde responda dunha vez ás nosas preguntas". Os socialistas tamén denunciaron a situación de abandono que sofren os espazos verdes do colexio público Aquilino Iglesias Alvaríño.

Éxito no campamento de verán

O alcalde, José María López Rancaño, valorou positivamente o campamento que tivo lugar este verán para nenos de 3 a 12 anos. Participaron un total de 25 nenos que fixeron numerosas actividades "sen saír do Concello para evitar riscos", explicou Rancaño.

Os pequenos disfrutaron de todo tipo de xogos ao aire libre como unha ruta en bici, kayak na Roxica, tiro con arco, obradoiro de reciclaxe e xogos musicais e tradicionais ademais de facer un día a semana en inglés. Tal e como explicou Rancaño, "este foi un ano para os rapaces coñeceran os distintos rincóns do



Festa da escuma durante o campamento de Abadín

Concello de Abadín".

Debido á situación provocada pola covid-19 non houbo saídas fóra do Concello e non se admitiron rapa-

ces doutros concellos como pasada en anos anteriores. Ademais, procurouse celebrar a maior parte das actividades ao aire libre.



Os pequenos participantes no campamento de Rábade 2020

Fin dos campamentos de verán

Os nenos de 4 a 12 anos de Rábade disfrutaron este ano durante o mes de agosto dun campamento de verán diferente pola súa xestión das medidas hixiénico-sanitarias pero sen perder o seu programa de variedades.

Así, durante as mañás, os cativos tiveron talleres de manualidades, de cociña, de medio ambiente, xogos predeportivos, de cooperación, tradicionais, musicais, busca de tesouros, festa de escuma, inchables, etc. Todos eles desenvol-

véronse na contorna das Insuas do Miño, o Campo da Feira, o pavillón municipal e o centro socio-cultural, entre outros.

Este campamento está dentro do programa de fomento da conciliación Concilia en Rábade, subvencionado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e cofinanciada pola Unión Europea e o Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020. Tamén rematou o tradicional campamento de patinaxe que se celebrou en setembro.

Volve a partir do 12 o programa Rábade en igualdade

O Concello de Rábade organiza o programa Rábade en igualdade que concentra un conxunto de actividades lúdico-culturais en condicións de seguridade, promotora dunha educación comunitaria libre, xusta e feminista.

O programa comezará o sábado 12 de setembro coa obra teatral *La pimentera* destinado a público xuvenil e adulto.

Continuará o xoves 17 de setembro ás 17.30 horas co concerto de Os Cozorellos Salvaxes que será para público infantil. Xa o martes 22 ás 17.30 horas haberá un contacontos *Somos Iguais*, e o xoves 1 de outubro ás 19.00 horas poderase disfrutar da proxección *Tódalas Mulleres que Coñezo* que contará coa presenza da directora cinematográfica Xiana Teixeira.

A programación prolongarase nos meses de outubro e novembro con máis actuacións e diferentes talleres para a igualdade.

Convocan as axudas a escolares

O Concello de Rábade volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso escolar, para as que establece como prazo de presentación dende o 10 de setembro, ao 2 de outubro. O Concello ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2019-20, para o ensino obrigatorio

e infantil, que non cubran as axudas autonómicas. Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursando algún destes estudos nalgún dos dous centros de Rábade e non superar os 5.000 euros de renda per cápita (6.500 no caso de familias monoparentais).

O Concello aclara que non se poden

solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta de Galicia pero si para os que non sexan financiados e tamén para material escolar, roupa e calzado. A documentación pertinente (libro de familia, declaración da renda, xustificantes económicos, e de pago de vivenda) teñen que presentarse xunto á solicitude antes do 2 de outubro nas oficinas municipais.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

TERRA CHÁ

As bibliotecas de Guitiriz e Pol reciben unha achega para a organización de arquivos

A Consellería de Cultura e Turismo vén de conceder achegas que suman 23.700 euros a catro concellos da provincia de Lugo para colaborar no financiamento de actividades relativas á organización dos seus arquivos municipais, en particular a descrición dos fondos documentais que custodian de tal xeito que acaden unha mellor xestión documental e arquivística, ao tempo que impulsan a protección, investigación e difusión cultural. Os municipios beneficiarios das axudas son Cervantes (6.000 euros), Guitiriz (6.000 euros), Portomarín (5.717,25 euros) e Pol (6.000 euros).

A tramitación desta convocatoria estivo suspendida por mor do estado de alarma xerado a causa da crise sanitaria ocasionada polo coronavirus, polo que a Xunta de Galicia ampliará o prazo de xustificación dos proxectos subvencionados ata o 15 de novembro, feito que é publicado hoxe no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Cómpre lembrar que os arquivos custodian documentos como testemuño e garantía de dereitos e deberes das institucións e dos cidadáns como fonte de información para a xestión administrativa e a investigación, sendo a súa función a de conservar e servir os documentos.

Seis pemes da comarca entran no programa ReAcciona

A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoia 28 de proxectos de 24 pemes lucenses dentro da primeira convocatoria para este ano do programa ReAcciona para mellorar a competitividade das empresas. As achegas suman 110.100 euros e permitirán mobilizar investimentos por importe de 135.000 euros.

Os beneficiarios accederán a servizos de alto valor engadido co apoio de expertos en ámbitos como a reorganización estratéxica e operativa dos seus negocios, a profesionalización, a dixitalización e, como novidade este ano, a innovación.

No que respecta á distribución territorial, catro empresas son de Vilalba e dúas de Guitiriz.

O coronavirus cébase nas residencias

A irrupción da pandemia nos centros de maiores de Outeiro e O Incio dispara as cifras de casos activos

A covid-19 non dá tregua na provincia de Lugo e mentres os casos novos empezan a frenarse a situación recrudécese nos hospitais onde aumentan os ingresos xa que unha gran parte dos afectados son maiores procedentes dos centros de O Incio e Outeiro de Rei. Os resultados das PCR realizadas na residencia DomusVi de Outeiro de Rei dispararon esta semana o balance da situación do virus na provincia, que se achega aos mil casos activos.

O que parecía estar controlado nos últimos tempos con crecementos de 125 casos cada tres días, agora esta mesma cifra sumouse nunha única xornada o que preocupa moito ás autoridades sanitarias que decidiron intervir a residencia de Outeiro de Rei.

Dende logo, nesta segunda onda o virus está centrándose nos maiores que fan tamén subir a presión hospitalaria que volve estar moi elevada con máis de 60 persoas ingresadas, catro delas na UCI (datos



Residencia de Outeiro de Rei

do 9 de setembro), nos tres hospitais de referencia na provincia e no Polusa.

Por outra banda, os falecementos continúan e xa son 54 as persoas que perderon a vida dende o inicio da pandemia. Hai dúas semanas 32 morreron polo virus, unha cifra

que viña case sen cambios dende os tempos da desescalada. Das defuncións producidas nos últimos tempos, 17 son usuarios da residencia do Incio, onde o gromo de covid-19 é implacable.

Tamén foi detectado un positivo na residencia de maiores de Castro,

o caso dunha usuaria que xa está ingresada no Hula á espera dunha operación de urxencia.

Mentres, está xa controlado o gromo detectado na cidade de Lugo en relación a unha festa nun pub e que afectou principalmente ao barrio da Milagrosa. Aínda que hai casos novos a curva está nesta zona en descenso.

En Galicia, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa que os casos continúan á alza en case todas as áreas sanitarias. A Coruña segue a ser o zona con máis, 1.424, pero segue habendo moita incidencia en todas.

Do total de pacientes positivos, 25 están en UCI, 181 en unidades de hospitalización e 4.158 no domicilio. Polo de agora, en Galicia hai un total de 14.158 persoas curadas (193 máis), rexistrándose 668 falecementos (6 máis que onte).

Segundo os datos do Sergas, xa son 258 os usuarios de residencias de maiores de Galicia afectados por coronavirus e 77 profesionais.

Unha volta ao cole con polémica

A comunidade escolar enfrenta un curso diferente con moitos cambios nas aulas e nos horarios

Os colexios de primaria comezan un novo curso estes días con temor e con moita inquietude polo que pode pasar. A comunidade educativa, composta por pais, profesores e alumnos deberá afrontar un novo curso, que será presencial na súa base, pero que poderá optar pola formación on line nalgún momento de producirse peches de aulas ou colexios.

Tras moito debate e co tempo moi xusto chegou aos centros a normativa da Xunta de Galicia, que contén unhas normas básicas que cada colexio tivo que adaptar ás súas particularidades e que non estivo exenta de polémica.

Uso de máscaras de forma continuada nas aulas, espazos comúns e ximnasio para os de primaria (infantil non); illamentos dos usuarios nas aulas (aulas burbullas) para non convivir co resto de cursos do centro, cambios de horarios para evitar coincidencias nos recreos, comedores con distanciamento, planes de limpeza, ventilación e desinfección continuados, toma de temperatura diaria dos pequenos e control continuado do profesorado que deberá quedar na casa ao menor síntoma, son algúns dos cambios, que tamén

trouxeron importantes modificacións na xestión dos colexios.

Un dos primeiros en atacar a nova normativa foi o Ceip Terra Chá, o colexio de Román tivo a vantaxe de rematar xusto antes do comezo de curso unhas obras de instalación de aseos exclusivos para os alumnos de infantil, que lles permiten estar separados do resto do colexio na súa propia burbulla.

Tamén neste mesmo centro fíxose un ensaio de comedor, poñendo medidas que tiveron que xeralizarse no resto de centros colocando as mesas de tal xeito que se evitara a coincidencia de fronte cando non había máis de 1,5 metros.

Colexios como Virxe do Corpiño de Begonte ou O Salvador da Pastoriza fixeron cambios nos seus horarios, adiantando a hora de entrada para facilitar a conciliación. Así mesmo, aparece o Plan Madruga, co que se pretende ter un servizo de custodia antes da entrada ao colexio ao que se acollerán varios centros.

Pero a polémica principal estivo no momento no que os profesores, a dúas semanas do comezo do curso, non contaban con ningunha directriz dende o Goberno automático, responsable das competencias o que trou-



Arriba, repartindo máscaras en Friol e, abaixo, o comedor do Ceip Terra Chá

xo moitas protestas dende anpas como a de Muimenta, que fixo unha curiosa protesta nas redes sociais, ou as dos colexios de Vilalba, que enviaron un comunicado aqueixados pola

situación de "desidia" das autoridades sanitarias. Non faltaron tamén outras iniciativas como o reparto de máscaras entre o alumnado, como se fixo no colexio de Friol.

Adamo reduce as tarifas coa volta ao cole

Adamo cambia a súa imaxe de marca, renova a web, baixa os prezos de todos os seus produtos e paquetes para a volta ao cole, e aumenta a velocidade da súa fibra óptica.

A nova forma e aparencia da páxina da empresa non responde só a un lavado de cara, senón que achega maior claridade, facilidade de uso e sinxeleza.

Nos tempos actuais, marcados pola irrupción do coronavirus, existen aos operadores de telecomunicacións que sexan capaces de satisfacer a enorme demanda que existe de contar cunha conexión da internet de calidade. Para iso, como xa se sinalou, Adamo ofrece a fibra óptica máis rápida do mercado, que se traduce en poder teletraballar cunha conexión estable, manter videoconferencias sen cortes, estar máis preto dos familiares e amigos que viven lonxe, ter a posibilidade de acceder a educación de forma remota ou ver series ou gozar de videoxogos online, entre outras opcións.



O operador ofrece unha promoción de volta ao cole

Para a empresa resulta imprescindible non deixar a ninguén atrás sobre todo as que residen en aldeas, pobos e cidades pequenas como aos que, debido ás circunstancias, optan por mudarse a un municipio de menor tamaño. O compromiso de Adamo nese sentido é claro: levar a fibra óptica a todos os recunchos do país. Por iso é polo que a compañía converteuse no operador de referencia na España rural, ofrecendo servizo nos pobos con menos habitantes. Así mesmo, Adamo apoia

a volta ao cole con descontos en todas as súas tarifas. En concreto, trátase de reducións que se aplican durante os catro primeiros meses de contratación. A súa nova batería de prezos confórmasse en catro puntos no que internet baixa á metade, de 36 a 18 euros ao mes o que supón un recorte de 72 euros. A tarifa de internet e fixo, baixa de 42 a 21 euros mensuais e así o cliente afórrese 84 euros.

No internet e móbil, a rebaixa é de

144 euros con 9 GB de velocidade para o teléfono, e baixa de 41 a 5 euros mensuais (un 88% menos); con 20 GB, de 44 a 8 euros (un 82% á baixa); con 40 GB, de 50 a 14 euros (o 72% máis barato).

Xa na opción internet, fixo e móbil o desconto é de 144 euros en catro meses. Con 9 GB de velocidade para ese último, de 47 a 11 euros ao mes (un 77% máis económico); con 20 GB, de 50 a 14 euros (un 72% de redución); con 40 GB, de 56 a 20 euros (un 64% de rebaixa).

Eses prezos inclúen a cota de liña e o IVE e implican unha permanencia de doce meses. Así mesmo, Adamo pon no mercado o seu novo produto móbil con 40 GB de velocidade para paquetes e liñas adicionais.

O operador de referencia nas zonas rurais ofrece, así mesmo, unha nova promoción volta ao cole. Os novos clientes que contraten packs de móbil entre o 1 e o 30 de setembro terán catro meses gratis da fibra óptica máis rápida do mercado.

Iniciadas as obras de mellora da AG-64 con cortes e desvíos

A Xunta iniciou os traballos de rehabilitación estrutural do firme na autovía AG-64 entre o enlace de Cabreiros (punto quilométrico 42,500) e o final na intersección coa Autovía do Cantábrico A8 (55,900).

Para executar estas obras coa maior seguridade posible, tanto para os usuarios da vía como para os traballadores, habilitáronse desvíos alternativos pola estrada LU-861, cortando tramos da autovía nun sentido e posteriormente noutro.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade intentará axilizar as obras, na medida en que o permitan a climatoloxía e a natureza dos distintos traballos, de modo que se poida reabrir por completo a circulación na vía nun período aproximado de dun mes e medio.

A obra foi adjudicada a principios de agosto por un orzamento superior a 1 millón de euros. O contrato recolle a rehabilitación do firme nos tramos que presenten carencias para prolongar a vida útil do pavimento, mediante o fresado e reposición do firme existente con mestura bituminosa en quente.

Alcaldes socialistas reclaman un plan de dixitalización do rural

A secretaria provincial do PSdeG-PSOE, Patricia Otero encabezou, na parroquia lucense de Santa María de Bóveda a denuncia de alcaldes, senadores e deputados socialistas para reclamar ao Goberno da Xunta a posta en marcha dun Plan de Dixitalización para o rural da Provincia de Lugo "ante o abandono de Feijóo".

Otero explicou que "o confinamento pola covid-19 conlevo a necesidade de empregar preferentemente o teletraballo así como o peche de escolas, puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo e a posibilidade de traballar dende as nosas vivendas". A secretaria provincial criticou "que moitos veciños e veciñas carecen ou teñen mala cobertura de telefonía móbil e internet, o que supón unha discriminación social, que incide directamente na perda de emprego e no despoboamento do rural".

Afirma que dende o PSOE "consideramos un dereito ter unha sinal adecuada de telefonía móbil e internet, vivas onde vivas. A dixitalización do rural é clave para o seu desenrolo,



Concentración dos alcaldes socialistas da provincia

tanto para avanzar en competitividade e sostibilidade, como para facer fronte ao despoboamento".

Así as cousas advirte que "para conseguir estes obxectivos é fundamental superar a fenda dixital que existe entre o rural e o urbano. Esta dixitalización ten que converterse nunha prioridade se de verdade queremos apostar dun xeito real e decidido polo noso rural, e non só con slógenes e propaganda como adoita facer o Partido Popular de Galicia".

Patricia Otero reclama ademais que "os fondos europeos destinados á dixitalización que se van transferir

ás comunidades autónomas vaian condicionados tendo en conta ás entidades locais, é dicir, ás Deputacións e ós concellos da provincia de Lugo". Iniciativas no Parlamento de Galicia A secretaria provincial e deputada autonómica avanzou ademais que presentará unha batería de iniciativas no Parlamento de Galicia para demandar a aprobación deste Plan de Dixitalización ao PP. "Non vamos a quedarnos de brazos cruzados mentres hai parroquias da provincia de Lugo que non teñen cobertura de ningún tipo, así non se defende nin se impulsa o rural", lamentou.

A Uned tén aberto o prazo de matrícula

A Uned Sénior da zona da Terra Chá abriu xa o prazo de inscrición para o próximo curso escolar que contará por primeira vez con ensino on line, que se combinará coa presencial.

Para o apartado on line estrearán este ano unha plataforma á que se poderán apuntar maiores de calquera parte do mundo. Manteranse as mesmas materias pero non descartan incorporar algunha máis se así se solicita, pero dando prioridade ás clases de informática.

No caso da formación presencial, a aula de Momán, que ata o de agora se situaba na antiga escola da parroquia xermadesa, trasladarase á nave do Campo da Feira porque hai máis espazo e se poden respectar mellor as distancias de seguridade. No caso de Guitiriz será o Concello o que terá que determinar onde se darán as clases. O prazo para ambas matrículas prolongarase ata o 5 de outubro, cando está previsto que empecen de novo as clases da Uned Sénior.

TODOS OS GRAOS. Continúa aberto o prazo de matrícula para todos os estudantes de Grao, Posgraos oficiais. Ata o próximo 22 de outubro, estes estudantes xa poden formalizar a súa matrícula de forma totalmente online. Do 15 de outubro ao 16 de novembro, matricularanse os estudantes de Doutoramento.

O Centro Universitario de Idiomas Dixital e a Distancia ou Cuid, mantén aberto o período de matriculación nas mesmas datas. Pode inscribirse toda persoa de nacionalidade española ou estranxeira que cumprise os 16 anos, sen necesidade de titulación previa.

Reclaman o amaño da estrada que une Rábade e Friol

Os veciños das parroquias que ocupan a zona que percorre a estrada provincial de Rábade a Friol manifestaron o seu malestar polo estado no que se atopa esta.

Segundo explican está chea de fochancas e os arranxos que fan son parchear por distintos lugares "pero aparecen noutros".

Os afectados, veciños de Uriz, Gaioso, Candai, Aspai, Francos, Vicinte e Ousá, reclaman que se amañe a estrada con bo firme e ben pintado "como as que levan a Marcelle ou a D10 en Mosteiro", din.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

gato con botas

zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Bajo
27800 Vilaalba (Lugo)
Telf. 982510590

colectivos con voz

Xurxo Iglesias, un virtuoso da corda

O músico, pontés con raíces en Xermade, compaxina o seu labor ao fronte de dous grupos coa docencia en Ortigueira



Sobre estas liñas, o músico con algúns dos instrumentos que ten na súa casa. Á dereita, posando xunto ao mar, xa que vive e traballa en Ortigueira

Xurxo Iglesias é pontés de nacemento pero moi vinculado á Terra Chá, pois os seus pais son de Momán, no Concello de Xermade.

É un virtuoso dos instrumentos de corda pero o principal é a guitarra, ademais da mandolina, bouzouki, baixo, etc.

O seu primeiro disco leva por título *Alpha*, “é a primeira letra do alfabeto grego pero tamén representa o comenzo de algo, o primeiro paso dunha traxectoria discográfica pero tamén un resumo dos coñecementos e experiencias desde os seus comenzos musicais ata o presente”, explica.

Xurxo ademais de ser músico

profesional no grupo que formou para a posta en escena de *Alpha* ten un dúo de música clásica e compaxina a actividade concertística coa docencia pois é un estupendo mestre de guitarra na Escola de Música de Ortigueira (EMCO).

A súa aventura musical comezou aos dezaseis anos, “apúnteime á Rondalla Vila de As Pontes onde aprendín a tocar a guitarra”, di Iglesias.

“A verdade é que na niña familia non hai ninguén que se adique á música nin que toque algún instrumento. Non tiven esa influencia. Foi casi espontáneo”, engade,

“gostábame moito a música, pero tamén tiña o desexo de tocar algún instrumento. Cando toquei as primeiras notas na guitarra foi amor a primeira vista”.

Máis tarde, xa un pouco máis maior, fixo as probas para acceder ao Conservatorio e así unha longa traxectoria ata rematar a carreira

Cando toquei as primeiras notas na guitarra foi amor a primeira vista

instrumento que nunca chegou a tocar.

As súas composicións musicais son propias, “todas as pezas do disco agás unha son composicións miñas”. Nas súas obras intenta reflectir todas as influencias que lle marcaron, desde as músicas étnicas europeas, especialmente as dos Balcáns, Asia Menor ou Marrocos, ata o jazz, música celta e por suposto a música clásica.

A primeira actuación diante de público foi coa Rondalla, no cine Alovi das Pontes, aos poucos meses de comezar a súa andaina musical. “Estaba emocionado e un pouco nervioso, e iso que era un

máis dentro dun grupo duns cuarenta...pero moi ilusionado por esa experiencia”.

Agora neste tempo incerto de crise sanitaria e corentenas que estamos a sufrir, “o tema dos concertos está un pouco parado, pero aínda así teño programados varios concertos co dúo Luz e norte onde facemos un repertorio a dúas guitarras e guitarra e mandolina”.

O concerto máis emotivo que ten na súa memoria foi o de presentación do seu CD *Alpha* xa que foi na súa vila, en xuño do 2019, “cun Alovi cheo, onde puideron ensinar aos meus veciños o traballo de varios anos”.



As súas composicións son propias e inspiradas na música celta

de Música, a súa paixón.

Tamén lembra aquelas primeiras ocasións en que se xuntaban para tocar con moito agarimo pois “tocar en grupo era una experiencia diferente a tocar só. Chamábame a atención a sensación que producía sumar varios instrumentos á vez e dar como resultado algo maravilloso, máis que a suma das partes por separado. Era outra forma de socializar, de transmitir una mensaxe sen palabras, só con música”, di Xurxo.

Por outra banda, lembra entre risas que acudiu a unhas clases de frauta que impartían no mesmo colexio polas tardes, pero como paso previo a tocar a gaita, un



Xurxo Iglesias pasou a súa mocidade nas Pontes e os seus pais son de Momán

terracháxa

revista independente de chaire www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade

Tel. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

DEPUTACIÓN

Destina 185.000 euros a equipamento da Uned



A voceira socialista Pilar García Porto

A voceira socialista do Goberno da Deputación, Pilar García Porto, informou de que a Xunta de Goberno deste venres aprobou a licitación do contrato para o subministro de material informático e de novas tecnoloxías para o Centro Asociado da Uned en Lugo, ao que a institución provincial destina 185.000 euros. Concretamente, son ordenadores, impresoras de alto rendemento e sistemas de videoconferencia que permitirán a renovación do equipamento tecnolóxico de diferentes estancias da Uned, como o salón de actos, a aula de extensión, o Centro de Proceso de Datos (CPD) e a sala de AVIP, para o inicio do próximo curso universitario. Esta nova dotación axudará aos docentes a mellorar a calidade dos contidos dixitais da plataforma telemática da Universidade, como as emisións en directo e as

gravacións das clases impartidas. García Porto explicou que esta aportación súmase a achegada este ano pola Deputación por preto de 300.000 euros para os gastos derivados do funcionamento do Centro Asociado da Uned en Lugo, como os de dirección e coordinación, administración e servizos, titorías, locais, edificios, instalacións e materiais, ou os desprazamentos de profesores para participar na dirección, xestión e docencia en seminarios e convencións do centro. “Renovamos o firme compromiso que mantemos coa educación en xeral e coa Uned en particular, pois foi esta institución a que financiou a construción da sede deste centro, que permitiu a súa implantación na cidade, deixando de ser a única capital de provincia en Galicia na que a Uned non tiña”, subliñou a voceira.

Duplican o investimento en prevención de riscos

A Deputación de Lugo decidiu reforzar o sistema de prevención de riscos laborais ampliando os servizos e duplicando o investimento, que pasa de preto de 60.000 euros a case 112.000 euros ao ano, debido principalmente, segundo explicou a voceira socialista do Goberno provincial e Deputada de Réxime Interior, Pilar García Porto, ao incremento da plantilla da institución, que alcanza na actualidade os 600 traballadores e traballadoras, ao aumento dos centros de traballo coa apertura das residencias, e para previr e combater a covid-19. García Porto informou desta medida na rolda de prensa na que compareceu para explicar os asuntos aprobados na Xunta de Goberno deste venres, pois un deles foi a propia licitación do contrato do servizo de prevención de riscos laborais alleo da Deputación, isto é, “o servizo que realiza labores a maiores das que fai o Servizo de Prevención propio desta institución, en concreto, nas especialidades de seguridade no traballo e vixilancia da saúde, e que ao mesmo tempo lle ofrece a este apoio e asistencia técnica para o desenvolvemento das especialidades de hixiene industrial e ergonomía e psicocioloxía aplicada”.

Con este contrato, explicou a deputada, reforzamos o sistema de prevención de riscos laborais da Deputación duplicando o investimento. Entre outras melloras, “introducimos servizos e medidas para previr e combater a covid-19 co obxectivo de minimizar o risco de contaxio e propagación do coronavirus, controlar a situación epidemiolóxica entre os 600 traballadores e traballadoras da Deputación e afrontar con garantías o escenario provocado polo virus en tanto siga circulando”. Neste contrato, asegurou Pilar García Porto, tamén se contempla por primeira vez a realización de recoñecementos médicos adaptados aos riscos de cada posto de traballo, o que leva consigo probas médicas especiais, e que engade deste xeito garantías no control da saúde e benestar dos traballadores. A Deputada detallou así mesmo que nestes pregos inclúense 23 centros de traballo da Deputación. Entre eles, figuran xa as residencias de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, en previsión da próxima apertura de ambos centros antes de finalizar este ano. A duración do contrato será de dous anos, prorrogables por outros dous.

Aposta pola dixitalización da información turística

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, informa de que dende a Deputación se está impulsando a dixitalización da información turística nos 67 concellos da provincia. Para iso, facilitáronlles recursos dixitais, carteis e información dos principais puntos de interese de cada localidade para que distribúan nos lugares e dependencias municipais onde conflúen os visitantes. O obxectivo é ofrecer información atractiva que as persoas que pasan as súas vacacións na provincia poden consultar dende os seus dispositivos electrónicos. Por un lado, ponse a disposición dos municipios información sobre os puntos de interese que dende a área de Turismo se recapitulou para a dotar de contidos a aplicación Inventrip para móbiles e tablets, dispoñible tanto en galego como en castelán. Así mesmo, fíxoselles chegar cartelería personalizada para cada municipio con enlace a través de código QR á app Inventrip, onde a Deputación ofrece cumprida información sobre os reclamos turísticos de cada localidade. A finalidade é que eses carteis se coloquen en lugares visibles e accesibles aos visitantes, como son as oficinas de turismo, monumentos e lugares de hospedaxe e restauración.

Convocadas axudas para o deporte e a cultura

Os clubs e entidades deportivas da provincia poden solicitar xa as axudas de concorrencia competitiva convocadas pola área de Deportes, cun importe total de 500 mil euros. Segundo a convocatoria publicada este luns no Boletín Oficial da Provincia (BOP), o prazo para presentar as solicitudes ábrese hoxe e prolongarase ata o 14 de setembro. Establécense dúas liñas de axuda: unha destinada a sufragar gastos da actividade ordinaria, cun importe que oscila entre os 300 e os 5.000 euros; e outra dirixida á organización de eventos, con achegas entre os 300 e os 2.000 euros. O deputado de Deportes, Efrén Castro, remarcou que a convocatoria deste ano se adaptou ás circunstancias excepcionais que atravesan os clubs pola situación sanitaria. “Tratamos de adaptar a convocatoria á situación vivida nestes meses, nas que non se puideron rematar as competicións nin realizar grandes eventos.

De feito, a maior parte das axudas, 470 mil euros, destínanse a soste a actividade dos clubs. Aí, ademais dos gastos derivados da actividade federada como viña sendo habitual, inclúense tamén gastos relacionados co mantemento das webs e das actividades online que propuxeron durante as semanas de confinamento e tamén a compra de material de protección fronte á Covid 19”, explicou. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>. Para a concesión das axudas, en rexime de concorrencia competitiva, valóranse criterios obxectivos vinculados ao rendemento deportivo e a incidencia social do club. Nese ámbito, primanse equipos mixtos, femininos ou con persoas con capacidades diferentes. Tamén aqueles que son de concellos con menos de mil habitantes.



Maite Ferreiro

ESPAZOS CULTURALS. A área de Cultura da Deputación Provincial aprobou as axudas de concorrencia competitiva para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2020. Esta liña de subvencións conta cun orzamento de 130.000 euros e poden solicitarlas as entidades e asociacións da provincia. As bases deste ano establecen que polo menos o 5% do custe total da actividade deberá ser financiado

con recursos propios da entidade beneficiaria. A contía mínima das axudas é de 300 euros e a máxima de 3.000. Poderán financiarse, entre outros, gastos de persoal, transporte, infraestruturas para o desenvolvemento da actividade, seguros, ou publicidade, etc. A área de Cultura tamén aprobou a achega de 2.000 € para a Premio Otero Pedrayo 2020, que este ano organizará a Deputación de Ourense. O Premio Otero Pedrayo organízase de xeito rotatorio entre as catro provincias galegas para honrar a memoria do escritor, co obxectivo de recoñecer persoas ou entidades cunha contribución no campo das letras e do coñecemento e promocionar os valores propios de Galicia. Ademais designáronse dous dos membros do xurado que avaliará as candidaturas para o premio, a propia Vicepresidenta e deputada de Cultura, Maite Ferreiro, e o escritor, profesor e investigador Xosé Miranda.

Acollerá un curso para concellos sobre rehabilitación urbana

O Pazo de San Marcos acollerá o curso Análise da Lei 1/2019 de Rehabilitación e de Rexeneración e Renovación Urbanas entre os días 17 e 19 de novembro, unha acción formativa dirixida aos empregados públicos dos concellos da provincia. A actividade enmárcase no Plan Interadministrativo 2020 do Instituto Nacional de Administracións Públicas (INAP), organismo autónomo do Ministerio de Política Territorial. O curso, de 20 horas lectivas, ten como finalidade dar a coñecer en especial as implicacións urbanísticas edificatorias no ámbito local, as consecuencias na organización administrativa da actividade de rehabilitación e rexeneración urbana e a incidencia no ámbito da planificación e xestión, así como as diversas áreas de rehabilitación. Dispón de 40 prazas e o prazo de solicitude remata o 26 de outubro.

DEPORTES

Os equipos de fútbol seguen sumando reforzos

O Rácing Club Vilalbés continúa co seu proxecto de reforzo do equipo sénior masculino para a Terceira División e durante o mes de agosto anunciou as últimas novidades. Así, fichou a Santi Gegunde, mediapunta procedente do CD Lealtad, co que disputou a tempada en Segunda B.

Xunto a este incorpórase o central arxentino Bruno Caballero, que regresa a Vilalba tras tres tempadas.

Tamén se suma o extremo meirense Marino. No capítulo de renovacións incorpóranse do xuvenil A, o mediocentro Anxo e o mediapunta David.

Por outra banda, xa ao completo comenzou os adestramentos de tempada cumprindo estrictamente todos os protocolos. O equipo adestra en 2 grupos diferenciados, ás 19.00 e ás 20.30 xoves e venres no Estadio Roca.

CD AS PONTES. O CD As Pontes fixo públicas novos cambios dentro da estrutura do club. Así, presentouse de forma oficial o corpo técnico que estará a cargo do primeiro equipo a vindeira tempada. Ó xa coñecido Luis Santiago súmanse Manu Posse como pre-

parador físico, Samuel Martínez como adestrador de porteiros e Guille Vázquez como adestrador adxunto.

Manu Posse destaca polo seu labor no Victoria CF cadete e no CD Lugo xuvenil de División de Honra, así como na Unión Deportiva Paioasaco da 3ª División. De Samuel Martínez destacan o seu paso polas categorías inferiores do Rácing de Ferrol, o traballo como 2º adestrador no Cultural Maniños S.D. de 1ª Rexional e na UD Somozas da 3ª División. En canto a Guille Vázquez, alternará o primeiro equipo co equipo infantil.

Ademais, Rubén Rivas Abella encargárase do equipo xuvenil de Liga Galega xunto a Joaquín Breijo Novo, que ata agora estaba no alevín.

Así mesmo, o club sénior confirmou tamén a fichaxe de Pablo Fraga, xogador de 19 anos procedente do Deportivo da Coruña da categoría xuvenil de División de Honra e tamén xogador anteriormente do Ural. Nas Pontes realizará labores de defensa. Á parte de diante incorpórase David Mitogo, xogador procedente das Somozas de 30 anos que tamén xogou no Arenteiro, no Barco e no Salaman-



Arriba, o Vilalbés, na súa volta aos adestramentos; abaixo, o CD As Pontes

ca. Tamén foi internacional en tres ocasións con Guinea Ecuatorial.

MEIRA. O Meira FC ten xa deseñado o seu novo conxunto para disputar a competición no grupo

Norte de Segunda. Trala presentación do adestrador, a primeiros de xuño, Ramón Labrada Cedrón, pola retirada de Lomba, o club apostou pola renovación. De feito renovan 17 dos 18 da xogadores:

Alberto, Javi, Lolo, Pirata, Triunfante, Mateo, Marcos, Álex, Rubencín, Víctor, Iago, Jorge, Jesús, Farra, Seixos, Pirlo e Xuster. O club confirmou a continuidade de Iago Iglesias como segundo adestrador. Deuse a benvida a Alberte Lage, dianteiro e ao defensor Héctor Manuel Neira. Súmanse tamén Alejandro Núñez Peque, Iván Pérez e Kevin Pierre, os dous do Pol. Ademais volve á súa casa Lourido, tras 22 anos no Riotorto, o mesmo que Miguel, que volve dende as filas do Pastoricense.

GOIRIZ. O CD Goiriz, que milita no grupo Norte na Segunda Autonómica anunciou a renovación da súa plantilla case que ao completo, agás a baixa de Diego Vivero. O xogador retírase tras 17 tempadas defendendo as cores vilalbesas.

Os 20 renovados son e que disputarán a tempada 2020/21 unha vez que se comunique a data oficial de comezo son: Marcos Fernández, Diego Barro, Óscar Lozano, Manel, Cuco ziganda, Rubén Carreira, Miguel, Lucho, Alex, Alfonso, Josiño, Marcos Yáñez, Luisiño, Cristian, Richi, Poti, Eladio, Fidel, Luis Oleiros e Raúl.

Novas medallas para o Club Atletismo Friol

Boa actuación das representantes do Atletismo Friol na volta as competicións atléticas. Na primeira competición, na Festa do Atletismo Galego, disputada en Pontevedra, María Carballido facía o seu debut na tempada de aire libre na proba dos 400 metros lisos, onde lograba a terceira posición nesta proba cun tempo de 60 segundos. Días despois tiña lugar o Ourense Thermal Meeting. María Carballido tomaba parte na disciplina dos 800 metros lisos, onde acadaba a segunda posición cun crono de 2.20 minutos, mentras que a súa compañeira Nerea Lage remataba na terceira posición, onde lograba un rexistro de 2.25 minutos.

No campionato galego da Coruña, María Carballido lograba conquistar a medalla de bronce no campionato absoluto, conseguido ademais a medalla de ouro na categoría sub 20 na proba dos 400 metros lisos.

Nerea Lage logrou a medalla de bronce no autonómico absoluto na proba dos 1.500 metros lisos, onde



María Carballido na pista

marcaba un tempo de 4,55 minutos, tempo que lle permitía tamén conseguir a medalla de ouro no seu campionato da categoría sub 18.

ANTONIO TEJIDO. O atleta guitericense Antonio Tejido rematou primeiro na Arnoia Termal Sports, a segunda proba en ruta que se fixo en Galicia tralo confinamento.

O atleta do Verxel empregou un tempo de 23.30 minutos para percorrer os 8 quilómetros da carreira e logrou impoñerse dun modo claro, xa que avantaxou en case dous minutos aos seus perseguidores.

Miguel Alvariño e Dani Castro, ouro e prata en dúas probas

O seteiro Dani Castro, do Club Sílex das Pontes, fíxose co título de subcampión de España en arco recurvo que se celebrou en Madrid para todas as especialidades. Castro fixo unha gran actuación e foi na final cando caeu ante un intratable Pablo Acha, que se impuxo por 6 a 0.

A prata individual non foi a única medalla que se colgou Castro. Na competición por equipos autonómicos, a selección galega, integrada tamén por Miguel Alvariño e Pedro Pina, sumou un terceiro.

A expedición galega logrou unha terceira medalla da man de Xaquín Mira, natural de Narón pero integrante do Club Sílex, que se subiu ao terceiro banzo do podio na competición de arco composto.

Mentres tanto, Miguel Alvariño, que loita por recuperar a súa praza para os xogos olímpicos, correu peor sorte na competición de arco recurvo. Aínda que lo-

grou acabar a rolda clasificatoria no segundo posto, caeu en cuartos ante o madrileño Ken Sánchez Antoku.

En xuvenís, Daniel González Formo quedou a un paso de superar a rolda clasificatoria.

Previamente, Miguel Alvariño reiniciaba a competición alzándose coa medalla de ouro no primeiro campionato nacional da tempada, o Gran Premio de España de Toledo. O seu compañeiro do Sílex, Dani Castro, tamén integrante do equipo nacional, disputou a final contra Alvariño pero tívose que conformar con colgarse a medalla de prata. O terceiro en discordia foi o gran rival do pontés para a praza olímpica, o burgalés Pablo Acha.

Na competición por equipos, o Sílex das Pontes conseguiu a terceira medalla de prata consecutiva poñéndolle as cousas moi complicadas ao seu máximo rival, o Pozuelo.

EN BREVE

NORTHEAST TRIMAN. O Concello das Pontes ante a evolución da situación sanitaria da pandemia provocada pola covid-19 comunica a cancelación da NorthWest Triman, que se ía celebrar o 4 de outubro nas Pontes. Aseguran que esta medida adóptase con carácter preventivo e co obxectivo prioritario de velar pola saúde da veciñanza e preservar o inicio do curso escolar.

VELA. O Iago das Pontes acolleu o Campionato Galego de Vela na clase Vaurien que tamén é a vixésimo primeira Regata Vila das Pontes. Os vencedores absolutos resultaron Pablo Cabello e Mario Pérez, do Real Club Náutico de Vigo. Ao segundo escalón subiron Nacho Campos e Yolanda Bastos, do Alagua de A Guarda, mentres que o terceiro caixón ocupárono Laura Llopiz e Tone Pérez. Nas categorías xuvenil feminina, dobrete das irmáns Paula e Paloma González, do RCN de Vigo xunto a dúas embarcacións locais, a de Marta Torres e María Lefler, segundas, e Ana Torres e Carla Pérez, terceiras. En masculino, o bronce foi para os locais Javier Martínez e Nano Torres.

O Concello de Begonte FS xa ten listos o seus equipos para outubro

O Concello de Begonte FS masculino ten xa listo o equipo para a próxima tempada, equipo que aposta pola renovación para loitar na Terceira División.

Os primeiros en renovar foron o seu adestrador, David Pena, e o capitán do equipo, Brais Cereijo, adestrador do conxunto xuvenil. Tamén renova o capitán Yago Tizón, David e Borja; os porteiros Jorge e Hugo; os canteirás Villegas, Dani Varela, Brais Ansede e Dani Jove, Fran Pastor, Freire, Jaco

Entre as novidades destada a baixa de Xico, un dos que deu o salto do equipo xuvenil ó primeiro equipo a tempada pasada e no que se fixo un xogador importante tanto na pista como no vestiario. Cambia de ocupación Richi, que deixa de ser xogador do equipo sénior por decisión propia pero entra a formar parte do corpo técnico no primeiro equipo. Entre os fichaxes, incorpórase o porteiro Yago Amarelo procedente do Vilalba FS así como cinco canteirás, Pablo, Jose, Sergio, Astray e Dani.

FEMININO. O equipo sénior feminino do Concello de Begonte recibiu xa a notificación de ascenso e



As xogadoras do Concello de Begonte que obtiveron o ascenso

disputará a próxima tempada na liga Preferente Galicia logo de coller a praza do desaparecido Monterroso FSF.

Non cabe dúbida de que será un paso adiante para o equipo e para o club, que permitirá medrar e seguir formándose a un conxunto que renova adestrador, Suso, e que se mantén na mesma liña.

Ademais, tamén renova a maior parte do seu equipo. Desde xeito estarán un ano máis pero cunha meta maior as capitanas Uxía e Sheila, as porteiros Sonia e Alba Cruz ou xogadoras como Alba Torres, Nerea, Laura, Jenny, Aroa e Ruth.

Non xogará este ano Noa, que es-

tará no estranxeiro por motivos académicos. Tamén cauxa baixa Ana, que pasa a formar parte das filas do FSF Castro de Segunda División.

Pola súa banda, regresa ao club Noemí, procedente do ADC San Xoán de Guitiriz, club que este ano non contará con equipo feminino, e Alicia, que xa adestrou o ano pasado co Begonte. Tamén do San Xoán incorpórase Ainara.

Adrián Varela, que xa fora porteiro do equipo masculino, regresa ao club para formar parte do corpo técnico no proxecto de Preferente Galicia Feminina do Concello de Begonte FS como auxiliar.

Guitiriz acolle o I Slalom no circuíto do Campo da Feira

O Concello de Guitiriz acolle, o vindeiro 12 de setembro, o I Slalom no circuíto do Campo da Feira. A Escudería Scratch Fene é a encargada de organizar esta proba, que será de carácter nacional e puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom. Así, pola realización desta proba, estará prohibido estacionar dende o venres 11 de setembro ás 22 horas e ata o sábado 12 ás 22.30 horas en: praza Campo da Feira (entorno a Igrexa e a Praza), rúa Río Forxá, rúa

As Costaneiras e rúa Candea.

Ademais, o tráfico permanecerá pechado o día da proba nas rúas do Mercado, Deputación, avenida Poeta Díaz Castro, praza Campo da Feira (entorno a Igrexa e a Praza), rúa Río Forxá, rúa As Costaneiras, rúa Candea e paseo dos Sete Muíños. Para presenciar o slalom, é obrigatorio apuntarse na app que a organización facilita, co obxectivo de controlar o aforo e a seguridade de todos os asistentes.



PIRAGÜISMO. O Xuvenil-Matojoma das Pontes participou no Descenso Internacional do Miño. O equipo cadete fíxose coa vitoria en k1 e k2 muller, con Celia Durán en individual e Ada Fernández e Inés Domínguez en dobre. En segunda posición quedaron, Pablo Vispalia e Lucas Valle no k2 home cadete. Ademais dos cadetes, os veteranos José Manuel García e Ernesto Gancedo conseguiron o 3º posto no k2 home veterano. Os veteranos José Manuel García e Ernesto Gancedo tamén foron terceiros no k2 home veterano.

concellodefriol.es

Un Paseo por el Corazón Verde de Galicia

CONCELLO DE FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

AGRO

O SLG insta a Medio Rural a convocar axudas por granxa no sector caprino

Esta semana rematou o prazo de dez días para solicitar as axudas para compensar as perdas provocadas polo confinamento da covid-19 nos sectores de ovino e caprino. Segundo o Sindicato Labrego Galego, “unha vez máis, a imposición duns requisitos pensados para outras comunidades autónomas, pero non para Galiza, fixo que o 95% das granxas que podían optar á axuda quedasen fóra”.

Segundo explican, dous eran eses requisitos: o primeiro, que a granxa de ovino ou caprino solicitante tivese como mínimo dez reprodutoras. Aí entraban case 4.000 explotacións galegas. O segundo, que fosen solicitantes das axudas da PAC para o sector, co cal as posibles beneficiadas reducíronse a unhas 200.

Dende o Sindicato Labrego Galego reclaman unha axuda compensatoria polas perdas provocadas pola crise da covid-19 á que poidan acceder todas as granxas damnificadas. Din que estas axudas deberían cubrir todo o ano, xa que as perdas sufridas polo sector non só se limitaron aos meses do confinamento. De feito, a crise segue con prezos á baixa.

Afirmar que outro factor que non axuda a que os diversos sectores en crise se beneficien de posibles axudas é o desmantelamento da rede de oficinas agrarias comarcais na Galiza, “que son as que deberían promover as subvencións e axudar a xestionar a súa tramitación”.

Fruga crítica á Xunta por non ampliar os prazos das licenzas dos plans de mellora

Fruga quere manifestar o seu desacordo coa decisión da Xunta de non ampliar o prazo da concesión de licenzas de obra para os plans de mellora, confirmando que se mantén a data do día 15 de setembro como data para a entrega dos permisos. “Nin tan sequera se prolonga os 79 días do estado de alarma, como di a lei”, explican.

Alegan que así unha boa parte dos plans de mellora aprobados inicialmente van ter dificultades para poder executarse, e para poder percibir a subvención pertinente, “co cal nos atopamos ante unhas perdas considerables para moitos titulares de explotación galegos, como consecuencia da falla de vontade da Xunta para arranxar este problema”.

Un estudo asegura que o pastoreo mellora a calidade do leite vacún

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) constatou que o pastoreo e unha alimentación a base de herba contribúen a mellorar a composición do leite de vacún e a incrementar os seus beneficios para a saúde. Son as conclusións dunha investigación levada a cabo en colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal) e recollidas nunha tese presentada na USC.

Así, confirmouse, primeiramente, a existencia de dous modelos de produción de leite de vacún en Galicia. Por unha banda, un sistema minoritario baseado en pequenas granxas en extensivo, con vacas menos produtivas e máis lonxevas que consomen pastos frescos e ensilados. Por outra, un modelo maioritario, máis intensivo, fundamentado en cultivos forraxeiros e en vacas de alta produción menos lonxevas.

Tras analizar o leite de cada un dos dous modelos, os estudos destacan a extraordinaria calidade do produto en ambos casos, aínda que a súa composición varía segundo a alimentación que reciben as vacas en lactación. Deste xeito, as análises demostran que o leite producido en granxas que realizan pastoreo presenta maior concen-



Un exemplar de vaca leiteira

tración de ácidos graxos poliinsaturados e antioxidantes liposolubles bioactivos, beneficiosos para a saúde humana. No caso das explotacións que manteñen os animais estabulados, os compostos bioactivos do leite incrementáanse aínda máis cando a alimentación dos animais combina herba e millo, en lugar de apostar masivamente polo millo.

Os resultados experimentais permitiron corroborar as observacións obtidas no estudo realizado nas granxas. Como conclusión, a investigación arroxa que combinar o pastoreo e a alimentación a base de herba cunha adecuada suplementación enerxética da dieta permite compatibilizar un alto rendemento leiteiro cunha alta calidade da graxa do leite, rica en ácidos graxos e antioxidantes saudables.

Nilo Occidental

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar doutra zoonose que está a saír nos medios de comunicación xa que se presentaron casos en España nas últimas datas, esa enfermidade é a coñecida como enfermidade do Nilo Occidental.

O virus do Nilo Occidental é un virus que provoca a coñecida como febre do Nilo Occidental. Esta doenza é unha enfermidade vírica de orixe africana subsahariana que produce encefalite en cabalos e tamén en humanos, e que se estendeu desde 1937 polo resto de África, Oriente Medio, Asia Menor e Europa, e moi recentemente por Extremo Oriente e América do Norte.

Tanto o ser humano como o cabalo son hóspedes finais, o cal significa que se infectan pero non propagan a infección. Nos cabalos as infeccións sintomáticas tamén son raras e polo común leves, pero poden causar afección do sistema nervioso, en particular unha encefalomielite (inflamación dos tecidos que rodean o cerebro) puidendo ser mortal. A infección do ser humano adoita ser o resultado das picaduras de mosquitos que se infectan cando pican a aves infectadas, en cuxo sangue circula o virus durante algúns días. O virus pasa ás glándulas salivais do mosquito, que cando pica pode inxectar o virus aos seres humanos e aos animais, nos que logo se multiplica e pode causar enfermidade.

Nos cabalos desenvólvense síntomas neurolóxicos caracterizados por obnubilación, anorexia, visión dificultosa, movementos masticatorios en baleiro, incapacidade para tragar, ataxia (extremidades moi separadas ou cruzadas), contraccións musculares, parálise parcial, desprazamentos en círculos e alteracións da conduta con períodos de hiperexcitabilidade seguidos doutros de depresión. O animal pode entrar en coma e morrer. A febre non é constante.

Nos humanos, a maioría das infeccións non causan ningún tipo de síntomas. As infeccións leves poden causar febre, dor de cabeza e do corpo, frecuentemente con sarpullido e inflamación dos ganglios linfáticos. Nunha pequena

porcentaxe de persoas infectadas polo virus, a enfermidade pode ter consecuencias serias e mesmo fatais. As infeccións máis graves poden causar dor de cabeza, febre alta, rixidez no pescozo, estupor, desorientación, coma, tremores, convulsións, parálises e en ocasións a morte.

Prevenção:

É fundamental o establecemento dun sistema activo de vixilancia da saúde animal para detectar casos novos en aves e cabalos. Resulta esencial para proporcionar a alerta temperá ás autoridades veterinarias e de saúde pública. Elaboráronse vacinas para os cabalos. Como non hai vacina, a única maneira de reducir a frecuencia da



infección nos seres humanos é mediante a concienciación acerca dos factores de risco e a educación da xente con respecto ás medidas que poden adoptar para reducir a exposición ao virus. As medidas para previr a transmisión deben centrarse inicialmente na protección persoal e comunitaria contra as picaduras de mosquitos mediante o uso de mosquiteros, repelente de insectos, uso de roupas de cor clara (camisa de manga longa e pantalón) e evitar as actividades ao aire libre en horas en que os mosquitos pican máis.

E hai que recordar como sempre que o mellor sistema de control de presenza de mosquitos témolo arredor de nós, os morcegos, as anduriñas, avións, rás e demais animais que nos últimos anos viron diminuído o seu número debido aos pesticidas, ás prantacións de eucalipto e ás concentracións parcelarias, así como á contaminación dos nosos ríos e a presenza de fauna invasora e que fixo que o mellor control de pragas perdera a súa efectividade, eso deberíamos facer recapacitar que o final nós somos responsables tamén en parte de que ocorran estas cousas.

HUMOR RURAL





Actuación de Pakolas en Guitiriz



Ruta solidaria do San Ramón de Vilalba



Pequenos participantes no campamento do Ceip Terra Chá



Rapaces do campamento de verán celebrado en Riotorto



Participantes no circuito de karts da Pastoriza



Entrega de premios do certame Arte-Llando en Xermade



Obradoiro de graffiti en Vilalba



JANSU

Domingo Goás, 16 baixo
27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367
651 577 247

Volvemos á normalidade, esperámoste!

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO JANSU VILALBA

- FERRUGUESÍA
- FOTOGRAFACIÓN
- TAEKWONDO ADULTOS - INFANTEL
- DEFENSA PERSONAL
- ZUMBA ADULTOS - INFANTEL
- CIOSAS TRADICIONAIS
- T. X. SUSPENSIÓN M. P. S.
- SPINNING
- INICIACIÓN RETMOS LATINOS
- KIMNASIA MANTENIMENTO SUAVE
- AGESTRAMENTO PARA MAIORES
- AGESTRADOR PERSONAL

COLABORACIÓN

Non me afago

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Antes de nada, manifestar que servidor non pertence ó irresponsable grupo que ergue a bandeira do negacionismo sobre todo o relacionado co Covid-19, fundamentalmente coas correspondentes medidas que recomentan as autoridades sanitarias ó conxunto da poboación para previr a transmisión deste virus caprichoso. Carrecendo da bitola de experto na materia e descartando calquera divagación en plan cuñado, cóm-

pre non arriscar e aceptar as consignas daqueles que, suponemos, terán información e coñecementos dabondo para propoñelas a todos nosoutros.

Mais logo de cinco longos meses con esta historia, tal e como sinalamos nesta mesma columna en publicacións anteriores, todo segue a ser tan estraño e tan anómalo, que semella un pesadelo do que aínda non despertamos.

O verán chega á súa recta final e, desafortunadamente, no País estanse a producir de forma habitual gromos que fan saltar de novo tódalas alarmas. O problema continúa e non se pode baixar a garda. Ata na nosa bisbarra foron descubertas persoas infectadas, o

que derivou na corentena de rigor para evitar que se propagasen os contaxios.

Esta nova normalidade chegou para quedar e xa nos imos dando conta do que significa. A vida propia, a familiar, as relacións, o ocio e o mundo laboral, todo, absolutamente todo está mediatizado pola maldita pandemia. A máscara convertiuse nun complemento que forma parte imprescindible da nosa indumentaria. Reconozo que resulta raro saír á rúa sentíndose un mesmo e vendo a tódolos demáis coa cara tapada. Cando se entra en locais tales como bares e restaurantes, así como edificios públicos, desde concellos ata oficinas de diferentes administracións,

precisamos seguir un protocolo tan estrito que a un danlle ganas de saír correndo e voltar para a casa. Todo tipo de acto que era de sempre concorrido, como feiras e mercados, celebracións –bautizos, primeiras comunións, vodas-, funerais –enterros e cabodanos-, estanse reducindo á mínima expresión e no peor dos casos, suspendidos. E que dicir de tódalas romarías, festas patronais e festivas que tiñan lugar ó longo e ancho da nosa xeografía, de gran tradición e que supuñan un importante pulo económico. Cancelados. E falta aínda por ver como se desenvolve o comezo do curso escolar, rodeado dunha chea de incógnitas e cuns desafíos de tal

envergadura que non convidan precisamente ó optimismo.

En fin. Que aínda sendo disciplinado, ou cando menos, procurándoo, sen ansias de insubmisión ou confrontación cos mandamentos de quen dirixen o asunto que nos atinxe, non me afago a esta realidade que nos toca. Nunca pensei que o de calquera tempo pasado foi mellor fora tan certo, pero unha e outra vez lembro ese dito e corroboroo sen ningún xénero de dúbidas.

Remato o artigo. Vou saír dar unha volta. Xunto ás chaves, a careta de vivas cores feita á medida para cubrir boca e nariz antes de abrir a porta. Non gostamos da situación, pero hai que afacerse. Non queda outra.

Chocolate D'o Bon

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

La Flor Cubana era unha confeitaría da primeira metade do século XX que se atopaba entre as rúas San José e Galiano, na Habana Vella, moi preto da casa do meu avó Mario, que residía no número 88 de San José, e a quen lle gustaba pasar as tardes de lecer aprendendo receitas de repostería. Gran amante do chocolate e das sobremesas, tiña outras dúas paradas obrigadas na capital caribeña: 'El Moderno Cubano', no número 51 da rúa Obispo, e tamén a confeitaría 'La Dominicana', situada entre as rúas O'Reilly e Mercaderes.

Un dos grandes soños de Mario Xosé, dende a súa estada en Cuba, era montar unha fábrica de chocolate, o que non conseguiría ata 1959, poucos meses antes do seu pasamento. En agosto daquel ano, coincidindo coas festas de San Ramón de Vilalba, comezou a comercializar a súa marca propia, Chocolate D'o Bon. Ademais da excelente calidade do produto, o máis chamativo era o envoltorio: ilustrado en galego, supuxo toda unha reivindicación na época. Dende que concibiu o proxecto, tivo que agardar bastante tempo para poñelo en marcha. De feito, non puido mercar cacao -consi-

derado unha mercadería de importación- ata despois de 1952, cando rematou o racionamento alimentario decretado polo réxime de Franco en 1936. O Ministerio de Agricultura revisou os prezos agrarios, o que contribuíu a aumentar a oferta e a demanda. As medidas liberadoras facilitaron as exportacións, favorecendo así a oportunidade de importar materias primas do exterior.

Cando viu o camiño despexado, Mario Xosé comezou coa reforma do almacén da rúa Xardíns e despois mercou unha torradora e un vello forno esférico de leña, unha das xoias da antiga fábrica que aínda se conserva na Casa dos Marios. Este foi o seu grande legado. A liña de máquinas completárase posteriormente na sala de mesturadoras e refinadoras, para rematar na sección de moldeado e empaquetado, moi básicas nun principio pero que co transcorrer do tempo foron perfeccionando o meu pai e os seus irmáns, de maneira especial a partir de 1965, cando trasladaron e ampliaron a fábrica de chocolate nos baixos do edificio que mercaron na Praza do Castelo, ao pé da Pradia. Alí chegaron a fabricar tres tipos de chocolate: o sucedáneo, o extrafino e o de 'á cunca', todas da marca D'o Bon. Cara 1969 comezarían tamén coa produción de chocolate en po, mediante o tratamento do cacao para procesalo por medio da redución da



manteiga, empregando prensas hidráulicas e disolventes alimentarios especiais. Este novo produto sería comercializado baixo a marca Paz-Cao, acadando gran popularidade na provincia de Lugo. O paquete era facilmente recoñecible nos establecementos, pois levaba unha ilustración dourada da torre da homenaxe do castelo de Vilalba -agasallo do pintor Xosé López Guntín- sobre un característico fondo vermello e mouro.

Só se pode entender a expansión do negocio familiar dentro do contexto socioeconómico dos anos 60, a chamada "década prodixiosa". O Plan de Estabilización impulsado polos tecnócratas do franquismo depreciou unha peseta sobrevalorada artificialmente, eliminou as barreiras para a exportación e facilitou a chegada do turismo de "sol e praia". O sector industrial medrou de xeito notable grazas ao investimento

en capital (en boa medida dende o exterior), a mellora da produtividade e tamén o crecemento dos servizos, especialmente os relacionados co eido turístico, que chegou a converterse no principal motor da economía. Na outra cara da moeda, a agricultura vivía unha forte reconversión, e a mecanización e as novas oportunidades que ofrecían as cidades provocou o éxodo rural. A dependencia dos investimentos exteriores e a saída de emigrantes eran os puntos débiles deste crecemento.

A maior renda dispoñible permitiu o desenvolvemento das novas clases medias, que serán a base da sociedade de consumo deste decenio. Os fogares comezaron a encherse de tecnoloxía doméstica (batedores, neveiras, lavadoras, olas a presión, gas butano...) e, finalmente, a chegada da televisión, o medio publicitario por excelencia que supuxo unha axuda

excepcional para crear novos hábitos de consumo nas familias. En moitas vilas creáronse teleclubs, que posibilitaron a xuntanza de persoas que aínda non tiñan suficiente capacidade adquisitiva para mercar o aparello, que non faltaba en lugares como as cafeterías. Na Vilalba da época, os principais locais de concentración para ver a televisión eran o Bar Roca e o Bar Fornos, fronte á Alameda.

Os fillos de Mario Xosé aproveitaron esta conxuntura económica para relanzar o negocio de ultramarinos que fundara o seu pai. O primeiro paso foi ampliar a súa presenza nas feiras da contorna, polo que mercaron un furgón Mercedes Benz 319L, de motor diésel, que sería un vehículo fundamental para axudarlles na estratexia de fomentar o comercio polo miúdo, permitindo así que as marcas propias acadaran unha maior presenza xeográfica. De seguido, crearon un equipo de viaxantes comerciais que se desprazaban polas bisbarras de Lugo e máis tarde da Coruña, ofrecendo un catálogo de produtos con listas de prezos. No caso das marcas da casa, o Chavito dedicouse a deseñar slogans para potenciar a proximidade cos clientes. O máis coñecido foi o da copla do cacao, que dicía así: "Venimos con gran ilusión / a visitarle de nuevo / traemos Chocolate D'o Bon / que quiere decir del bueno".

Seguen coa 'Formación del Espíritu Nacional'

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Onacionalistas españois que renegan dese cualificativo -porque o utilizan en plan despectivo para descualificar aos nacionalismos periféricos-, aínda seguen ancorados no nacional-catolicismo e no seu espírito guerreiro e violento dos corenta anos de franquismo e outros tantos da dinastía borbónica, nos que aínda podemos ver como unha gran maioría seguen "al alegre paso de las banderas victoriosas" da extrema dereita.

Son os que acusan aos nacionalismos cataláns, galego e vasco, de manipular aos nenos por reivindicar a utilización dos seus idiomas maternos e por ensinar-lles a historia das súas respectivas nacións, porque queren ser suxeitos activos e ser eles os que escriben a súa propia historia e non que lle la conte o centralismo á súa maneira. Sen embargo, como veremos, son eles os que verdadeiramente manipulan, e, a diferenza entre eses nacionalismos periféricos das nacións sen

Estado e o nacionalismo español é que, mentres os primeiros son democráticos, internacionalistas e solidarios o españolista é, polo normal, fascista, supremacista, violento e imperialista.

Todos sabemos o doado que é manipular a vontade dun neno con un caramelo, outro tipo de garrida, ou con un xoguete co que brinquen a ser maiores, pero si a manipulación dese neno é para conseguir réditos políticos, ademais de ilegal, rompe a ética e causa repugnancia en calquera sociedade pacífica e minimamente democrática. Sen embargo, mentres a ONU condena ese tipo de manipulación e a utilización de nenos como soldados, un grupo de veteranos do exército español non tivo mellor idea que organizar campamentos de verán para nenos soldado, organizando actividades de ocio, nas que se dá instrución militar a menores, ensinándolles a disparar con armas simuladas. Usan pistolas e fusiles que son réplicas exactas das do Exército Español, pero estas armas, que na vez de balas disparan bolas de plástico, non son inofensivas, xa que un impacto nun ollo pode causar lesións irreversibles, polo que é obrigatorio levar gafas, ademais de protectores



bucais, e no Estado Español está prohibido o seu uso para menores de 14 anos.

A Administración, que está obrigada facer cumprir as súas propias leis e a velar polos dereitos da infancia, un dos cales é non ser adoutrinada, vemos que aquí mira para outro lado, a pesar de que o uso de armas -incluso simuladas-, contradí a vixente lei educativa que sinala como un dos seus fins e principios a educación para a paz, non so na ensinanza, senón en todos os ámbitos: persoal, familiar e social. Pero parece que a extrema dereita ten bula para violar a Lei de Memoria Histórica, porque nestes campamentos de "orientación militar", que levan o nome de Don Pelayo e teñen no seu escudo a silue-

ta do mítico caudillo asturiano, contan con unha media ducia de iniciativas con nomes tan evocadores do pasado imperial español como Gran Capitán, Tercios de Lezo ou Millán Astray, o fascista aquel que lle berrou a Miguel de Unamuno: "Muera la inteligencia! Viva la muerte!", o que nos dá unha idea do que lles deben ensinar alí, ou, mellor dito, como embrutecen nese campamento a eses infantés.

O director asegura que "no campamento fálese de valores e os valores non teñen nada que ver coa política. Afirmo que hai moita xente dentro disto" e que "nin sequera ten nada que ver con Vox", sen embargo, Gema, a que fai de coordinadora, foi concelleira do PP en Torrejón do Rei (Guadalajara) e nas municipais do ano pasado presentouse de candidata por Vox.

Segundo eles, esta clase de campamentos teñen como fin restaurar valores como o "patriotismo", porque din que é "algo importante que perdemos e que temos que recuperar", afirmando que esta clase de campamentos viñeron a encher o oco deixado polo fin da "mili" obrigatoria, do que se pode deducir que nos levaban a perder o tempo no servizo militar para

facernos "patriotas españois", enalzando os valores castreses e un constante lavado de cerebro. Pero esta idea dos campamentos nin sequera é deles, pois copiaron esa moda dos Estados Unidos, onde xa cumpren a misión de auténticos reformatorios para rehabilitar a delincentes xuvenís e onde moitos non utilizan armas simuladas senón reais e contan con instrutores da tamén fascista, Asociación Nacional do Rifle.

Dá grima pensar o escasos que deben andar de ideas e de argumentos estes nacionalistas españois cando teñen que botar man deste adoutrinamento tan brutal para converter en "patriotas" a eses nenos que deberan estar instruíndose na escola e cultivando a sensibilidade que lles ensine a ser solidarios cos demais, a respectar ao diferente, a amar ao próximo e prepararlos para a paz, na vez inculcarlles os instintos mais negros do xénero humano; de prepararlos para a guerra e matar a todos aqueles que consideren inimigos porque non pensan como lles obrigaron a pensar a eles neses campamentos onde lles "formatean" o disco duro, para que non quede nel o mínimo rastro de intelixencia.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VIALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TELÉFONOS DE INTERESE

terracháxa
xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.



Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Ponte
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03



Teléfono: 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

PASATEMPOS

SUDOKU

Fácil

		4			8	2		
		2			7		1	
	4			8	9	6		
	6			3		7	9	
7		9						3
			2		8			
	3		5	4		9	7	
	9			8		5		4
	5		9	3		2	1	



Difícil

1	3			2	4	5	6	
6	8	5				3		2
			6					
				4			8	5
		3					9	6
3		1	9	6		8	2	7
	2	6			8			
					7		1	

Extremo

		6						7
8	7		3				5	9
		5	4				2	
		9		5	6	4		
			9					8
2		7	8					
7					4			2
		8					7	1
								9

AS SETE DIFERENZAS



SOLUCIÓNS

6	5	4	9	3	7	2	1	8
1	9	7	6	8	2	5	3	4
8	3	2	5	1	4	6	9	7
4	1	3	7	2	9	8	5	6
7	8	9	1	5	6	4	2	3
5	2	6	8	4	3	1	7	9
2	4	1	3	7	8	9	6	5
3	6	8	2	9	5	7	4	1
9	7	5	4	6	1	3	8	2


Fácil

9	5	8	2	3	7	6	1	4
7	2	6	4	1	8	9	5	3
3	4	1	9	6	5	8	2	7
8	1	3	5	7	2	4	9	6
2	6	9	1	4	3	7	8	5
5	7	4	6	8	9	2	3	1
6	8	5	7	9	1	3	4	2
1	3	7	8	2	4	5	6	9
4	9	2	3	5	6	1	7	8

Difícil

6	5	3	7	1	2	8	4	9
4	2	8	6	3	9	7	1	5
7	9	1	5	8	4	6	3	2
2	1	7	8	4	3	9	5	6
5	4	6	9	2	7	1	8	3
3	8	9	1	5	6	4	2	7
9	3	5	4	7	8	2	6	1
8	7	2	3	6	1	5	9	4
1	6	4	2	9	5	3	7	8

Extremo



RECOMENDACIÓNS

que ler?



Cando soa a buguina X. H. Rivadulla Corcón, autor, e Viki Berre, ilustración

Para Carme, o son da buguina trae do mar a voz do seu pai. Carme ten oito anos e vive en Muxía coa súa familia. O seu pai é mariñeiro e todas as tardes cando regresa do mar xoga con ela. Pero unha tarde o pai de Carme non volve. O seu barco perdeuse no mar.

que escoitar?



Goats Head Soup The Rolling Stones

Publicado orixinalmente en 1973 foi un éxito rotundo, impulsado en gran parte pola balada *Angie*, sen dúbida, o éxito comercial máis grande da banda ata a data. Tamén incluía outros temas clásicos como son *Dancing With Mr D*, *Doo Doo Doo Doo Doo (Heartbreaker)* e *Star Star*. The Rolling Stones re-editarán *Goats Head Soup* nesta ocasión, con nova mestura do álbum en estéreo aínda usando os arquivos e fontes das sesións orixinais. Ademais, inclúen tres temas inéditos *Criss Cros*, *Scarlet* e *All The Rage*, así como versións e demos alternativas.

que ver?



The King's Man: la primera misión Thriller, acción, comedia

Cando un grupo formado polos tiranos e as mentes criminais máis malvadas da historia únese para desencadear unha guerra que matará a millóns de persoas, un home terá que loitar a contrarreloxo para detelos. Terceira entrega da saga Kingsman, ambientada moitos anos antes das anteriores e explicando a orixe da axencia.

a elección de...



José M. López Barrio Director do Ceip Terra Chá

un libro




Memorias dun neno labrego
de Xosé Neira Vilas

un disco




O lobo morde a man
de Kin García

unha película



A Esmorqa
de Ignacio Vilar

unha personaxe histórica



María Pita

un lugar para visitar



Santiago de Compostela

un sitio onde vivir



Vilalba

unha comida



Capón ou cocido

unha bebida



Viño Albariño

ELECTRICIDAD

MONCHO SANTOME

FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

FINALIZAN OBRA EN CALLE FOZ, 6
A 150 m da Praza da Constitución
Vivendas de 2 e 3 dormitorios

982 512 444 - 659 080 853 / www.folgueirasinversiones.com

Desexamos saúde e ánimo. Nunca choveu que non escampara!



DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

Os ferreiros de Riotorto



Á esquerda, ferreiros de Riotorto na feira do 2018; no centro José María Louro, de Ferreiravella, traballando e, á dereita, unha imaxe antiga dun mazo

O Concello lucense de Riotorto, territorialmente enmarcado dentro da Comarca de Meira, é coñecido por ter proporcionado numerosos elementos patrimoniais de carácter significativo á provincia, coma é o caso dos restos fósiles de período Xurásico atopados na Órrea, en Lodás, Santa Marta de Meilán e As Rodrigas, o castro da Coroa e o seu torques de ouro ou os prolíficos exemplos de arquitectura relixiosa dende época medieval.

Aínda así, falar de Riotorto é falar indiscutiblemente de ferro e forxa, dun concello que pode presumir de ser un dos berces máis importantes de ferreiros galegos, oficio tradicional no que a mestría se mestura co metal, o lume e a auga, facendo xurdir apeiros e coitelos de gran calidade empregados dende fai séculos para desempeñar distintas labores domésticas e do campo.

A tradición e o oficio de ferreiro en Riotorto leva transmitíndose de pais a fillos polo menos dende o

século XVI, pois a primeira referencia histórica destes artesáns atopámola nos arquivos do convento de San Salvador de Lourenzá, e, no Arquivo Histórico Provincial de Asturias, apareceron documentos que indican a existencia dun mazo en Ferreiravella no ano 1691. No Catastro do Marqués de Ensenada (1752) e no Diccionario de Pascual Madoz (1845-1850), existen tamén referencias á presenza de ferreiros e de mazos, construcións á veira do río que albergaban martelos de grande tamaño movidos mecanicamente pola acción da auga e que eran empregados polos ferreiros para esmagar e estirar o ferro, ademais da existencia doutros datos coma os contratos de saca de vea, os cales indican a correlativa e necesaria actividade mineira. Destes mazos actualmente só se conservan dous, o de Bastián (Espasande de Baixo) e o da Fraga (Ferreiravella), dun total de 46 artiluxios (entre os que tamén se inclúen as moas de afiado, muíños, etc.) si-

tuados no curso do río de Ferreiravella, constituíndose coma un dos centros ferreiros máis importante do Norte da Península.

No ano 1941, o cronista mindoniense Eduardo Lence-Santar, nun artigo do periódico "El Compostelano de Santiago", da conta da existencia da existencia dunha grande concentración de forxas e a importancia do oficio neste concello, cun total de 56, das cales 37 se ubicaban na parroquia de Ferreiravella, 17 na de Espasande de Baixo e dúas na de Riotorto. Tamén se cre que a orixe do oficio neste lugar ten relación directa ou influencia do País Vasco debido á pervivencia de termos técnicos procedentes do Euskera e de apelidos vascos presentes aínda a día de hoxe entre a poboación da localidade (Legaspi, Chavarria, Recalde ou Lombardero).

Coa implantación a gran escala da transformación industrial do ferro durante o século XX, fixo que este oficio artesán, como lle aconteceu

a outros tantos, comezase paulatinamente a perder profesionais e adeptos co consecuente peche de moitas forxas familiares. Unha dura realidade contra a que era difícil competir e que anunciaba un triste desenlace para o legado artesán, máis, gracias á tenacidade dos ferreiros da localidade que seguen a mostrar a calidade do feito á man, a herdanza cultural do traballo na forxa afortunadamente non esmoreceu por completo neste concello.

A unión en defensa deste patrimonio milenar levado a cabo pola Asociación para a Promoción social dos Ferreiros de Riotorto xunto co consistorio, desencadeou que se tomase o oficio como un valor de continuidade e futuro, pondo en marcha rutas culturais nas que se poden visitar mazos e ferreirías, procesos de recuperación do patrimonio etnográfico como rehabilitación do mazo de Ferreiravella (centro de interpretación aberto a veciños e turistas de forma gratuí-

ta para coñecer de primeira man o oficio e a forma de vida dos artesáns) ou a Feira da Artesanía do Ferro de Riotorto, evento anual de renome celebrada dende 2007 que reúne ós profesionais locais con outros tantos da comunidade nunha fermosa mostra do oficio acompañada por outras exposicións artesanas e demostracións in vivo, obradoiros didácticos, e venda de produtos do campo.

Con estas e outras actuacións permitiuse que o nome e a excelente calidade do traballo dos ferreiros de Riotorto se coñecese máis alá das fronteiras da nosa comunidade, unha labor que actualmente supera a realidade exclusiva de darlle funcionalidade e beleza a un anaco de ferro, pois todos eles forman parte daqueles superviventes que seguen mantendo vivo o noso rico patrimonio etnográfico e cultural co seu oficio artesanal, contribuíndo á súa vez na dinamización social e a divulgación da cultura galega.

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05